

Informe de Revisión pola Dirección



Fotografía gañadora do Primeiro Premio do Concurso de Fotografía ENFOCA.RME 2023

Curso 2022/2023

Grao en Enxeñaría da Enerxía

Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

Máster Universitario en Enxeñaría de Minas

Informe de revisión do sistema pola dirección Informe de resultados anuais das titulacións do centro

Curso 2022/2023

Data de aprobación en Comisión de Calidade: 22/10/2024

Data de aprobación na Xunta de Escola: 23/10/2024



Índice de contidos

Preliminares	1
I. Aspectos introductorios	1
I.1 Presentación.....	1
I.2 Informe inicial	1
I.2.1 Estado de situación xeral do sistema de garantía / xestión de calidade	1
I.2.2 Evolución do SGIC	1
I.2.3 Resultados de avaliacións internas e externas	4
I.2.4 Reflexión e valoración	4
Centro. Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	6
II. Resultados acadados	6
II.1 Rexistro de resultados dos Indicadores de Centro (cadro de mando).....	6
II.2 Datos relativos as QSP recibidas.....	9
II.3 Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema	11
II.4 Outros datos	12
II.4.1 Situación relativa á inserción laboral das persoas egresadas do centro	12
II.4.2 Noticias de prensa e noticias relacionadas coa actividade académica, de investigación, divulgación e/ou transferencia do centro	17
III. Análise de resultados das titulacións do centro. Seguimento das titulacións	19
III.1 Criterio 1. Organización e desenvolvemento	19
III.2 Criterio 2. Información e transparencia	21
III.3 Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade	23
III.4 Criterio 4. Recursos humanos.....	24
III.5 Criterio 5. Recursos materiais e servizos.....	26
III.6 Criterio 6. Resultados de aprendizaxe	26
III.7 Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento.....	26
IV. Estado de situación das accións de mellora propostas en informes anteriores	27
V. Listaxe de accións de mellora propostas	28
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	29
II. Resultados acadados	29
II.1 Rexistro de resultados dos Indicadores de Titulación (cadro de mando).....	29
II.1 Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais	33

II.4	Indicadores por materia.....	35
II.5	Datos relativos a QSP recibidas.....	37
II.6	Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema do Grao en Recursos Mineiros e Enerxéticos.....	37
III.	Análise de resultados. Seguimento da titulación	38
III.1	Criterio 1. Organización e desenvolvemento	38
III.2	Criterio 2. Información e transparencia	41
III.3	Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade	42
III.4	Criterio 4. Recursos humanos.....	43
III.5	Criterio 5. Recursos materiais e servizos.....	44
III.6	Criterio 6. Resultados de aprendizaxe	45
III.7	Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento.....	46
IV.	Modificacións non substanciais da titulación	47
V.	Estado de situación das accións de mellora propostas en informes anteriores	48
VI.	Listaxe de novas accións de mellora propostas.....	50
	Grao en Enxeñaría da Enerxía	51
II.	Resultados acadados. Rexistro de resultados dos Indicadores de Titulación (cadro de mando).....	51
II.1	Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais	56
II.2	Indicadores por materia.....	58
II.3	Datos relativos a QSP recibidas.....	61
II.4	Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema do Grao en Enxeñaría da Enerxía	61
III.	Análise de resultados. Seguimento da titulación	63
III.1	Criterio 1. Organización e desenvolvemento	63
III.2	Criterio 2. Información e transparencia	65
III.3	Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade	66
III.4	Criterio 4. Recursos humanos.....	67
III.5	Criterio 5. Recursos materiais e servizos.....	68
III.6	Criterio 6. Resultados de aprendizaxe	69
III.7	Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento.....	71
IV.	Modificacións non substanciais da titulación	73
V.	Estado de situación das accións de mellora propostas en informes anteriores	74
VI.	Listaxe de novas accións de mellora propostas.....	76
	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.....	77
II.	Resultados acadados.....	77
II.1	Rexistro de resultados dos Indicadores de Titulación (cadro de mando).....	77
II.2	Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais	83
II.3	Indicadores por materia.....	85

II.4	Datos relativos a QSP recibidas.....	86
II.5	Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	87
III.	Análise de resultados. Seguimento da titulación	88
III.1	Criterio 1. Organización e desenvolvemento	88
III.2	Criterio 2. Información e transparencia	91
III.3	Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade	92
III.4	Criterio 4. Recursos humanos.....	93
III.5	Criterio 5. Recursos materiais e servizos.....	94
III.6	Criterio 6. Resultados de aprendizaxe	96
III.7	Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento.....	98
IV.	Modificacións non substanciais da titulación	100
V.	Estado de situación das accións de mellora propostas nos informes anteriores	101
VI.	Listaxe de novas accións de mellora	103
	Conclusión e anexos	104
VII.	Conclusións e acordos	104
VIII.	ANEXOS.....	106
VIII.1	Anexo I: Táboa Acceso a estudos: Nota media ponderada	106
VIII.2	Anexo II: Táboa Estudantado: Modalidade ingreso	107
VIII.3	Anexo III: Táboa Cualificación Profesorado: Doutor Si/Non	108
VIII.4	Anexo IV: Táboa Profesorado: Sexenios sobre potenciais	109
VIII.5	Anexo V: Táboa Profesorado: Categoría laboral (desagregada)	110
VIII.6	Anexo VI. Resultados da avaliación docente das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no curso 2022/2023	111
VIII.7	Anexo VII. Listaxe de novas accións de mellora.....	122

Preliminares

I. Aspectos introductorios

I.1 Presentación

O obxecto deste informe é a realización da revisión pola dirección do sistema de garantía de calidade do centro e as súas titulacións de forma que, no marco da súa mellora continua, se garanta a súa conveniencia, adecuación e eficacia. O presente documento recolle a información máis relevante, en termos cualitativos e/ou cuantitativos, dos resultados no curso académico 2022/2023. Os títulos adscritos ao centro na data de elaboración do informe son os seguintes:

- Grao en Enxeñaría da Enerxía
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
- Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga (título interuniversitario no que participan a Universidade de A Coruña –coordinadora–, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo). Cabe sinalar que a titulación se implantou no curso 2023/2024, polo que non corresponde recoller neste informe a análise sobre o seu desenvolvemento.

As valoracións contidas neste informe anual conteñen información relevante a ter en conta para o informe de seguimento/acreditación dos títulos adscritos ao centro así como para o establecemento dos plans anuais de mellora do centro.

I.2 Informe inicial

I.2.1 Estado de situación xeral do sistema de garantía / xestión de calidade

A documentación do SGIC da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (dispoñible en <http://minasyenergia.uvigo.es/gl/calidade>) estrutúrase en:

- Manual de calidade (de centro e institucional).
- Política e obxectivos de calidade.
- Procedementos estratéxicos, clave e de soporte.
- Rexistros e evidencias das actividades en materia de calidade.
- Resultados de medición.
- Seguimento das titulacións e Plans de mellora.

I.2.2 Evolución do SGIC

De acordo cos Reais Decretos 1393/2007 e 861/2010, polos que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, esíxese para a verificación e acreditación dun título a incorporación dun sistema de garantía interno para a avaliación, seguimento e mellora da calidade da oferta formativa do mesmo.

Co obxectivo de cumprir con este requisito a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía estableceu o seu Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) en colaboración coa Área de Calidade da Universidade de Vigo co obxecto de favorecer a mellora continua das titulacións impartidas e garantir un nivel de calidade que facilite a acreditación e o mantemento das mesmas.

O centro participou nas dúas fases do Programa FIDES-AUDIT da ACSUG cuxo obxectivo é guiar aos centros no seu labor de integración de todas as actividades relacionadas coa garantía de calidade dos ensinos, que ata o momento viñan desenvolvendo, e favorecer o proceso de verificación e acreditación das titulacións:

- **Certificación do Deseño do Sistema de Garantía Interna de Calidade.** A Escola participou na primeira convocatoria 2007/2008 do Programa FIDES-AUDIT: FASE DE CERTIFICACION DO DESEÑO DOS SGIC da ACSUG para “deseñar” un Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) dentro do Programa FIDES/AUDIT. Para iso, e en colaboración coa Área de Calidade da Universidade e a Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola, elaborouse unha proposta documental do SGIC que incluíu o Manual de Calidade e unha serie de procedementos encadrados en estratéxicos, clave, de apoio e medición que foi presentada para a súa avaliación por parte da ACSUG. Dita proposta recibiu un “Informe Favorable” por parte da axencia con data de 27/07/2009.
- **Certificación da Implantación do SGIC:** A Escola participou na primeira convocatoria 2013/2014 do Programa FIDES-AUDIT: FASE DE IMPLANTACION DO SGIC da ACSUG para avaliar a implantación do Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do centro dentro do Programa FIDES-AUDIT. Tras a visita dun equipo auditor externo recibíuse a certificación por parte da axencia o 07/10/2014, facendo constar que o SGIC da Escola fora implantado de acordo ás directrices establecidas polo programa FIDES-AUDIT. A validez do mesmo será ata a mesma data do ano 2020, debendo ser revisado en 2017.

O 15 de novembro de 2017 presentouse á ACSUG a documentación para a realización do preceptivo seguimento da certificación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC), elaborada conxuntamente pola Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía e a Área de Calidade da UVigo. Con data 30 de xaneiro de 2018 recibíuse Informe de Seguimento do procedemento por parte da ACSUG. Con data 5 de marzo de 2018 recibíuse o informe favorable, coa indicación de que todas as accións incluídas no plan de melloras teñen que ser implantadas.
- **Re-Certificación da Implantación do SGIC:** o 21 de setembro de 2020 achegouse á ACSUG a solicitude de renovación da certificación da implantación do SGC xunto coa documentación necesaria, elaborada conxuntamente pola Comisión de Garantía Interna de Calidade do centro e a Área de Calidade da UVigo. O 23 de febreiro de 2021 celebrouse a visita virtual da comisión externa; con data 9 de xuño de 2021, recibíuse o informe favorable, facendo constar as principais motivacións que evidencian a correcta implantación do SGC do centro e varias suxestións de mellora, e a certificación por parte da axencia. A validez desta será ata a mesma data do ano 2026, debendo ser revisado en 2024.


A adecuación ás novas normativas e á realidade das titulacións no contexto actual, xunto ás esixencias e recomendacións dos programas de seguimento de títulos e de acreditación, fixeron que o propio sistema fose evolucionando tendendo á simplificación e a unha mellor adecuación derivada da implantación dos procedementos inicialmente deseñados.

O SGIC inicial, aprobado en 2008, estaba formado polo Manual de Calidade e un conxunto de 26 procedementos. En xullo de 2013 aprobouse no centro o primeiro bloque de novos procedementos que substitúen aos iniciais tanto da área de procesos docentes como da área de procesos de xestión. En febreiro de 2015 aprobouse un segundo bloque de novos procedementos da área de procesos de planificación estratéxica e en outubro do mesmo ano aprobouse o novo Manual de Calidade. En abril de 2016 aprobouse un terceiro bloque de novos procedementos clave correspondentes á xestión académica e dos programas formativos. En outubro de 2017 terminouse a revisión e actualización dos procedementos ligados aos procesos de xestión do persoal. Consecuencia desta revisión, se actualizou o procedemento de planificación e desenvolvemento do ensino e eliminouse o procedemento de política de PDI e PAS, por estar os seus contidos tratados nos anteriormente mencionados. Ao longo do ano 2019 abordouse a revisión e simplificación dos procesos ligados á xestión de servizos; o novo procedemento de xestión dos recursos materiais e dos servizos, que substitúe aos dous procedementos existentes, foi aprobado no mes de decembro. No ano 2020 acometeuse a revisión e actualización dos procedementos relativos á información pública e rendemento de contas e á medición da satisfacción; ámbolos dous aprobáronse no centro no mes de novembro.


A revisión do procedemento de orientación ao estudiantado, co obxectivo da incorporación dun módulo relativo á atención das necesidades específicas de apoio educativo do estudiantado, iniciouse no ano 2019 pero a súa actualización non se remata ata o ano 2021, aprobándose no centro o 25 de maio. No ano 2021 acometeuse a revisión do procedemento DE01 Programación e desenvolvemento estratéxico, que pasa a integrar a política e obxectivos de calidade, e o deseño dun novo Manual de Calidade estruturado en dúas partes: unha institucional e outra de centro. Este proceso se rematou a principios do ano 2022, sendo aprobados o 16 de marzo tanto o novo procedemento DE01 como o Manual de Calidade do centro; a aprobación do Manual de Calidade institucional adíuse ata o 29 de decembro de 2022. No ano 2023 acometeuse a revisión dos procedementos DE-02 Seguimento e medición, DO-0101 Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais, DO-0102 Seguimento e mellora das titulacións, PE-02 Xestión do PDI e XD-01 Control dos documentos e dos rexistros, que foron aprobados no centro o 4 de decembro de 2023.

Detállanse a continuación os procedementos que actualmente están en vigor: Mapa de procesos do SGC dos centros da Universidade de Vigo.

Universidade de Vigo MAPA DE PROCESOS DO SGC DOS CENTROS DA UNIVERSIDADE DE VIGO



Universidade de Vigo



1.2.3 Resultados de avaliacións internas e externas

Todas as titulacións que se imparten na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía intégranse no SGIC do centro e participan, polo tanto, nos programas de Verificación, Modificación, Acreditación e Seguimento como en diversos programas de avaliación institucional promovidos tanto pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) como pola Universidade de Vigo.

Os resultados das titulacións do centro son os seguintes:

GRAO EN ENXEÑARÍA DA ENERXÍA									
	VERIFICACIÓN	SEGUIENTO				MODIFICACIÓN	ACREDITACIÓN	SEGUIENTO	MODIFICACIÓN
AGENCIA	ANECA	ACSUG	UVIGO	ACSUG	UVIGO	ACSUG	ACSUG	UVIGO	ACSUG
EVALUACIÓN	FAVORABLE	NON CONFORME	CONFORME	CONFORME	CONFORME	FAVORABLE	FAVORABLE	CONFORME	FAVORABLE
FECHA	30/06/2010	2010/2011	2011/2012	2012/2013	2013/2014	11/06/2014	24/05/2016	11/09/2017	02/05/2020

GRAO EN ENXEÑARÍA DOS RECURSOS MINEIROS E ENERXÉTICOS									
	VERIFICACIÓN	SEGUIENTO				MODIFICACIÓN	ACREDITACIÓN	SEGUIENTO	MODIFICACIÓN
AGENCIA	ANECA	ACSUG	UVIGO	ACSUG	UVIGO	ACSUG	ACSUG	UVIGO	ACSUG
EVALUACIÓN	FAVORABLE	NON CONFORME	CONFORME	CONFORME	CONFORME	FAVORABLE	FAVORABLE	CONFORME	FAVORABLE
FECHA	30/06/2010	2010/2011	2011/2012	2012/2013	2013/2014	11/06/2014	24/05/2016	11/09/2017	02/05/2020

MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA DE MINAS				
	VERIFICACIÓN	SEGUIENTO	ACREDITACIÓN	MODIFICACIÓN
AGENCIA	ACSUG	ACSUG	ACSUG	ACSUG
AVALIACIÓN	FAVORABLE	CONFORME	FAVORABLE	FAVORABLE
DATA	11/06/2014	28/11/2017	03/09/2018	09/07/2024

MÁSTER UNIVERSITARIO EN XESTIÓN SOSTIBLE DA AUGA	
	VERIFICACIÓN
AXENCIA	ANECA
AVALIACIÓN	FAVORABLE
DATA	17/10/2023

Cabe sinalar que ao longo do curso 2021/2022 elaborouse e presentouse a solicitude de avaliación do Selo EURACE para o Máster Universitario en Enxeñaría de Minas. A solicitude foi presentada en maio de 2022, recibíuse informe provisional favorable o 24 de febreiro de 2023 e informe final favorable (B) o 3 de maio de 2023.

O Máster Universitario en Enxeñaría de Minas presentouse ao proceso de modificación e recibiu informe favorable da modificación por parte de ANECA o 5 de xuño de 2024 e informe favorable do “Consejo de Universidades” con data 9 de xullo de 2024. O curso de impartición da titulación modificada é o 2024/2025. A publicación do plan de estudos modificado aínda está pendente.

En relación ao Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga (UDC, USC, Uvigo) a titulación recibiu informe favorable de verificación por parte de ANECA no 30 de maio de 2023 e informe favorable do “Consejo de Universidades” con data 17 de outubro de 2023. O plan de estudos foi publicado no BOE nº 290 do 5 de decembro de 2023. O curso de inicio de impartición foi o 2023/2024.

1.2.4 Reflexión e valoración

Os resultados de seguimento e acreditación dos graos e titulacións de máster universitario impartidos no centro son conforme/favorable, polo que a valoración é positiva no relativo a estes procedementos.

A partir do curso 2016/2017 o procedemento de seguimento do desenvolvemento das titulacións realízase no marco do IRPD, que contempla a revisión e actualización do plan de melloras, polo que se considera que o proceso de revisión e seguimento das titulacións funciona correctamente.

Centro. Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

II. Resultados acadados

II.1 Rexistro de resultados dos Indicadores de Centro (cadro de mando)

Inclúense nesta sección os indicadores dos Programas de Calidade, os indicadores Institucionais da Universidade de Vigo e, se os houbera, os indicadores do Programa estratéxico do centro.

En relación á táboa de indicadores do centro cabe indicar as seguintes cuestións para a correcta interpretación dos datos:

- Os indicadores “16. % Participación do PAS do centro en plans de formación” e “128. Nº de QSP relativos á expedición de títulos” están vinculados ao centro para súa análise pero o centro non ten capacidade nin responsabilidade sobre actuacións que poidan repercutir no valor dos mesmos.
- Hai algúns indicadores nos que non procede establecer valor meta, senón rexistrar os datos correspondentes. Neste caso na táboa indícase “Non procede” na columna “Observacións”.
- Tamén cabe indicar que o indicador “127. Nº QSP recibidas” figura como indicador sen meta establecida. Considérase que debería ser un indicador no que non procede a meta, salvo que o indicador diferencie parabéns, de suxestións e queixas.
- Na táboa figuran en sombreado vermello os indicadores nos que non se acadou o valor obxectivo e en sombreado verde os indicadores nos que se acadou.

Indicadores		Procedementos asociados	Curso 2022/2023			Curso 2021/2022			Curso 2020/2021		
Código	Denominación Indicador	Denominación	Meta	Resultado	Observacións	Meta	Resultado	Observacións	Meta	Resultado	Observacións
Indicadores dos Programas de Calidade											
I6	% Participación do PAS do centro en plans de formación ¹	PE-01 Xestión do PAS	80,0%	54,55%	Meta non acadada	80,0%	25,36%	Meta non acadada	80,0%	47,92%	Meta non acadada
Indicadores institucionais da Universidade de Vigo											
I27	Nº QSP recibidas	MC-02: Xestión das queixas, suxestións e parabéns		1 ²	Indicador sen meta			Indicador sen meta		5	Indicador sen meta
I28	Nº de QSP relativos á expedición de títulos ³	AC-0401: Expedición de títulos oficiais		0	Indicador sen meta		0	Indicador sen meta		0	Indicador sen meta
I29	Nº Titulacións en proceso de deseño, verificación, modificación ou acreditación	DO-0101: Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	---	1	Non procede	---	0	Non procede	---	0	Non procede
I30	Nº Titulacións en proceso de Seguimento interno / externo	DO-0102: Seguimento e mellora das titulacións	---	0	Non procede	---	0	Non procede	---	0	Non procede
I31	Nº Accións de mellora asociadas ao centro	DO-0102: Seguimento e mellora das titulacións	---	0	Non procede	---	0	Non procede	---	1	Non procede
I32	Nº Titulacións con avaliación favorable de informes de avaliación	DO-0102: Seguimento e mellora das titulacións	---	0	Non procede	---	0	Non procede	---	0	Non procede
I33	Nº Titulacións extinguidas	DO-0103: Suspensión e extinción dunha titulación	---	0	Non procede	---	0	Non procede	---	0	Non procede
I34	Nº Accións de promoción realizadas ⁵	DO-0202 Promoción das titulacións		32	Indicador sen meta		32	Indicador sen meta		25	Indicador sen meta
I37	Grao de Satisfacción do estudantado co PAT	DO-0203: Orientación do estudantado e ANEAE	3,00 ⁶	3,66	Meta acadada		0,00	Indicador sen meta		0,00	Indicador sen meta
I40	Nº de procedementos actualizados no ano académico	XD-01: Control dos documentos e dos rexistros	---	0	Non procede	---	2	Non procede	---	3	Non procede

¹ A Escola non ten competencias relacionadas co indicador. Correspondería á Secretaría Académica.

² Cabe sinalar que se trata dun Parabén

³ A Escola non ten competencias relacionadas co indicador. Correspondería á Secretaría Académica.

⁴ Os indicadores nos que figura o símbolo “---” no campo “Meta” son indicadores nos que non procede declarar meta. Indícase tamén na columna “Observacións” co texto “Non procede”.

⁵ O indicador está interpretado polo centro como o número de tipos de accións realizadas (información detallada no Informe Anual de Promoción das titulacións do centro (registro R2 DO-0202). Non obstante cabe indicar que o indicador, de carácter obrigatorio, non pode ser definido de forma clara e induce a erro sobre o que se pretende avaliar: o número de accións ou o número de persoas impactadas polas accións, entre outras. Se o que se pretende é avaliar os resultados das accións de promoción das titulacións tal vez este indicador non é o mais axeitado.

⁶ Establécese para o curso 2023/2024 como a metade do valor máximo (rango de 1 a 5 puntos)



I41	% Rexistros en estado completado na aplicación SGIC	XD-01: Control dos documentos e dos rexistros	100%	100%	Meta acadada		100%	Indicador sen meta		100%	Indicador sen meta
I42	% Accións de Mellora finalizadas no curso	XD-01: Control dos documentos e dos rexistros		25%	Indicador sen meta		0%	Indicador sen meta		50%	Indicador sen meta

II.2 Datos relativos as QSP recibidas

Preséntanse a continuación os datos relativos a queixas, suxestións e parabéns recibidas a través do sistema QSP. Cabe sinalar que no curso 2022/2023 só se recibiu un parabén.

Resumo dos últimos 3 cursos	Curso 22/23	Curso 21/22	Curso 20/21
Indicadores			
Tempo medio resposta			5
% respondidas en prazo	100%		100%
Pendente de resposta	0		0
Tempo de resposta			
De 1 a 5 días			3
De 6 a 10 días	1		2
De 11 a 15 días			
Máis de 15 días			
Total computable	1	0	5
Tipo de usuario			
Estudante de grao ou 1º e 2º ciclo			3
Estudante de máster			1
Outro tipo de usuario externo			
Outro tipo de usuario interno			
Persoal de administración e servizos (PAS)			
Persoal docente e investigador (PDI)	1		1
Total computable	1	0	5
Clasificación interna			
Computable			5
Demanda			
Parabén	1		1
Queixa			4
Suxestión			
Non computable			
Non clasificable			
Total xeral	1	0	5
Motivo			
Docencia			
Instalacións			2
Persoas	1		2
Prestacións			1
Procesos			
Total computable	1	0	5
Etiquetas de fila			
Correo electrónico	1		5
Non desexo resposta			
Total computable	1	0	5
Unidade que responde			

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (docencia)	1	0	5
De 1 a 5 días			3
De 6 a 10 días	1		2
De 11 a 15 días			
Máis de 15 días			
E. de Enxeñaría de Minas e Enerxía (administración) ⁷			
De 1 a 5 días			
De 6 a 10 días			
Total computable	0	0	5
Unidades clasificadas			
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (docencia)	1	0	5
Demanda			
Parabén	1		1
Queixa			4
Suxestión			
E de enxeñaría de minas e enerxía (administración)			
Queixa			
Suxestión			
Total computable	1	0	5

⁷ Cabe sinalar que dende o curso 2020/21 as QSP relativas á administración non se inclúen na relación de QSP do centro.

II.3 Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema

Preséntase na seguinte táboa a relación de rexistros de calidade do SGIC do centro.

Rexistro	Procedemento	Estado do rexistro	Data límite de entrega	Observacións	Documentos Adxuntos
R1-DE01 P1 - Programa de desenvolvemento estratéxico do Centro	DE-01 P1 - Programación e desenvolvemento estratéxico	Completado	30/09/2023	A Comisión de Elaboración do Programa de Desenvolvemento Estratéxico do centro levou a cabo as primeiras reunións de planificación do traballo. Creouse un espazo en Moovi para facilitar a comunicación entre os membros da comisión e a xestión da documentación de traballo.	0
R1-DE02 P1 - Panel de indicadores	DE-02 P1 - Seguimento e Medición	Completado	31/05/2023	A revisión do panel de indicadores abordárase no proceso de elaboración do programa estratéxico do centro; polo tanto, segue vivente o aprobado na Xunta de Escola do 25/05/2021.	0
R1-DE03 P1 - Informe de revisión do sistema pola dirección	DE-03 P1 - Revisión do sistema pola dirección	Completado	15/03/2023	Aprobado na Comisión de Calidade do 01/06/2023 e na Xunta de Escola do 02/06/2023.	1
R1-MC05 P1 - Informe de Resultados de satisfacción propios do centro/titulación	MC-05 P1 - Medición da satisfacción dos grupos de interese	Completado	31/10/2023	Informe de resultados de satisfacción propios do centro (aprobado na Comisión de Calidade do 20/11/2023) relativo a unha enquisa propia, levada a cabo no curso 2022/2023 sobre o desenvolvemento da materia TFG/TFM, e dirixida ás persoas egresadas que remataron os seus estudos no curso anterior (2021/2022). O documento recolle tanto proceso de elaboración da enquisa como os resultados obtidos e a súa valoración.	1
Doc. Complementaria - Documentación complementaria	MC-05 P1 - Medición da satisfacción dos grupos de interese	Completado		Non hai documentación complementaria	0
R1-DO0201 P1 - PDA	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado	31/07/2023	PDA das titulacións de Grao e Máster da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, curso 2022/2023.	2
R2-DO0201 P1 - POD	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado	31/07/2023	POD das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no curso 2022/2023 (achégase un documento por cada titulación).	5
R4-DO0201 P1 - Procedemento para o seguimento e control da docencia	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado	31/07/2023	Fíxose unha revisión do procedemento para seguimento e control da docencia pero considerouse máis axeitado non modificalo ata a implementación dun sistema eficiente de control da docencia na UVIGO. En relación a este sistema fixéronse varias solicitudes á universidade pero aínda non houbo resposta. Achégase un documento co informe seguimento e control da docencia do curso 2022/2023, que recolle a única incidencia detectada.	1
R1- DO0202 P1 - Plan de Promoción do Centro	DO-0202 P1 - Promoción das titulacións	Completado	31/10/2023	1.- Plan de Promoción do Centro para o curso 2023/2024. Aprobado en Comisión de Calidade o 06/07/2023. 2.- Informe Anual de Promoción das titulacións do centro (curso 2022/2023). Aprobado en Comisión de Calidade o 20/11/2023.	2
R1- DO0203 P1 - Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo PAT-ANEAE	DO-0203 P1 - Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo	Completado	31/05/2023	Aprobado na Comisión de Calidade do 01/06/2023 e na Xunta de Escola do 02/06/2023.	1
R2- D00203 P1 - Informe final de avaliación do PAT	DO-0203 P1 - Orientación ao alumnado e	Completado	29/12/2023	Informe final de avaliación do <i>Plan de Acción Tutorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (PAT-</i>	1

	atención ás necesidades específicas de apoio educativo			ANEAE) correspondente ao curso 2022/2023 (aprobado na Comisión de Calidade do 20/11/2023 e na Xunta de Escola do 04/12/2023).	
R1- DO0301 P1 - Verificación/Chequeo de Información Pública	DO-0301 P1 - Información pública e rendemento de contas	Completado	31/03/2022	Achégase documento aprobado na Comisión de Calidade do 28/04/2023.	1
R2- PE01 P1 - Identificación das necesidades de formación do PAS do centro	PE-01 P1 - Xestión do PAS	Completado	31/12/2022	Achégase documento coas necesidades de formación do PAS do centro elaborado pola administradora de ámbito, aprobado na Comisión de Calidade do 03/02/2023.	1
R1- PE01 P1 - Identificación das necesidades (de contratación) de PAS do centro	PE-01 P1 - Xestión do PAS	Completado	31/12/2022	Achégase documento coas necesidades (de contratación) de PAS do centro elaborado pola administradora de ámbito, aprobado na Comisión de Calidade do 03/02/2023.	1
R2- PE02 P1 - Informe de responsables académicos	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	Completado	31/03/2023	Recole o informe final do Programa DOCENTIA, III convocatoria (14/15 – 18/19) con información desagregada por centros e por titulacións.	1
R3- PE02 P1 - Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	Completado	31/12/2022	A dirección do centro habilitou un procedemento para identificar necesidades de formación do PDI do centro pero non se detectou ningunha que non estean xa cubertas polo programa de formación permanente do profesorado. Achégase o documento que recolle este feito e que foi aprobado na Comisión de Calidade e na Xunta de Escola do 28/04/2023.	1
R4- PE02 P1 - Ficha Programa/actividade de formación	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	Completado	31/12/2022	NON PROCEDE xa que non se detectaron novas necesidades de formación do PDI.	0
R1-IA01 - Listaxe de necesidades de recursos e servizos	IA01 - Xestión de recursos materiais e servizos	Completado	31/01/2023	Registro aprobado na Comisión de Calidade do 23/02/2023; o orzamento para o ano 2023 foi aprobado na Xunta de Escola do mesmo día.	1
Acta da comisión de calidade - Acta da comisión de calidade	Actas - Actas da comisión de calidade	Completado		ACTAS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EME NO CURSO 2022/2023: 19/10/2022 22/11/2022 14/12/2022 03/02/2023 23/02/2023 28/04/2023 01/06/2023 06/07/2023	8
Doc - Documentación Complementaria	Doc Complementaria - Documentación Complementaria	Completado		DO0205 Xestión da Mobilidade: achéganse os rexistros R1 DO0205 P1 Listaxe de estudiantado propio seleccionado e R2 DO0205 P1 Listaxe de estudiantado de mobilidade alleo da EEME correspondentes ao curso 2022/2023. MC02 Xestión das QSP: achégase o rexistro R3_MC02_P1 Informe de QSP periódico correspondente ao curso 2022/2023. <i>Nota: este curso no sistema so se registrou un parabén.</i>	3

II.4 Outros datos

II.4.1 Situación relativa á inserción laboral das persoas egresadas do centro

En relación aos datos dispoñibles de inserción laboral, no IRPD do 2017/18 incluíuse a información recollida polas persoas coordinadoras das titulacións en relación as persoas egresadas do centro que remataron os seus estudos

no curso 2016/2017 e un informe máis amplo, elaborado polo centro, no que se indagou sobre a inserción laboral de todas as persoas egresadas no centro desde o seu comezo.

Entre setembro e novembro de 2019 realizouse a recollida de datos de inserción laboral correspondente ao desenvolvemento do proxecto "*Ingreso, rendemento académico e egreso das mulleres nos graos de enxeñaría da Universidade de Vigo*"⁸, proxecto financiado pola Deputación de Pontevedra a través da Cátedra Feminismos 4.0. O proxecto ten dous obxectivos:

1) Recompilar e analizar os datos desagregados por xénero relativos á matrícula, egreso e rendemento académico das titulacións de enxeñaría adscritas ós campus da provincia de Pontevedra na Universidade de Vigo. Dentro destas titulacións figuran os dous graos e a titulación do máster adscritos ao centro.

2) Realizar un estudo comparativo entre xéneros sobre a situación laboral actual das persoas egresadas destas titulacións, mediante a realización dunha enquisa elaborada expresamente para acadar información sobre as dificultades que as mulleres enxeñeiras se poden atopar na busca de emprego, no desenvolvemento da súa profesión e na promoción.

Da análise de datos recollidos nas enquisas realizadas, pódense presentar algúns resultados deste estudo. Esta análise realizouse a partires da información facilitada polas persoas tituladas da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía que responderon á enquisa realizada no marco do devandito proxecto. A enquisa achegouse en setembro de 2019 a todas as persoas tituladas nos dous graos adscritos actualmente ao centro (Grao en Enxeñaría da Enerxía, Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, implantados no curso académico 2010/2011), as persoas egresadas do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (implantado no 2014/15) e ás persoas tituladas nos estudos superiores de *Enxeñaría de Minas* (titulación LRU, implantados en 1992 e extintos en 2009).

Gran parte da información recompilada a partires da devandita enquisa resulta útil, a falta doutras fontes de información, para coñecer o grao de empregabilidade e condicións laborais das persoas egresadas. Hai que ter en conta, con todo, que esta información retrata soamente unha parte limitada do conxunto de persoas egresadas: as persoas tituladas que responderon a enquisa. Para contextualizar este aspecto, se indica na táboa adxunta o número de persoas matriculadas e egresadas en cada un dos tres títulos considerados⁹ e o número de persoas egresadas de cada título que responderon á enquisa.

Titulación	Persoas egresadas a 31 de decembro de 2019	Poboación da enquisa	Porcentaxe participación
Enxeñaría de Minas (1992-2010)	757	95	13%
Grao Enxeñaría da Enerxía (2010-2018)	221	47	21%
Grao Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (2010-2018)	79	18	23%
Máster universitario en enxeñaría de minas	61	20	33%

A continuación, preséntanse os datos máis relevantes de forma específica para os estudos de grao e máster do centro.

Grao en enxeñaría da enerxía

- En relación á inserción laboral o 81% das persoas que fixo a enquisa está en activo e o 70% está a traballar no ámbito dos estudos do grao.
- No relativo á dedicación, o 94% está a traballar a tempo completo.
- O 88% atopou o primeiro traballo nun período inferior a 6 meses despois do remate dos estudos.
- En relación ao tipo de empresa, o 58% está a traballar para unha empresa privada e o 42% para un organismo público (administración, universidade ..).
- En canto ao grao de satisfacción polo posto de traballo o 59% puntúa con 8 ou máis de 8 sobre 10 a satisfacción co seu posto.

⁸ Trátase dun proxecto financiado pola *Unidade de Igualdade* da Universidade de Vigo que se desenvolveu durante o ano 2019 e consistiu no estudo desagregado por xénero dos datos de ingreso, egreso e diferentes taxas académicas (avaliación, éxito, rendemento, graduación), duración de estudos, nota de ingreso e egreso, etc.) dos estudos de enxeñaría dos campus de Pontevedra e Vigo (32 en total, incluíndo graos, titulacións de máster e titulacións LRU). Unha segunda parte do estudo se baseouse nas respostas a unha enquisa enviada a todas as persoas egresadas dos títulos considerados das que se dispoñía de contacto, na que se recompilaba información sobre o grao de empregabilidade, modalidade de contrato, remuneración económica, área de emprego, cargo, ambiente laboral, grao des satisfacción e posibles situacións de discriminación de xénero.

⁹ Os datos de matrícula e egreso remóntanse ao primeiro ano do que existen datos para ambos índices nas dúas fontes de información utilizadas: UNIDATA e Portal de Transparencia da UVIGO - UVIGO EN CIFRAS.

- En relación ao tipo de posto de traballo destacan os postos en I+D e Consultarías, ambos cunha porcentaxe de 19% e despois postos de produción cun 15%

Grao en enxeñaría dos recursos mineiros e enerxéticos

- En relación á inserción laboral o 67% das persoas que fixo a enquisa está en activo e o 50% está a traballar no ámbito dos estudos do grao.
- No relativo á dedicación, o 100% está a traballar a tempo completo.
- O 67% atopou o primeiro traballo nun período inferior a 6 meses despois do remate dos estudos.
- En relación ao tipo de empresa, o 67% está a traballar para unha empresa privada e o 33% para un organismo público (administración, universidade ..).
- En canto ao grao de satisfacción polo posto de traballo o 55% puntúa con 9 ou máis de 9 sobre 10 a satisfacción co seu posto.
- En relación ao tipo de posto de traballo destacan os postos en I+D (33%) e docencia (17%).

Máster universitario en enxeñaría de minas

- En relación á inserción laboral o 67% das persoas que fixo a enquisa está en activo e o 50% está a traballar no ámbito dos estudos do grao.
- No relativo á dedicación, o 93% está a traballar a tempo completo
- O 77% atopou o primeiro traballo nun período inferior a 6 meses despois do remate dos estudos
- En relación ao tipo de empresa, o 67% está a traballar para unha empresa privada e o 23% para un organismo público (administración, universidade ..). Un 7% traballa por conta propia.
- En canto ao grao de satisfacción polo posto de traballo o 60% puntúa con 8 ou máis de 8 sobre 10 a satisfacción co seu posto.
- En relación ao tipo de posto de traballo é moi heteroxéneo. A maior porcentaxe corresponde á postos de dirección (18%), Calidade, Medio ambiente e Seguridade (13%), I+d (12%) e enxeñaría e proxectos (12%)

Ademais consultáronse os informes máis actualizados realizados por ACSUG sobre inserción laboral:

“*Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no Sistema Universitario de Galicia 2013/2014*” (enquisa das persoas egresadas no 2013/2014 e enquisa realizada en decembro de 2017). Non figuran datos sobre a inserción laboral das persoas egresadas na titulación del Máster Universitario e Enxeñaría de Minas, dado que a titulación contempla dous cursos académicos e a primeira promoción rematou en xuño do 2016.

“*Estudio de la inserción laboral de los titulados en el Sistema Universitario de Galicia 2013-2014*”. Recolle os datos de inserción laboral das persoas egresadas no 2013/2014, realizándose a enquisa en decembro de 2018. Na enquisa participaron un 60% homes e 40% de mulleres. Como datos máis relevantes:

- Para o Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - O 86,67% das persoas egresadas está a traballar actualmente (o 83,33% das mulleres está a traballar actualmente e o 88,89% dos homes)
 - O 91,67% das persoas egresadas atopou traballo relacionado coa súa titulación
 - A media do tempo (en meses) que tardou en atopar o primeiro emprego relacionado coa titulación desde que rematou os estudos foi 9 meses para as mulleres e 6,75 meses para os homes
 - O 26,67% das persoas egresadas cursa estudos universitarios actualmente (33,33% das mulleres e o 22,22% dos homes)
 - O 100% das persoas egresadas están contratadas por conta allea
 - O salario medio mensual é de 1150 € para as mulleres e 1062,5 € para os homes
- Para o Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos” a mostra non se considera representativa, polo que non se presentan os datos

Cabe recoller finalmente, os resultados do “*Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2014/2015*”, que recolle a situación laboral de titulados/as que estiveron matriculados no curso 2014/2015

e fixeron o depósito de título ao longo do ano 2015. A enquisa foi realizada de xaneiro a marzo de 2021. Os resultados de este informe son:

— Grao en Enxeñaría da Enerxía

- O 100% traballa actualmente (homes e mulleres)
- Tempo (en meses) que tardou en atopar emprego relacionado coa titulación desde que rematou os estudos: 7.5 (homes), 10.67 (mulleres)
- Salario neto mensual: 1550 € (mulleres) e 1500€ (homes)
- Desenvolve funcións de nivel universitario: 75% si
- Volvería a cursar a titulación na súa universidade: 100% si
- En relación ao tipo de contrato cabe indicar que os resultados son os seguintes:

	Indefinido	Eventual	En prácticas	Bolsa	Outros	Non ten contrato
Homes	68%	21%	0%	0%	11%	0%
Mulleres	40%	40%	20%	0%	0%	0%

— Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

- O 86% traballa actualmente (75% de mulleres traballan actualmente). Os datos dos homes non se recollen por segredo estatístico.
- Tempo (en meses) que tardou en atopar emprego relacionado coa titulación desde que rematou os estudos: 5.5 meses (de media)
- Salario neto mensual: 1583 € (mulleres)
- Desenvolve funcións de nivel universitario: 100% si
- Volvería a cursar a titulación na súa universidade: 80% si
- En relación ao tipo de contrato cabe indicar que os resultados son os seguintes (non se recollen os dos homes por segredo estatístico):

	Indefinido	Eventual	En prácticas	Bolsa	Outros	Non ten contrato
Media (H+M)	50%	33%	0%	0%	17%	0%
Mulleres	33%	33%	0%	0%	33%	0%

Tamén se recollen os resultados do “*Estudio sobre Empleabilidad y RRHH en el sector energético: Perfiles más demandados y situación actual y futura de las empresas del sector*”, informe realizado por “*Adecco Energéticas*”, en colaboración coa “*Asociación Española de Mujeres de la Energía*” (AEMENER) no ano 2020. En base á realización de enquisas a empresas do sector, o perfil máis demandado nas empresas de enerxía é o de enxeñeiros/ as (65%). E o 56% das empresas consultadas nesta enquisa cren que dentro de 5 anos necesitarán maior volume de contratacións o que presenta un escenario moi positivo de cara a empregabilidade das persoas egresadas do Grao en Enxeñaría da Enerxía.

En relación á situación sobre o papel e participación das mulleres no sector enerxético, no ano 2019 a porcentaxe de mulleres que traballaron nas industrias enerxéticas tradicionais foi un 22% respecto ao 78% de homes. De forma específica o sector das enerxías renovables emprega aproximadamente un 32% de mulleres, en comparación co 68% de homes. Aínda que o sector, en base a estes datos, débese identificar como masculinizado, o certo é que a participación das mulleres no mesmo foi incrementándose nos últimos anos. No ámbito académico a porcentaxe de mulleres matriculadas no Grao en Enxeñaría de Enerxía na Universidade de Vigo no curso 2021/2022 é 35%. É importante resaltar este dato, tomando como referencia que, de media, a porcentaxe de matrícula de mulleres no ámbito da enxeñaría en España é o 25%.

En base aos resultados do informe realizado por AEMENER anteriormente mencionado, nos procesos de selección, o 54% das empresas enerxéticas que participaron na enquisa sinala que nos procesos selectivos non se ten en conta o xénero do candidato senón as súas capacidades e competencias. Ademais, o 41% das empresas afirma que a participación das mulleres está a incrementarse e que tratan de favorecer a incorporación feminina en todas as posicións.

En relación á inserción laboral das persoas egresadas dos graos do consultáronse os datos dispoñibles no “*Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades*”¹⁰. Os datos da taxa de afiliación son os seguintes (a taxa de afiliación recolle a porcentaxe de titulados/as universitarios/as que están de alta laboral na Seguridade Social). Os datos correspondentes a persoas egresadas no 2017/2018 despois de 1, 2, 3 e 4 anos tras rematar os estudos. Estes datos corresponden a valores de titulacións ao nivel do SUE.

Titulación	Taxa afiliación 1 ano	Taxa afiliación 2 anos	Taxa afiliación 3 anos	Taxa afiliación 4 anos
Enxeñaría da Enerxía	53,83	73,50	80,75	87,78
Enxeñaría de Minas e Enerxía	60,63	67,19	78,74	83,73

Consultáronse os datos dispoñibles en U-RANKING¹¹ (<https://www.u-ranking.es/insercion-SUE>) en relación á inserción laboral, e a titulación do Grao en Enxeñaría da Enerxía figura na posición 8 de 101 titulacións a nivel do SUE. Os datos son os seguintes:

Titulación	Taxa de emprego	Ingreso mensual >= 1500 €	Axuste de emprego ao nivel de estudos	Axuste de emprego á area de estudo
Graduado ou Graduada en Enxeñaría da Enerxía	93,2 %	82,8 %	95,5 %	80,5 %

En cuanto a los datos dispoñibles na “*Encuesta de Inserción Laboral de los Titulados Universitarios (INE)*” a graduados en 2013/2014¹² cabe indicar os seguintes:

Titulación	Taxa de actividade	Taxa de emprego	Taxa de paro
Enxeñaría da Enerxía	98,4	93,2	5,3
Enxeñaría de Minas e Enerxía	94,7	87,0	8,2

Polo tanto, en base aos datos dispoñibles, tanto os do Ministerio, INE, informes de ACSUG, propios e de outras entidades, conclúese que é necesario manter a acción de mellora relativa á recollida de máis información da situación laboral das persoas egresadas, co fin de dispor de información detallada da inserción laboral e da súa evolución..

Non obstante, cabe destacar os mellores resultados de situación laboral das titulacións do centro e as mellores identificadas para os graos do centros trala valoración dos informes de inserción laboral de ACSUG de diferentes cursos.

¹⁰ <https://www.universidades.gob.es/catalogo-de-datos/>. Consultar UNIVbase. Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU). Secretaría General de Universidades.

¹¹ Información que proporciona a “*Encuesta de Inserción Laboral de los Titulados Universitarios (INE)*” a graduados en 2013/2014.

¹² https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736176991&menu=ultiDatos&idp=1254735976597

II.4.2 Noticias de prensa e noticias relacionadas coa actividade académica, de investigación, divulgación e/ou transferencia do centro

A continuación inclúense as noticias de prensa relacionadas coa actividade do persoal docente e investigador, estudiantado e persoas egresadas do centro.

Data	Medio	Título (castelán ou galego)
06/09/2022	DUVI	O peche estival das instalacións universitarias evitou a emisión á atmosfera de 53 toneladas de CO2
07/09/2022	DUVI	Centos de estudantes participan en Vigo nas Xornadas de Benvida para o alumnado de novo ingreso
28/09/2022	DUVI	A UVigo aplica desde hoxe un plan de medidas urxentes para reducir entre un 25 e un 30% o consumo enerxético actual
30/09/2022	DUVI	A G-Night leva a ciencia a pé de rúa para toda a cidadanía
11/10/2022	DUVI	A investigadora do Cintec Mercedes Solla obtén unha prestixiosa Beca Leonardo da Fundación BBVA
25/10/2022	DUVI	Últimos días para presentar traballos aos concurso de relatos, fotografía e vídeo da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
04/11/2022	DUVI	Enxeñaría de Minas e da Enerxía amosa nunhas xornadas a situación actual da muller na profesión
07/11/2022	DUVI	A EEME lanza un novo número da súa revista "Minerxía"
07/11/2022	Atlántico diario	Minas acoge jornadas sobre la situación de la mujer en el sector
22/11/2022	Atlántico diario	ADE y Minas, los grados mejor valorados por los alumnos
23/11/2022	DUVI	O programa Iacobus destina 150.000 euros para a mobilidade de PDI e PAS entre as institucións da euronrexión
24/11/2022	DUVI	40 institutos de toda Galicia únense ao proxecto da Caixa Sostible da Escola de Enxeñaría de minas e Enerxía
29/11/2022	The conversation	Estufas de biomasa: los nuevos ingredientes para el pélet mas eficientes y baratos
30/11/2022	DUVI	A Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía inaugura o primeiro espazo destinado á divulgación tecnocientífica da UVigo
23/01/2023	DUVI	Premio para as alumnas e alumnos máis excelentes na celebración de San Tomé
31/01/2023	DUVI	A Uvigo acolle este cuadrimestre 278 estudantes estranxeiros nas súas aulas
01/02/2023	DUVI	Vigo acolle o primeiro encontro da Rede Transfronteiriza de Biomasa
06/02/2023	DUVI	Recoñecemento de Cluergal e da revista Dínamo Técnica á directora da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
08/02/2023	DUVI	Medio cento de estudantes de ensino medio participan no campus na fase galega da XIII Olimpíada de Xeoloxía
10/02/2023	DUVI	Eu de maior quero ser científica
14/02/2023	DUVI	A EE de Minas e Enerxía recibe un comité internacional para completar a avaliación do seu mestrado
15/02/2023	DUVI	Fósiles de Teruel constatan "a guerra" librada entre insectos e plantas hai 100 millóns de anos
15/02/2023	La Voz de Galicia	Necesitamos ingenieros e ingenieras en energía y recursos minerales
17/02/2023	DUVI	Novas bolsas de mobilidade para fomentar a participación do alumnado en proxectos de cooperación internacional
28/02/2023	DUVI	34 empresas buscan no Foro Tecnolóxico de Emprego o talento do alumnado das escolas de enxeñaría
02/03/2023	DUVI	Minas e Enerxía leva ao Marco as proxeccións do cinefórum '(In)Visibilidade das Mulleres STEAM'
02/03/2023	DUVI	Belén Riveiro recolle en Alacante un dos Premios Nacionais de Investigación 2022
05/03/2023	Diario de Pontevedra	Xa non abonda cos plans de igualdade
06/03/2023	Faro de Vigo	Mujeres dispuestas romper el techo de cristal
09/03/2023	Faro de Vigo	Ingenieras y Jefas...la ecuación casi imposible
09/03/2023	Faro de Vigo	La Uvigo demanda una sociedad igualitaria
09/03/2023	Faro de Vigo	Un tercio de titulaciones universitarias consiguen una inserción superior al 90%
10/03/2023	Faro de Vigo	Ingenierías, carreras sanitarias, Filología Clásica y Humanidades, líderes en salario
17/03/2023	DUVI	A Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía consolida a súa colaboración con universidades latinoamericanas a través da mobilidade internacional
23/03/2023	Atlántico	Elena Alonso: "Formamos profesionales capaces de plantear soluciones compatibles con el medioambiente"

14/04/2023	Faro de Vigo	La Uvigo traza el modelo de la felicidad
21/04/2023	DUVI	Mamá, quero ser científica!
26/04/2023	Diario Atlántico	Seis titulaciones de la Universidad de Vigo alcanza el 100% de empleo
07/05/2023	Europapress	Los alumnos matriculados en Ciencia, Tecnología, Ingeniería y Matemáticas aumentan un 3,6% en Galicia
10/05/2023	DUVI	O proxecto A Caixa Sostible conclúe a súa primeira edición tras cinco meses de traballo con 830 mozos e mozas de 40 institutos
19/05/2023	DUVI	Os másters de Enxeñaría de Minas e de Enxeñaría Informática, primeiros da UVigo en obter o selo internacional de calidade de Aneca
02/06/2023	Faro de Vigo	Vigo, octava universidad del mundo por su formación para la vida e inclusiva
05/06/2023	Faro de Vigo	Un expediente que vale un premio nacional
08/06/2023	Galicia Press	La UVigo amplía su oferta con los grados de Diseño e Ingeniería de la Automoción, y varios máster
09/06/2023	Faro de Vigo	¡Necesitamos más ingenieros en Energía y Recursos Minerales!
10/06/2023	La Voz de Galicia	Especial ABAU
16/06/2023	Faro de Vigo	Especial ABAU
04/07/2023	Faro de Vigo	La UVigo lidera un consorcio europeo sobre limpieza del patrimonio pictórico con láser
12/07/2023	Faro de Vigo	Los titulados en Magisterio y tres ingenierías tardan seis meses en lograr su primer trabajo
25/08/2023	Diario de Pontevedra	Se necesitan ingenieros en energía y recursos minerales y este es el porqué
Segundo Semestre 2022	Industria y Minería, nº 416	Actividades da Escola recollidas na revista do "Consejo Superior de Colegios de Ingenieros/as de Minas"
Primeiro Semestre 2023	Industria y Minería, nº 417	Actividades da Escola recollidas na revista do "Consejo Superior de Colegios de Ingenieros/as de Minas"

III. Análise de resultados das titulacións do centro. Seguimento das titulacións

III.1 Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do estudantado

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

✓ Panel de indicadores do SGIC. Centro

Os resultados de seguimento dos graos e titulacións de máster impartidos no centro son todos conforme/favorable.

Os graos en Enxeñaría da Enerxía e en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos recibiron informe favorable de renovación da acreditación con data 24 de maio de 2016. No curso 2017/2018 o Máster Universitario en Enxeñaría de Minas someteuse ao proceso de renovación da acreditación e obtivo informe favorable con data 3 de setembro de 2018.

Aínda que se recibiron informes favorables en todas as titulacións do centro, nos devanditos informes sinalábase a conveniencia de levar a cabo algunhas accións que podería modificar as titulacións. Por este motivo no IRPD do 2017/18 declarouse como acción de mellora revisar con detalle o contido dos informes, xunto coas evidencias do SGIC rexistradas desde a renovación da acreditación para os graos e valorar se procedía habilitar o procedemento de modificación das titulacións. Unha vez revisada a información completa, identificáronse os obxectivos do proceso de modificación para as titulacións do centro:

- Integrar os resultados da análise de datos dispoñibles (informes SGIC, información empresas, persoas egresadas, estudantado, PDI)
- Facer unha proposta da formación integral Grao-Máster e axustar e reorganizar contidos nos plans de estudos
- Revisar o acceso das persoas egresadas do Grao en EE ao Máster en Enxeñaría Industrial
- Obter o Selo EURACE para as tres titulacións (as dúas de grao e a titulación do máster) no futuro

Como resultado desta análise planificouse o proceso de modificación das titulacións do centro, grao e máster, proceso que se levou a cabo ao longo do curso 2018/2019 para as titulacións de grao. No caso da titulación do máster, para garantir un cronograma de implantación coherente coa modificación das titulacións de grao, levouse a cabo o proceso de modificación no curso 2023/2024 para súa implantación no curso 2024/2025, dado que os graos modificados implantáronse (primeiro curso) no curso 2020/2021.

No relativo á solicitude do Selo EURACE para as titulacións do centro coordinouse coa Área de Calidade da Universidade o procedemento de solicitude. Cabe sinalar que desde ANECA trasladouse a conveniencia de esperar a implantación completa dos títulos de grao modificados para proceder á súa avaliación. No relativo á titulación de Máster solicitouse a avaliación do Selo EURACE en maio de 2022 e recibíuse informe favorable en maio de 2023.

Por outra banda, e en coherencia co compromiso do centro na construción de valores igualitarios, un dos obxectivos a nivel de centro, e polo tanto aplicable a todas as titulacións, é aumentar o número de mulleres na matrícula de novo ingreso. No curso 2022/2023 a porcentaxe de mulleres de novo ingreso nas titulacións de grao do centro foi a seguinte:

- Grao Enxeñaría Recursos Mineiros e Enerxéticos: 30% (anterior 30%)
- Grao Enxeñaría Enerxía: 15% (anterior 26%)

Cabe indicar que, de cara ao IRPD do curso 2023/2024 valorárase a posibilidade de realizar a análise e reflexión desagregada por xénero sempre que a información dispoñible o permita.

O principal problema que se identifica no desenvolvemento das titulacións do centro é a captación de alumnado, polo que o centro traballa intensamente organizando actividades de promoción das titulacións e captación. En relación ao indicador 134, este recolle o número dos tipos de accións e promocións realizadas no curso académico. A relación de accións de mellora e a súa descrición detallada (data de realización, colectivo de interese, número de persoas participantes e responsable/s da acción) recóllese no rexistro do SGIC "R2 DO-0202. Informe do Plan de Promocións das titulacións do centro". No curso 2022/2023 realizáronse un total de 32 tipos de accións de promocións das titulacións, atendendo a un total de 2600 alumnos/as de ESO, Bacharelato e ciclos superiores de FP. Estas accións corresponden fundamentalmente a accións de promoción das titulacións de grao. No caso da titulación de máster considérase que é pertinente incrementar as accións de promoción da titulación para estudantado de sistemas universitarios de fóra do SUE, aspecto que se valora e recolle no marco da avaliación da titulación.

<p>Puntos febles detectados:</p> <p>Non se identifican novos puntos febles, máis aló dos detectados nos IRPD previos e que teñen vinculadas as correspondentes accións de mellora, que se considera necesario manter.</p>	<p>Accións de mellora a implantar:</p>
<p>Evidencias nas que basea a valoración:</p> <p>E1: Memoria vixente do título E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora E3: Informe/documento onde se recolla a análise do perfil real de ingreso/egreso E4: Guías docentes das materias (resultados de aprendizaxe, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe, ...) E5: Actas das reunións celebradas, polo menos dos 2 últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado cos acordos adoptados en cada reunión) E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional etc.)/ etc.) E7: Informes sobre o recoñecemento de créditos para valorar a súa adecuación E8: Resultados de medición da satisfacción de empregadores e titulados/as respecto ao perfil de egreso E13: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% de participación, resultados e a súa evolución...) E20: Listaxe de centros/entidades para a realización das prácticas externas curriculares ou extracurriculares QSP: Relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza</p>	
<p>Indicadores nos que se basea a valoración:</p> <p>I1: Número de estudantes de novo ingreso por curso académico I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia I3: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados...) I13: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) ou PDA.</p>	

III.2 Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de interese).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

O informe de queixas, suxestións e parabéns recolle as QSP relacionadas co centro. Ao longo do curso 2023/2024 recibíuse unha QSP, (un parabén), no 2021/2022 non se presentou ningunha QSP, continuando a tendencia á baixa no número de QSP recibidas (24 no 2019/2020, 5 no 2020/21 e 0 no 2021/2022) o que se valora positivamente.

Considérase oportuno sinalar que na actualidade, o SGIC do centro non recolle nin ten coñecemento das QSP que se reciben relativas aos servizos académicos, administrativos e/ou de infraestruturas do centro (infraestruturas compartidas con outros centros). Considerase que conviría dispor desa información, aínda que non se teña capacidade directa de actuación..

		2022/2023		2021/2022		2020/2021	
Clasificación	Suxestión						
	Demanda						
	Parabén	1	100%			1	20%
	Queixa					4	80%
	Total computables	1	100%	0		5	100%
Tipo de reclamación	Docencia						
	Instalacións					2	40%
	Persoas	1	100%			2	40%
	Prestacións					1	20%
	Procesos						
	Total	1	100%	0		5	100%

En relación á web mantense a boa valoración que fan os colectivos de interese en relación á información e transparencia:

- Alumnado Grao Enxeñaría da Enerxía: 3.53
- Alumnado Grao Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos: 3.67)
- Alumnado Máster Universitario en Enxeñaría de Minas: 3.67

No relativo á visibilidade das actividades do centro, cabe sinalar que o número de noticias en prensa escrita e radio nos últimos cursos, tras baixar de 58 no curso 2018/19 a 35 no 2019/2020, recuperou os números habituais chegando a 50 no curso 2020/21, 46 no curso 2021/2022 e 53 no 2022/2023; considérase, por tanto, que xa se superou o efecto do estado da alarma sanitaria.

Cabe sinalar que, ao longo do curso 2022/2023 habilitouse unha nova ferramenta de información e comunicación co estudantado, co obxectivo de sistematizar e unificar as canles de información, dado que o estudantado recibía información desde a dirección, Negociado de Asuntos Xerais, Delegación de Alumnado, persoas coordinadoras de titulación, de curso, profesorado, subdireccións. Por este motivo configuráronse dous tipos de espazos na plataforma de xestión de docencia:

- Espazo INFO: son espazos de comunicación e información ao estudantado. Están habilitados espazos INFO por cursos, de forma que o estudantado recibe a información do curso no que está matriculado. Desde estes espazos se envían toda a información e comunicacións.
- Espazos COOR: son espazos de comunicación e información do profesorado. Están habilitados espazos COOR por curso.

En relación á actividade en Redes Sociais durante o 2022/2023 incrementouse lixeiramente a actividade e mantense a tendencia de cursos previos, o que conleva unha maior interacción cos seguidores. As redes sociais empregadas son *Instagram*, *Facebook*, *Twitter* e *LinkedIn*. Ademais tamén se emprega a canle Youtube da Escola. A información dos resultados figura no “Informe Anual de Promoción das titulacións do centro Curso 2022/2023” e sinálanse na seguinte táboa a información relativa ao número de persoas que seguen as Redes Sociais da Escola.

Redes Sociais	Resultado curso 22/23	Resultado curso 21/22	Resultado curso 20/21	Resultado curso 19/20	Resultado curso 18/19
<i>Instagram</i>	1343	1232	1100	837	523
<i>Facebook</i>	877	877	829	765	615
<i>LinkedIn</i>	115	1115	1071	501	400
<i>Twitter</i>	472	458	723	380	350

Youtube	66	64	58	Sen datos	Sen datos
<p>Como conclusión xeral, o resultado das redes sociais foi adecuado xa que conseguiu incrementarse a interacción co público obxectivo tal e como o confirman os incrementos de persoas seguidoras en todas as redes sociais, a excepción de <i>Twitter</i>, que se revisará se se trata dunha baixada circunstancial o se mantén no tempo.</p> <p>A avaliación e análise de resultados do resto do epígrafe deste criterio inclúense desagregados por titulacións.</p>					
<p>Puntos febles detectados:</p> <p>Aínda que a páxina web recibe boa valoración por parte de estudantado e profesorado, o equipo directivo, que xestiona a actualización de contidos da web, identificou a conveniencia de reestruturar a web para incluír epígrafes novos (empregabilidade, STEMBach, viaxe estudos, entre outros e facela aínda máis dinámica e aínda máis sinxela.</p>			<p>Accións de mellora a implantar:</p> <p>Revisar a estrutura de contidos da web e valorar a posibilidade de habilitar web en inglés</p>		
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración:</p> <p>E9: Páxina web da Universidade/Centro/Título (como mínimo, a información referida no Anexo II) QSP: Relacionadas coa transparencia e/ou información pública</p>					
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración:</p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.</p>					

III.3 Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

A escola participou na primeira convocatoria 2013/2014 do Programa FIDES-AUDIT para avaliar a implantación do Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do centro, recibindo a certificación por parte da axencia o 07/10/2014 (evidencia E14)

O 15 de novembro de 2017 presentouse a ACSUG a documentación para a realización do preceptivo seguimento da certificación do Sistema de Garantía de Calidade, elaborada conxuntamente pola Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía e a Área de Calidade da UVigo. O 5 de marzo de 2018 recibíuse o Informe favorable, coa indicación de que todas as accións incluídas no plan de melloras teñen que ser implantadas.

O 17 xullo de 2018 foi aprobado na Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) o Procedemento de Acreditación Institucional de Centros de ACSUG. Este novo procedemento implica que os Centros que cumpran os requisitos establecidos na Resolución de 7 de marzo de 2018, poderán solicitar a acreditación institucional do centro, o que suporá unha simplificación do procedemento de renovación dos títulos, xa que os centros que estean en disposición de obter esta acreditación institucional, renovarán a acreditación de todos os seus graos e titulacións de máster oficiais de xeito automático, sen necesidade de someterse ao procedemento convencional establecido no Real Decreto 1393/2007. O centro cumpre os requisitos para solicitar a acreditación institucional, polo que procederase a solicitar a acreditación institucional no momento no que se habilite formalmente o procedemento de solicitude. O 26 de setembro de 2018 abriuse o prazo para solicitar a Acreditación Institucional á ACSUG e a resolución coa aprobación da Acreditación Institucional da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía foi publicada o 28 de xaneiro de 2019.

O 21 de setembro de 2020 achegouse á ACSUG a solicitude de renovación da certificación da implantación do SGC xunto coa documentación necesaria, elaborada conxuntamente pola Comisión de Garantía Interna de Calidade do centro e a Área de Calidade da UVigo. Con data 9 de xuño de 2021 obtívose a renovación do certificado, con validez ata 2026, facéndose constar no correspondente informe as principais motivacións que evidencian a correcta implantación do SGC do centro. Unha das recomendacións de mellora propostas no devandito informe é o establecemento dun Plan Estratégico de Centro, aliñado co Plan Estratégico da UVIGO que foi aprobado en decembro de 2020; este plan estase a deseñar no curso 2022/2023.

A avaliación e análise de resultados do resto do epígrafe deste criterio inclúense desagregados por titulacións e, de forma específica, inclúese para cada titulación a valoración dos resultados das enquisas de satisfacción para todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade.

Considérase oportuno indicar que, aínda que a implantación do SGIC da Escola constitúe unha ferramenta indispensable e irrenunciable para a mellora da docencia nas titulacións e que o centro está intensamente comprometido coa xestión da calidade, a longo dos últimos anos o centro ten identificado algunhas cuestións, relacionadas ben coa definición e/ou recollida de determinados indicadores, ben coa estrutura de determinados procedementos que dificultan unha análise máis precisa do desenvolvemento das titulacións e limita a potencialidade do SGIC como ferramenta. Por este motivo, considérase oportuno declarar unha acción de mellora, que ten como obxectivo trasladar aos responsables a nivel de Universidade de Vigo as deficiencias detectadas, para súa valoración.

Puntos febles detectados:

A definición e/ou recollida de determinados indicadores non permite facer unha axeitada valoración e/ou análise.

Accións de mellora a implantar:

Revisar os indicadores do cadro de mando e trasladar aos responsables de Calidade da Universidade de Vigo as incidencias detectadas, para súa valoración.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

- E5: Actas das reunións celebradas, polo menos dos 2 últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado cos acordos adoptados en cada reunión)
- E10: Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)
- E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e Información Pública)
- E12: Plans de mellora
- E13: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% de participación, resultados e a súa evolución...)
- E14: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados dos indicadores do SGC

III.4 Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

En relación aos resultados do programa DOCENTIA quinquenal, cabe sinalar que se fai unha valoración cos datos que recolleu o centro, dado que o programa foi modificándose desde a primeira edición experimental ata a última edición (IV Programa Docentia) e os informes de resultados variaron no seu formato e contidos. Os datos recollidos polo centro son os seguintes, aínda que non se dispón da información de todo o profesorado que imparte docencia nas titulacións do centro, dado que o profesorado pode ter informe favorable no programa DOCENTIA pero non estar asociado ao centro por non ter docencia maioritaria ou por ter presentado a solicitude noutro centro.

- DOCENTIA (experimental). Avaliación do período de 2003/2004 a 2007/2008. 4 profesores/as do centro obtiveron avaliación positiva
- I Programa DOCENTIA quinquenal. Avaliación do período 2010/2011 a 2014/2015. 12 profesores/as do centro con avaliación positiva
- II Programa DOCENTIA quinquenal. Avaliación do período 2012/2013 a 2016/2017. 3 profesores/as con avaliación positiva.
- III Programa DOCENTIA quinquenal. Avaliación do período 2014/2015 a 2018/2019. 8 profesores/as acadaron avaliación positiva
- Actualmente a Universidade de Vigo ten habilitado o IV Programa DOCENTIA quinquenal (avaliación do período 2017/2018 a 2021/2022), do que constan 5 solicitudes de profesorado adscrito ao centro.

En relación aos indicadores vinculados ao programa DOCENTIA identifícanse tres problemas que dificultan ou impiden unha correcta interpretación e análise dos datos. Aínda que o indicador I7 se recolle por titulación, considerase oportuno facer a análise a nivel de centro, dado que os problemas que se atopan afectan a todas as titulacións do centro.

- Indicador "I7-1. Nº PDI avaliado en DOCENTIA". O primeiro problema do indicador é que non hai un criterio claro sobre o centro ao que figura adscrito o PDI en relación ao programa, dado que hai profesorado que imparte docencia en varios centros e a súa docencia varía tamén ao longo dos anos. No caso das titulacións de grao da Escola hai profesorado que imparte ou impartiu docencia nos graos e que non figura vinculado ao centro (en termos de méritos do programa DOCENTIA) porque ten docencia maioritaria noutro centro ou ben fixo a solicitude con outro centro de adscrición. Parece máis razoable que o indicador recolla, para cada ano académico, o número de PDI que imparte docencia na titulación nese ano e que ten avaliación positiva nalgún programa DOCENTIA quinquenal.
- Indicador "I7-2. % PDI que participa en DOCENTIA". O segundo problema é que todos datos relativos ao cadro de profesorado do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos non son correctos, dado que non se contempla o profesorado das materias con docencia común ao Grao en Enxeñaría da Enerxía.
- Nas tres convocatorias do Programa DOCENTIA os informes que se trasladan aos centros están desagregados con diferentes criterios, o que fai imposible obter a distribución do profesorado participante no programa e facer unha análise da evolución.

Non obstante, co obxectivo de incentivar a participación do programa, no IRPD do curso 2018/2019 declarouse unha acción de mellora para aumentar a participación do profesorado do centro no programa DOCENTIA, acción que se considera oportuno manter activa. Cabe sinalar que esta acción levouse a cabo e materializouse en sesións informativas sobre o desenvolvemento do programa para o profesorado das titulacións do centro. Tamén se considera oportuno salientar que se incrementou o número de profesorado que participa no programa desde que se implantou esta acción de mellora.

A avaliación e análise de resultados do resto dos epígrafes deste criterio inclúense desagregados por titulacións (cualificación do PDI, resultados de investigación de carácter académico –sexenios–, evolución de indicadores de mobilidade, participación de profesorado en plans de formación, resultados das enquisas de avaliación docente e enquisas de satisfacción coa titulación).

Puntos febles detectados:

Non se identifican novos puntos febles, máis aló dos detectados nos IRPD previos e que teñen vinculadas as correspondentes accións de mellora, que se considera necesario manter. O punto feble identificado en relación ao Programa DOCENTIA vai vinculado á acción de mellora declarada a nivel de centro no apartado de Sistema de Garantía de Calidade.

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área etc.) etc.). CV profesionais externos

E16: Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado etc.)/ etc.)

E17: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de avaliación da docencia (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I5: Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas

I6: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas

I7: Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos e número e porcentaxe de profesorado avaliado en total (suma de todas as convocatorias desenvolvidas na universidade)

I8: Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I13: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) ou PDA

III.5 Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

A avaliación e análise de resultados deste criterio inclúense desagregados por titulacións.

III.6 Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

A avaliación e análise de resultados deste criterio inclúense desagregados por titulacións.

III.7 Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

A avaliación e análise de resultados deste criterio inclúense desagregados por titulacións.

IV. Estado de situación das accións de mellora propostas en informes anteriores

No IRPD do 2017/18 procedeuse a recoller as accións de mellora abertas, reenumeralas e actualizar o estado en que se atopaban en relación ao desenvolvemento das mesmas. A información detallada de cada acción de mellora declarada a partir do 2017/18 (estado actual, resultados, xustificación, indicadores de execución e observacións) está recollida na plataforma de xestión documental do SGIC do centro. A seguinte táboa recolle o seguimento das accións de mellora que aínda no foron pechadas no IRPD do curso anterior.

Nº	Curso	Descrición da acción de mellora	Situación do desenvolvemento			
			Rematada	Proceso	Non iniciada ou non procede	Observacións
PM06	CISGC 2017/2018	Continuar habilitando medidas para aumentar a participación do estudiantado nas enquisas de satisfacción		X		Considérase que esta acción de mellora, débese seguir mantendo activa ata alcanzar resultados concluíntes e estables para as tres titulacións do centro
C04	IRPD 2018/2019	Habilitar o procedemento de modificación da titulación do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	X			Iniciouse o procedemento formal en marzo de 2023 e rematouse o proceso para a implantación da titulación modificada no curso 2024/2025
C07	IRPD 2018/2019	Incentivar vocacións no ámbito STEM en nenas e mozas		X		Considérase que, aínda que se está a traballar de forma intensa na acción de mellora, a importancia e o alcance dos obxectivos vinculados á mesma require manter a acción activa.
C09	IRPD 2019/2020	Elaborar o Plan Estratéxico do centro		X		Esta acción iniciouse no curso 2023/2024 e está previsto rematala antes de finalizar 2024

V. Listaxe de accións de mellora propostas

Número	Punto feble detectado	Accións de mellora	Observacións
C10	A páxina web actual presenta algúns problemas de conectividade e non recolle información relativa a novas actividades que se realizan no centro. Non hai información en inglés	Modificar a web	Propónse actualizar a estrutura de contidos e incluír epígrafes que non están recollidos na web actual. Propónse, ademais, incluír versión en inglés.
C11	Identifícanse algúns indicadores do cadro de mando ou recollida de indicadores que non permiten unha axeita análise	Análise detallado do cadro de mando e dos datos da Unidade de Estudos e Análises	Trátase de recompilar a valoración que fai o centro dos indicadores e datos dispoñibles para facer o IRPD e trasladala aos responsables de Calidade da universidade

Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

II. Resultados acadados

II.1 Rexistro de resultados dos Indicadores de Titulación (cadro de mando)

Inclúense nesta sección os indicadores dos Programas de Calidade, os indicadores Institucionais da Universidade de Vigo e, se os houbera, os indicadores do Programa estratéxico do centro. Concretamente, os indicadores específicos do centro foron incluídos no panel de indicadores en outubro de 2020, aínda que segue pendente a súa inclusión formal como indicadores do programa estratéxico do centro.

En relación á táboa de indicadores do centro cabe indicar as seguintes cuestións para a correcta interpretación dos datos:

- Hai un tipo de indicadores nos que, para súa avaliación, tense en conta o resultado de sub-indicadores. Por exemplo, para avaliar o estado do indicador “18. Indicadores de mobilidade do PDI” realízase a partir do estado dos sub-indicadores:
 - “18-1. Nº PDI propio que participa en programas de mobilidade”
 - “18-2. % de PDI que participa en programas de mobilidade”.
- Para este tipo de indicadores figuran nas filas seguintes ao indicador os sub-indicadores correspondentes, con códigos cun número adicional (18-1, 18-2, ...). O criterio para avaliar se se acada ou non a meta dun indicador que depende de sub-indicadores é o seguinte:
 - Se se acada a meta en todos os sub-indicadores a meta do indicador avalíase como “*meta totalmente acadada*”
 - Se se acada a meta en algún dos sub-indicadores a meta do indicador avalíase como “*meta parcialmente acadada*”
 - Se non se acada a meta en ningún dos sub-indicadores a meta do indicador avalíase como “*meta non acadada*”
 - Cabe indicar que se ningún sub-indicador ten meta asociado a valoración do indicador tamén figura como “Sen metas”.
- Algúns indicadores non teñen un valor concreto. Trátase de indicadores formados por un conxunto de datos que se recollen nos anexos ao IRPD. Este é o caso do indicador “19. Distribución de alumnado por centros de prácticas”, por exemplo.
- Os datos que figuran na táboa en cor azul corresponden a metas de referencia establecidas como a metade do rango de valores.

Indicadores		Procedementos asociados	Curso 2022/2023			Curso 2021/2022			Curso 2020/2021		
Código	Denominación Indicador	Denominación	Meta	Resultado	Observacións	Meta	Resultado	Observacións	Meta	Resultado	Observacións
Indicadores dos Programas de Calidade											
I1-I2	Nº Estudiantes de novo ingreso (Grao e Máster)	AC-0201 Matrícula	20	11	Meta non acadada	20	13	Meta non acadada	20	5	Meta non acadada
I3	Indicadores de mobilidade do estudiantado	DO-0205: Xestión da mobilidade	0	0	Sen metas	0	0	Sen metas	0	0	Sen metas
I3-1	Nº Estudiantes propio e alleo que participa en programas de mobilidade	DO-0205: Xestión da mobilidade		7	Indicador sen meta		6	Indicador sen meta		6	Indicador sen meta
I3-2	% Estudiantes que participan en programas de mobilidade	DO-0205: Xestión da mobilidade		12%	Indicador sen meta		10%	Indicador sen meta		10%	Indicador sen meta
I4	Resultados dos indicadores do SGC	DE-02 Seguimento e Medición	39	31	79%	30	18	60%	37	26	70%
I5	% Participación do PDI do título en plans de formación	PE-02 Xestión de PDI		16%	Indicador sen meta		26%	Indicador sen meta		30%	Indicador sen meta
I5-1	Nº PDI en plans de formación do título	PE-02 Xestión de PDI		4	Indicador sen meta		8	Indicador sen meta		9	Indicador sen meta
I7	% PDI do título avaliado polo programa DOCENTIA e resultados obtidos ¹³	PE-02 Xestión de PDI	0	0	Sen metas	0	0	Sen metas	0	0	Sen metas
I7-1	Nº PDI avaliado en DOCENTIA	PE-02 Xestión de PDI			Indicador sen meta		7	Indicador sen meta		1	Indicador sen meta
I7-2	% PDI que participa en DOCENTIA	PE-02 Xestión de PDI		0%	Indicador sen meta		23%	Indicador sen meta		3%	Indicador sen meta
I7-3	Resultados do PDI avaliado	PE-02 Xestión de PDI	----	----	----	----	----	----	----	----	----
I8	Indicadores de mobilidade do PDI	PE-02 Xestión de PDI	0	0	Sen metas	0	0	Sen metas	0	0	Sen metas
I8-1	Nº PDI propio que participa en programas de mobilidade	PE-02 Xestión de PDI		1	Indicador sen meta		5	Indicador sen meta		0	Indicador sen meta
I8-2	% de PDI que participa en programas de mobilidade	PE-02 Xestión de PDI		4%	Indicador sen meta		16%	Indicador sen meta		0%	Indicador sen meta
I9	Distribución de alumnado por centros de prácticas	DO-0204 Xestión de prácticas	----	----	----	----	----	----	----	----	----
I10	Indicadores de resultados	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	8	4	Meta parcialmente acadada	8	3	Meta parcialmente acadada	8	3	Meta parcialmente acadada
I10-1	Taxa de graduación da titulación	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	25,0%	13%	Meta non acadada	25,0%	15%	Meta non acadada	20,0%	5%	Meta non acadada
I10-2	Taxa de abandono da titulación (CURSA)	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	30,0%	0%	Meta acadada	30,0%	50%	Meta non acadada	15,0%	50%	Meta non acadada
I10-3	Taxa de eficiencia	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	80,0%	45%	Meta non acadada	80,0%	69%	Meta non acadada	80,0%	64%	Meta non acadada
I10-4	Taxa de rendemento	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	60,0%	44%	Meta non acadada	60,0%	43%	Meta non acadada	50,0%	50%	Meta acadada
I10-5	Taxa de éxito	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	70,0%	71%	Meta acadada	70,0%	74%	Meta acadada	80,0%	72%	Meta non acadada
I10-6	Taxa de avaliación	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	50,0%	62%	Meta acadada	50,0%	58%	Meta acadada	50,0%	70%	Meta acadada
I10-7	Taxa de rendemento por materia	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	----	----	----	----	----	----	----	----	----
I10-8	Mínimo das taxas de rendemento das materias da titulación	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección		0%	Indicador sen meta		0%	Indicador sen meta		14%	Indicador sen meta
I10-9	% de materias cunha taxa de rendemento superior á meta fixada	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	50,0%	40%	Meta non acadada	50,0%	29%	Meta non acadada	50,0%	30%	Meta non acadada

¹³ Non é posible realizar unha análise precisa en base aos datos dispoñibles na plataforma de xestión docente do profesorado da titulación, dado que o profesorado das materias compartidas co Grao en Enxeñaría da Enerxía non figura vinculado ao Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos. Os datos que se manexan en relación a este indicador están recollidos na capítulo do centro.

I10-10	Taxa de éxito por materia	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	----	----	----	----	----	----	----	----	----
I10-11	Mínimo das taxas de éxito das materias da titulación	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección		0%	Indicador sen meta		0%	Indicador sen meta		20%	Indicador sen meta
I10-12	% de materias cunha taxa de éxito superior á meta fixada	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	50,0%	74%	Meta acadada	50,0%	73,02%	Meta acadada	50,0%	84,78%	Meta acadada
I11	Relación de Oferta / Demanda de prazas	AC-0104: Acceso e admisión	3	1	Meta parcialmente acadada	3	1	Meta parcialmente acadada	3	1	Meta parcialmente acadada
I11-1	Taxa de Ocupación	AC-0104: Acceso e admisión	40,0%	18%	Meta non acadada	40,0%	26%	Meta non acadada	60,0%	10%	Meta non acadada
I11-2	Taxa de Preferencia (só Graos)	AC-0104: Acceso e admisión	50,0%	16%	Meta non acadada	50,0%	26%	Meta non acadada	50,0%	12%	Meta non acadada
I11-3	Taxa de Adecuación (só Graos)	AC-0104: Acceso e admisión	80,0%	89%	Meta acadada	80,0%	85%	Meta acadada	50,0%	80%	Meta acadada
I12	Resultados de inserción laboral	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	50,0%	86%	Meta acadada	50,0%	100%	Meta acadada			Indicador sen meta
I13	Media alumnos por grupo de docencia ou PDA	DO-0201 Planificación e desenvolvemento da ensinanza	----	----	----	----	----	----	----	----	----
Indicadores institucionais da Universidade de Vigo											
I20	Índices das enquisas de satisfacción coas titulacións	MC-05 Medición satisfacción	4	3	Meta parcialmente acadada	2	1	Meta parcialmente acadada	4	4	Meta totalmente acadada
I20-1	Índice de satisfacción do Estudantado coas titulacións	MC-05 Medición satisfacción	3,5	3,65	Meta acadada	3,5	4	Meta acadada	3,0	3,65	Meta acadada
I20-2	Índice de satisfacción do Profesorado coas titulacións	MC-05 Medición satisfacción	4,0	4,31	Meta acadada	14		Indicador sen meta	3,0	4,13	Meta acadada
I20-3	Índice de satisfacción do Persoas tituladas coas titulacións	MC-05 Medición satisfacción	3,5	3,46	Meta non acadada	3,5	3,0	Meta non acadada	3,0	3,36	Meta acadada
I20-4	Índice de satisfacción do PAS coas titulacións	MC-05 Medición satisfacción	3,0	4,07	Meta acadada	15		Indicador sen meta	3,0	4,00	Meta acadada
I21	Taxa de abandono (Egreso)	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección		38%	Indicador sen meta		69%	Indicador sen meta		58%	Indicador sen meta
I22	Taxa de cambio de estudo	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección		0%	Indicador sen meta		38%	Indicador sen meta		25%	Indicador sen meta
I23	Índice de satisfacción cos recursos materiais e servizos	IA-01: Xestión dos recursos materiais e dos servizos	4	4	Meta totalmente acadada	2	2	Meta totalmente acadada	4	4	Meta totalmente acadada
I23-1	Satisfacción do Estudantado cos recursos materiais e servizos	IA-01: Xestión dos recursos materiais e dos servizos	3,0	3,67	Meta acadada	3,0	4,25	Meta acadada	3,0	4,00	Meta acadada
I23-2	Satisfacción do Profesorado cos recursos materiais e servizos	IA-01: Xestión dos recursos materiais e dos servizos	3,0	4,44	Meta acadada			Indicador sen meta	3,0	4,38	Meta acadada
I23-3	Satisfacción das Persoas tituladas cos recursos materiais e servizos	IA-01: Xestión dos recursos materiais e dos servizos	3,0	3,83	Meta acadada	3,0	3	Meta acadada	3,0	3,94	Meta acadada
I23-4	Satisfacción do PAS cos recursos materiais e servizos	IA-01: Xestión dos recursos materiais e dos servizos	3,0	4,25	Meta acadada			Indicador sen meta	3,0	3,88	Meta acadada
I24	Índice de satisfacción coa orientación recibida no centro	DO-0203: Orientación do estudantado e atención ás NEAE	2	2	Meta totalmente acadada	2	1	Meta parcialmente acadada	2	1	Meta parcialmente acadada
I24-1	Satisfacción do Estudantado coa orientación recibida no centro	DO-0203: Orientación do estudantado e atención ás NEAE	3,0	3	Meta acadada	3,0	4	Meta acadada	3,0	3,0	Meta acadada
I24-2	Satisfacción das Persoas tituladas coa orientación recibida no centro	DO-0203: Orientación do estudantado e atención ás NEAE	3,0	3,25	Meta acadada	3,0	2,67	Meta non acadada	3,0	1,0	Meta non acadada
I25	% Alumnado en prácticas académicas	DO-0204: Xestión das prácticas académicas		3%	Indicador sen meta		5%	Indicador sen meta		5%	Indicador sen meta

¹⁴ As enquisas de satisfacción do profesorado coas titulacións realízanse en cursos altemo

¹⁵ As enquisas de satisfacción do PAS coas titulacións realízanse en cursos altemos

I26	Índice de satisfacción coa promoción da titulación e a información pública na web	DO-0301 Información Pública	4	4	Meta totalmente acadada	2	2	Meta totalmente acadada	4	4	Meta totalmente acadada
I26-1	Satisfacción do Estudiantado coa promoción da titulación e a información pública na web	DO-0301 Información Pública	3,0	3,67	Meta acadada	3,0	3,67	Meta acadada	3,0	3,75	Meta acadada
I26-2	Satisfacción do Profesorado coa promoción da titulación e a información pública na web	DO-0301 Información Pública	3,0	4,37	Meta acadada			Indicador sen meta	3,0	4,36	Meta acadada
I26-3	Satisfacción das Persoas tituladas coa promoción da titulación e a información pública na web	DO-0301 Información Pública	3,0	3,63	Meta acadada	3,0	3,67	Meta acadada	3,0	3,92	Meta acadada
I26-4	Satisfacción do PAS coa promoción da titulación e a información pública na web	DO-0301 Información Pública	3,0	4,17	Meta acadada			Indicador sen meta	3,0	4,00	Meta acadada
I31	Nº Accións de mellora asociadas á titulación	DO-0102: Seguimento e mellora das titulacións	----	1	Non procede	----	0	Non procede	----	0	Non procede
I35	Nota media do acceso	DO-0202 Promoción das titulacións		8,79	Indicador sen meta		7,96	Indicador sen meta	7	6,755	Meta non acadada
I36	% Estudiantado titorizado	DO-0203: Orientación do estudiantado e atención ás NEAE	50%	100%	Meta acadada	50%	100%	Meta acadada	50%	100%	Meta acadada
I37	Grao de Satisfacción do estudiantado co PAT	DO-0203: Orientación do estudiantado e atención ás NEAE			Indicador sen meta			Indicador sen meta			Indicador sen meta
I38	Grao de satisfacción das Persoas Tituladas coas Prácticas	DO-0204: Xestión das prácticas académicas	3,00	4,00	Meta acadada	3,00	2,0	Meta non acadada	3,00	Sen datos	
I39	Grao de satisfacción cos RRHH	PE-01 Xestión do PAS	4	4	Meta totalmente acadada	2	2	Meta totalmente acadada	4	4	Meta totalmente acadada
I39-1	Satisfacción do Estudiantado cos RRHH da titulación	PE-01 Xestión do PAS	3,0	4,00	Meta acadada	3,0	3	Meta acadada	3,0	4,5	Meta acadada
I39-2	Satisfacción do Profesorado cos RRHH da titulación	PE-01 Xestión do PAS	3,0	3,90	Meta acadada			Indicador sen meta	3,0	3,82	Meta acadada
I39-3	Satisfacción das Persoas tituladas cos RRHH da titulación	PE-01 Xestión do PAS	3,0	3,63	Meta acadada	3,0	3,17	Meta acadada	3,0	3,42	Meta acadada
I39-4	Satisfacción do PAS cos RRHH da titulación	PE-01 Xestión do PAS	3,0	3,75	Meta acadada			Indicador sen meta	3,0	3,43	Meta acadada
I42	% Accións de Mellora finalizadas no curso	XD-01: Control dos documentos e dos rexistros		13%	Indicador sen meta		7%	Indicador sen meta		32%	Indicador sen meta
I43	Resultados EAD	PE-02 Xestión de PDI	4	4,17	Meta acadada	4	4,32	Meta acadada	3	4,4	Meta acadada
I44	Índice de satisfacción coa organización e o desenvolvemento	DO-0201 Planificación e desenvolvemento da ensinanza	4	4	Meta totalmente acadada	2	1	Meta parcialmente acadada	4	3	Meta parcialmente acadada
I44-1	Satisfacción do Estudiantado coa organización e o desenvolvemento	DO-0201 Planificación e desenvolvemento da ensinanza	3,0	3,5	Meta acadada	3,0	4	Meta acadada	3,0	3,20	Meta acadada
I44-2	Satisfacción do Profesorado coa organización e o desenvolvemento	DO-0201 Planificación e desenvolvemento da ensinanza	3,0	4,45	Meta acadada			Indicador sen meta	3,0	4,38	Meta acadada
I44-3	Satisfacción das Persoas tituladas coa organización e o desenvolvemento	DO-0201 Planificación e desenvolvemento da ensinanza	3,0	3,08	Meta acadada	3,0	2,88	Meta non acadada	3,0	2,69	Meta non acadada
I44-4	Satisfacción do PAS coa organización e o desenvolvemento	DO-0201 Planificación e desenvolvemento da ensinanza	3,0	4,5	Meta acadada			Indicador sen meta	3,0	4,00	Meta acadada
I45	Nº Estudiantado matriculado	AC-0201 Matrícula	----	59	Non procede	----	61	Non procede	----	59	Non procede
I46	Nº PDI que imparte docencia en titulación	PE-02 Xestión de PDI	----	25	Non procede	----	31	Non procede	----	30	Non procede
Indicadores do programa estratéxico de centro											
I50	Indicadores do programa estratéxico do centro asociado á Titulación 1	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	2	1	Meta parcialmente acadada	2	2	Meta totalmente acadada	0	0	Ningunha meta acadada
I50-11	Porcentaxe de mulleres en matrícula (antigo I04(2)-AC)	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	30%	30,51%	Meta acadada	25%	30%	Meta acadada		25%	Indicador sen meta
I50-12	Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento da materia TFG (antigo I07(2)-DO)	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	3,5	Sen datos		3,5	4,67	Meta acadada		3,9	Indicador sen meta

II.1 Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais

As enquisas de satisfacción coa titulación dos diferentes colectivos poden consultarse na ligazón http://calidade.uvigo.es/calidade_gl/estudiantado/enquisas_estudiantado/ e na web da Universidade de Vigo, e se realizan nas seguintes condicións:

- As enquisas de satisfacción coa titulación **do estudiantado** realízanse todos os anos (nos graos ao estudiantado de terceiro curso e nas titulacións de máster só unha vez, ao estudiantado do último curso da titulación). Os resultados non se consideran representativos para os datos do curso 2022/2023, dado que a participación foi moi baixa (7%)
- Realízanse dúas enquisas de satisfacción a **persoas tituladas**: (i) enquisa de satisfacción coa titulación (no curso seguinte ao de finalización dos estudos) e (ii) enquisas de inserción laboral (realízase desde ACSUG nos dous cursos seguintes ao de finalización dos estudos).
- As enquisas de satisfacción coa titulación do **profesorado** son bienais.
- As enquisas de satisfacción a **empregadores/as** realízanse anualmente. No curso 2020/2021 introdúcese un novo procedemento de selección de empresas ás que achegar a enquisa, co obxecto de aumentar a participación. No curso 2021/2022 o área de calidade decide non levar a cabo a enquisa para tratar de atopar un procedemento máis eficiente. No curso 2022/2023 acadouse unha participación do 100% de empregadores.
- A enquisa de satisfacción do **PAS** vai vinculada ao global do centro, desagregando soamente por tipo de ensinanzas (grao ou máster); polo tanto non se dispoñe de datos desagregados por titulacións. Ademais, estas enquisas son bienais.

	Resultados de participación	Satisfacción xeral curso 2022/2203	Ítems/ epígrafes mellor valorados	Ítems/ epígrafes peor valorados
Estudiantado	7% [1 resposta] ¹⁶ (ant. 100% [1r.]	3.65 (anterior 4.00)	(11 ítems valorados con 4)	(6 ítems valorados con 3)
Persoas tituladas	57% (anterior 27%)	3.46 (anterior 2.96)	"Espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC...)" (4.25)	"Os programas de mobilidade, de ser o caso" (2.50)
			Outros 4 ítems teñen unha valoración de 4.00 (preguntas 12, 19, 20 e 21)	"O grao de actualización dos contidos do plan de estudos" (3.00) "A orientación profesional e laboral recibida" (3.00)
Profesorado ¹⁷	50% (anterior 50%)	4.31 (anterior 4.13)	"As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia" (4.70)	"A oferta de formación permanente da Universidade de Vigo para o profesorado" (3.40)
			Outros 5 ítems teñen unha valoración de máis de 4.50 (preguntas 3, 4, 6, 8 e 16)	"A capacidade do estudiantado para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas" (3.75)
Empregadores	100% 5 respostas	4.67 (anterior 3.50)	"Satisfacción co desempeño profesional" (4,80)	"Nivel de adecuación da formación ao perfil profesional dos/das titulados/as" (4,40)
			"Valor que aportan as persoas tituladas á súa empresa" (4,80)	

¹⁶ Cabe indicar que a participación foi do 7% e que non se realiza análise destes datos dado que soamente participou 1 persoa.

¹⁷ Cabe sinalar que os datos non contemplan o profesorado das materias comúns ao Grao EE, erro que se recolleu no IRPD dos cursos anteriores e que foi comunicado a Unidade de Estudos e Análise da UVIGO para súa corrección e que aínda está pendente de solucionar. Os datos da enquisa anterior, entre paréntese, corresponden ao curso 2020/2021.

PAS ¹⁸	15% (anterior 20%)	4.07 (anterior 4.00)	6 ítems teñen unha valoración de 4.50 (preguntas 1,3,4,6, 11 e 15)	4 ítems teñen unha valoración de 3.50 (preguntas 2, 9, 12 e 14)
-------------------	-----------------------	-------------------------	---	--

Preséntanse a continuación os datos por bloques relativos aos resultados da satisfacción coa titulación para os diferentes colectivos e a comparativa cos resultados do ano anterior -entre paréntese- xa que algúns deles non están recollidos nas táboas de indicadores.

Enquisa	Organización e desenvolvemento I44	Información e transparencia I26	Sistema de garantía de calidade	Recursos humanos I39	Recursos materiais e servizos I23	Resultados de aprendizaxe	Prácticas externas I38
Estudantado	3.50 (4.00)	3.67 (3.67)	3.50 (4.00)	4.00 (3.00)	3.67 (4.25)	4.00 (4.50)	-
Persoas tituladas	3.08 (2.88)	3.63 (3.67)	3.63 (2.80)	3.63 (3.17)	3.83 (3.00)	3.38 (2.83)	4.00 (2.00)
Profesorado	4.45 (4.01)	4.37 (4.36)	4.43 (4.33)	3.90 (3.82)	4.44 (4.38)	3.88 (3.71)	
Enquisa	Información xeral I26	Comunicación	Recursos humanos I39	Recursos materiais e servizos I23	Xestión da calidade	Xeral I44	
PAS	4.17 (4.00)	4.25 (3.88)	3.75 (3.43)	4.25 (3.88)	3.67 (3.60)	4.50 (4.00)	

¹⁸ Os datos non están desagregados por titulacións se non por tipo de ensinanzas (grao ou máster); os datos recollidos nas táboas son os correspondentes ás titulacións de grao. Os datos da enquisa anterior, entre paréntese, corresponden ao curso 2020/2021.

II.4 Indicadores por materia

Panel de indicadores por materia									
Materia		Nº créditos matriculados	Nº Créditos Presentados	Nº Créditos Superados	Taxa avaliación	Taxa éxito	Taxa rendemento	Meta Taxa éxito	Meta Taxa rendemento
G310405	Calor e frío	24,00	18,0	18,0	75,00%	100,00%	75,00%	60%	70%
G310302	Física: Sistemas térmicos	24,00	18,0	18,0	75,00%	100,00%	75,00%	60%	70%
G310303	Tecnoloxía de materiais	12,00	6,0	0,0	50,00%	0,00%	0,00%	60%	70%
G310304	Resistencia de materiais	54,00	54,0	42,0	100,00%	77,78%	77,78%	60%	70%
G310404	Mecánica de solos	6,00	6,0	6,0	100,00%	100,00%	100,00%	60%	70%
G310305	Mecánica de fluídos	36,00	24,0	24,0	66,67%	100,00%	66,67%	60%	70%
G310301	Electrotecnia	12,00	6,0	6,0	50,00%	100,00%	50,00%	60%	70%
G310513	Mecánica de rochas	6,00	6,0	0,0	100,00%	0,00%	0,00%	60%	70%
G310512	Prospección e avaliación de recursos	6,00	6,0	6,0	100,00%	100,00%	100,00%	60%	70%
G310614	Loxística e servizos mineiros	12,00	12,0	12,0	100,00%	100,00%	100,00%	60%	70%
G310501	Explotación sostible de recursos mineiros I	6,00	6,0	6,0	100,00%	100,00%	100,00%	60%	70%
G310514	Cartografía temática e teledetección	6,00	6,0	6,0	100,00%	100,00%	100,00%	60%	70%
G310802	Proxectos	6,00	6,0	6,0	100,00%	100,00%	100,00%	60%	70%
G310704	Obras subterráneas	48,00	48,0	30,0	100,00%	62,50%	62,50%	60%	70%
G310705	Construción e movemento de terras	24,00	24,0	24,0	100,00%	100,00%	100,00%	60%	70%
G310702	Voaduras	30,00	30,0	24,0	100,00%	80,00%	80,00%	60%	70%
G310703	Explotación sostible de recursos mineiros II	30,00	30,0	30,0	100,00%	100,00%	100,00%	60%	70%
G310701	SIX e ordenación do territorio	12,00	12,0	12,0	100,00%	100,00%	100,00%	60%	70%
G310804	Xeofísica, xeoquímica e xeotermia	24,00	24,0	24,0	100,00%	100,00%	100,00%	60%	70%
G310803	Tratamento de correntes e efluentes	12,00	12,0	12,0	100,00%	100,00%	100,00%	60%	70%
G310991	Traballo de Fin de Grao	216,00	36,0	36,0	16,67%	100,00%	16,67%	60%	70%
G310533	Xeración e distribución de enerxía térmica convencional e renovable	9,00	9,0	0,0	100,00%	0,00%	0,00%	60%	70%
G311101	Expresión gráfica: Expresión gráfica	96,00	66,0	36,0	68,75%	54,55%	37,50%	60%	70%
G311102	Física: Física I	96,00	48,0	24,0	50,00%	50,00%	25,00%	60%	70%
G311103	Matemáticas: Álgebra lineal	114,00	66,0	30,0	57,89%	45,45%	26,32%	60%	70%
G311104	Matemáticas: Cálculo I	126,00	72,0	42,0	57,14%	58,33%	33,33%	60%	70%
G311105	Química	114,00	66,0	42,0	57,89%	63,64%	36,84%	60%	70%
G311106	Empresa: Dirección e xestión	90,00	54,0	24,0	60,00%	44,44%	26,67%	60%	70%
G311107	Física: Física II	96,00	36,0	30,0	37,50%	83,33%	31,25%	60%	70%
G311108	Matemáticas: Estatística	90,00	48,0	48,0	53,33%	100,00%	53,33%	60%	70%
G311109	Matemáticas: Cálculo II	102,00	60,0	24,0	58,82%	40,00%	23,53%	60%	70%
G311110	Informática: Informática para a enxeñaría	156,00	72,0	42,0	46,15%	58,33%	26,92%	60%	70%
G311201	Circuitos e máquinas eléctricas	48,00	24,0	18,0	50,00%	75,00%	37,50%	60%	70%
G311202	Tecnoloxía dos materiais	102,00	60,0	36,0	58,82%	60,00%	35,29%	60%	70%
G311203	Resistencia de materiais	78,00	78,0	12,0	100,00%	15,38%	15,38%	60%	70%
G311204	Mecánica de fluídos	60,00	30,0	18,0	50,00%	60,00%	30,00%	60%	70%
G311205	Sistemas térmicos	66,00	48,0	30,0	72,73%	62,50%	45,45%	60%	70%
G311206	Xeoloxía: Xeoloxía	66,00	54,0	36,0	81,82%	66,67%	54,55%	60%	70%
G311207	Transmisión de calor	78,00	66,0	42,0	84,62%	63,64%	53,85%	60%	70%
G311208	Tecnoloxía ambiental	66,00	36,0	18,0	54,55%	50,00%	27,27%	60%	70%
G311209	Tecnoloxía electrónica	102,00	60,0	48,0	58,82%	80,00%	47,06%	60%	70%
G311210	Seguridade e saúde	66,00	48,0	48,0	72,73%	100,00%	72,73%	60%	70%
G311310	Control de calidade de materiais	24,00	12,0	12,0	50,00%	100,00%	50,00%	60%	70%
G311307	Procesos de recuperación de menas	6,00	6,0	6,0	100,00%	100,00%	100,00%	60%	70%
G311305	Instalacións eléctricas	12,00	12,0	12,0	100,00%	100,00%	100,00%	60%	70%

G311304	Mecánica de rochas	30,00	24,0	24,0	80,00%	100,00%	80,00%	60%	70%
G311303	Voaduras	60,00	36,0	18,0	60,00%	50,00%	30,00%	60%	70%
G311302	Explotación sostible de recursos mineiros I	36,00	24,0	24,0	66,67%	100,00%	66,67%	60%	70%
G311301	Mecánica de solos	42,00	18,0	6,0	42,86%	33,33%	14,29%	60%	70%
G311316	Sondaxes, petróleo e gas	6,00	6,0	6,0	100,00%	100,00%	100,00%	60%	70%
G311315	Obras subterráneas	24,00	18,0	12,0	75,00%	66,67%	50,00%	60%	70%
G311314	Prospección e avaliación de recursos	12,00	12,0	12,0	100,00%	100,00%	100,00%	60%	70%
G311313	Instalacións e procesos de obtención de materiais metálicos	6,00	6,0	6,0	100,00%	100,00%	100,00%	60%	70%
G311311	Explosivos	24,00	12,0	12,0	50,00%	100,00%	50,00%	60%	70%
G311309	Recursos, instalacións e centrais hidráulicas	12,00	12,0	6,0	100,00%	50,00%	50,00%	60%	70%
G311308	Explotación sostible de recursos mineiros II	30,00	24,0	24,0	80,00%	100,00%	80,00%	60%	70%
G311306	Xestión de obras e replanteos	30,00	18,0	18,0	60,00%	100,00%	60,00%	60%	70%
Nº total de materias		57	100%	Mínimos		0,00%	0,00%		
Nº materias que superan a meta de éxito		42	74%						
Nº materias que superan a meta de rendemento		23	40%						

TFGs defendidos no curso 2022/2023

Número	Título traballo	Cualificación	Nota numérica	Idioma defensa	Data defensa
1	Eficacia de protectores en pinturas acrílicas: influencia do ton da pintura, do tipo de substrato e do ambiente de exposición	Matrícula de Honra	9.3	Español	01/03/2023
2	Planificación a curto, medio e longo prazo dunha explotación de feldespatos	Aprobado	5.0	Galego	01/03/2023
3	Análise territorial con métodos xeoespaciais para localización de balsas mineiras con menor impacto ¹⁹	Aprobado	6.6	Español	29/06/2023
4	Software USIMPAC no deseño de plantas de moenda e clasificación: uso e análise	Aprobado	5.9	Español	26/07/2023
TOTAL		Media	6.7		

¹⁹ Estudiantado de mobilidade

II.5 Datos relativos a QSP recibidas

A valoración dos resultados do sistema QSP inclúese na valoración de epígrafes correspondentes ao centro, dado que non se identifican QSP de forma específica para a titulación. En todo caso o curso 2022/2023 non se recibiu ningunha QSP.

II.6 Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema do Grao en Recursos Mineiros e Enerxéticos

Registro	Procedemento	Estado do rexistro	Data límite de entrega	Observacións	Documentos Adxuntos
R1-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a modificación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	Completado	31/12/2022	NON PROCEDE: este curso estase a implantar o terceiro curso da titulación modificada.	0
R2-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a acreditación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	Completado	31/01/2023	NON PROCEDE	0
R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado	15/03/2023	NON PROCEDE: neste curso non corresponde avaliación externa da titulación, polo tanto o informe anual de seguimento da mesma inclúese no IRPD.	0
R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado	29/12/2023	NON PROCEDE; neste curso non se levou a cabo ningunha avaliación externa da titulación.	0
R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado	29/12/2023	A criterio da Área de Calidade da Universidade de Vigo este curso non lle corresponde o seguimento interno a esta titulación.	0
R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Completado	31/12/2022	NON PROCEDE.	0
R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Completado	31/12/2022	NON PROCEDE.	0
R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado	31/10/2023	Informe de accións de coordinación do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos correspondente ao curso 2022/2023 (aprobado na Comisión de Calidade do 20/11/2023)	1
R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	Completado	31/07/2023	NON PROCEDE: nesta titulación non existen prácticas curriculares e na xestión das extracurriculares non intervén o centro.	0
R1- PE02 P1 - Resultados de avaliación docente	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	Completado	29/12/2023	Os resultados definitivos das Enquisas de Avaliación Docente do curso 2022/2023, agregados por titulacións, foron publicados en xaneiro de 2024.	1

definitivos (anuais)				Cabe sinalar que no curso 2022/23 as enquisas se realizaron online e nos dous plans da titulación: nos tres primeiros cursos da titulación G311 (plan novo) e no cuarto curso da titulación G310 (plan en extinción).	
--------------------------------------	--	--	--	---	--

III. Análise de resultados. Seguimento da titulación

III.1 Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do estudantado

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

En relación á organización da titulación e a preparación para a impartición de cada curso considérase que se realiza axeitadamente, dado que a sistemática de traballo é estable e está moi consolidada. En particular as tarefas principais en relación á organización e planificación do curso son:

1. Aprobación do límite de prazas ofertadas e límite de prazas por traslado
2. Aprobación das persoas responsables da coordinación (titulación, curso, mobilidade, Plan Acción Titorial, Plan ANEAE, Prácticas Externas, Calidade, Seguimento Persoas Egresadas, Igualdade e Normalización Lingüística)
3. Selección e aprobación das materias optativas da titulación para o curso 2022/2023
4. Elaboración e aprobación do encargo docente da titulación do curso 2022/2023.
5. Elaboración e aprobación do calendario escolar
6. Elaboración e aprobación do calendario do TFG
7. Elaboración e aprobación dos horarios da titulación
8. Aprobación do calendario de exames da titulación
9. Elaboración y aprobación do Plan de Ordenación Docente, responsabilidade dos Departamentos aos que a Xunta de Escola traslada o encargo docente.
10. Aprobación de guías docentes da titulación
11. Asignación e aprobación da adquisición de equipamento para laboratorios docentes da titulación

Todas estas actividades teñen asignada unha persoa responsable da súa execución e son avaliadas pola Comisión de Calidade e/ou pola Xunta de Escola. Toda a información e evidencias relativas á realización destas tarefas está recollida nas actas dos órganos colexiados e nos rexistros do SIGC "R3 DO-0201 Informe Anual de Coordinación". De todas as tarefas sinaladas tivo especial relevancia para a organización do curso 2022/2023 a revisión e elaboración das guías docentes, dado que no curso 2022/2023 se implantou o terceiro curso do título modificado.

Cabe sinalar que tamén se aproba, antes do comezo do curso 2022/2023 o rexistro "R1 DO-0203 Plan de acción titorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía", a desenvolver no curso correspondente. Este documento recolle todas as actividades a realizar (persoas responsables e descrición das actividades) en relación á orientación e seguimento do estudantado.

Outra actividade salientable que se organiza e oferta de forma extracurricular ao estudantado da titulación, é unha viaxe de estudos, organizada polo centro e para a cal se fai reserva no calendario escolar, co obxectivo de que o estudantado poida visitar e coñecer procesos tecnolóxicos propios dos ámbitos de traballo da titulación dos que non hai exemplos en Galicia.

A nota media de acceso prioritario (indicador "I35 Nota media de acceso"), subiu dende o curso anterior (de 7.96 a 8.79) e supera o valor obxectivo declarado no curso 2020/2021 (7 puntos), feito que se valora moi positivamente.

En relación á taxa de ocupación (indicador "I11-1 Taxa de ocupación") non se acada o valor obxectivo (40%) e a captación de alumnado segue a ser o principal problema da titulación. Ademais das medidas e accións que se realizan no centro en relación a actividades de captación de alumnado e promoción da titulación, considérase especialmente relevante que o número de prazas ofertadas para a

titulacións se axuste á realidade da demanda, polo que se solicitou á Secretaría Xeral de Universidades a redución do número de prazas ofertadas para a titulación.

En relación ao resultado do indicador "I11-2 Preferencia" non se acadou a meta (valor obxectivo 50%, valor do curso 2020/2021: 12%, valor do curso 2021/2022: 26% e valor no curso 2022/2023: 16%). Cabe por tanto manter todas as accións de mellora que teñen como obxectivo informar sobre a titulación e as súas potencialidades e ámbitos de traballo.

En relación ao indicador "I50-11 Porcentaxe de mulleres en matrícula", cabe indicar que se acadou a meta (30%), sendo a porcentaxe de mulleres matriculadas do 30,51% no 2022/2023. Cabe indicar que a porcentaxe de mulleres matriculadas foi aumentando desde o curso 2020/2021 (25%).

"I11-3 Taxa Adecuación". En canto á taxa de adecuación, superase o novo valor obxectivo (subido do 50% ao 80%), acadándose no curso 2022/2023 o valor de 89%, o que se valora moi positivamente.

Pódese concluir que se mantén como punto feble máis destacable da titulación a baixa taxa de ocupación. En relación a este punto o centro leva anos facendo unha importante labor de promocións para dar a coñecer as titulacións que se imparten no centro, así como as súas saídas profesionais. Estas actividades contribúen a coñecer mellor a titulación, as súas posibilidades e polo tanto incentivar o interese por cursar estes estudos. A relación de actividades de divulgación e difusión están recollidas na evidencia "R1 DO-0202 P1 Plan de Promoción e Captación do Centro", revisada e aprobada de forma anual pola Comisión de Calidade e pola Xunta de Escola do Centro. Como se reflexa na evidencia o conxunto de actividades de difusión e captación é moi relevante.

Hai unha acción de mellora que tiña como obxectivo intensificar as actividades de promoción da titulación traballando directamente cos centros de ensino de ESO e FP. Cabe sinalar que a acción de mellora está realizándose. En particular ao longo do 2022/2023 defendéronse 8 proxectos STEMBach, o que supón un incremento de 3 con respecto ao curso anterior (pasouse de titorizar a 13 alumnos/as a titorizar un total de 21). Tamén se traballou de forma coordinada con profesorado de ESO e FP para deseñar novos concursos dirixidos de forma específica a estes colectivos e tendo en conta as competencias curriculares de materias de diferentes niveis de ensinos de ESO e FP. Considérase que é necesario seguir traballando no desenvolvemento desta acción de mellora, polo que se ofertaron novos proxectos STEMBach para o curso 2023/2024.

Tamén cabe indicar que solicitouse para o curso 2022/2023 á Secretaría Xeral de Universidades unha redución do número de prazas ofertadas en base ao disposto na instrución sexta, epígrafe 2, da "RESOLUCIÓN do 20 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se ditan instrucións para a determinación da oferta de prazas nas titulacións oficiais de grao e máster nas universidades do Sistema universitario de Galicia". En paralelo elaborouse un Plan de actuación do centro para aumentar a taxa de graduación. En relación á solicitude de redución do número de prazas ofertadas aceptouse para o curso 2024/2025 unha redución de 50 a 30 prazas ofertadas. Cabe adiantar que, no momento de realizar este informe, o número de persoas matriculadas no curso 2024/2025 é de 22 persoas, o que se valora como moi positivo, pendente en calquera caso de avaliar se se trata dun feito illado ou dun cambio de tendencia.

En calquera caso, valórase como actividade prioritaria para o centro intensificar e manter todas as actividades relativas a captación de estudantado.

"I3-1 Número de Estudiantes propio e alleo que participa en programas de mobilidade internacionais". No curso 2021/2022 houbo 6 estudantes en programas de mobilidade e no curso 2022/2023 7 estudantes, polo que mantén a actividade de mobilidade.

O obxectivo da escola é incrementar a participación en programas de mobilidade nos próximos cursos. Neste sentido cabe sinalar que hai accións de mellora habilitadas co obxectivo de incrementar a participación tanto de estudantado como profesorado da titulación en mobilidade internacional. En relación á situación actual da acción de mellora cabe sinalar que desde o centro se promoveu a participación de novo da escola no programa de mobilidade Erasmus K171 (antigo Erasmus+ KA107) coas universidades Universidad Católica del Norte en Antofagasta (Chile), Universidad Técnica Federico Santa María en Valparaíso (Chile) e Escuela Superior Politécnica de Chimborazo (Ecuador).

"I44 Índice de satisfacción coa organización e desenvolvemento do ensino". Valóranse moi positivamente os resultados obtidos dado que en todos os sub-ítems do indicador se acadou a meta obxectivo (valoración do indicador por parte de todos os colectivos de interese: estudantado, profesorado, PAS e persoas tituladas).

Puntos febles detectados	Accións de mellora a implantar
Non se identifican novos puntos febles e considérase necesario manter as accións de mellora declaradas previamente en relación ás actividades de captación de estudantado.	

Evidencias nas que basea a valoración:
E1: Memoria vixente do título E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora E3: Informe/documento onde se recolla a análise do perfil real de ingreso/egreso E4: Guías docentes das materias (resultados de aprendizaxe, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe, ...) E5: Actas das reunións celebradas, polo menos dos 2 últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado cos acordos adoptados en cada reunión) E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional etc.)/ etc.) E7: Informes sobre o recoñecemento de créditos para valorar a súa adecuación E8: Resultados de medición da satisfacción de empregadores e titulados/as respecto ao perfil de egreso

E13: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% de participación, resultados e a súa evolución...)
E20: Listaxe de centros/entidades para a realización das prácticas externas curriculares ou extracurriculares

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1: Número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados...)

I13: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) ou PDA.

III.2 Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Toda a información pública da titulación e o seu desenvolvemento está dispoñible na páxina web do centro. O valor do indicador “I26 Índice de satisfacción coa promoción da titulación e a información pública da web” acadou o valor obxectivo (3 puntos) no caso de todos os colectivos: estudantado: 3,67, profesorado: 4,37, PAS: 4,17 e persoas tituladas: 3,63. Ademais desde o curso 2020/2021 todos estes indicadores acadan o valor obxectivo, feito que se valora moi positivamente, por tanto reflexa que se trata dunha valoración consolidada no tempo.

Por outro lado, considérase oportuno sinalar, que, desde o punto de vista do funcionamento do centro, publícase na páxina web do centro o apartado de “Informe do/a Director/a” de todas sesións de Xunta de Escola, ao obxecto de que todas as persoas da comunidade universitaria do centro estean debidamente informadas, con independencia de que formen parte ou non dos órganos colexiados do centro.

Polo tanto, tendo en conta as valoracións dos colectivos de interese do centro, considérase que a información pública que se ofrece na páxina web é accesible e está actualizada e que a información está ben estruturada, aínda que, tal como se recolle no apartado do centro, considerase conveniente reestruturar os contidos da web e incluír información sobre actividades que se están a realizar no centro e que non teñen a axeitada visibilidade na web.

En relación a actividade e comunicación coas persoas egresadas, o centro habilitou en 2022 a figura de Responsable de Seguimento das Persoas Egresadas, que ten entre as súas funcións manter unha comunicación fluída coas persoas egresadas e recoller información sobre a inserción laboral e a empregabilidade da titulación. Cabe indicar entre as actividades realizadas no 2022/2023 a publicación de tres números da revista “Materia Prima”, que recolle información sobre a actividade profesional e laboral das persoas egresadas da Escola, e de forma específica das persoas egresadas da titulación.

A web, con todo, non é a única canle de información relevante. A plataforma MOOVI configúrase como un espazo moi importante no que respecta ao desenvolvemento e organización do ensino e a información co estudantado matriculado. Neste sentido cabe indicar que se habilitaron en MOOVI espazos específicos de información e comunicación co estudantado matriculado en cada curso xestionados pola persoa coordinadora de cada curso, que asume tamén as funcións de persoa titora de PAT do curso. E tamén cabe indicar que se habilitaron, dentro destes espazos INFO en MOOVI un apartado específico de “Preguntas Frecuentes”, moi completo, que recolle resposta a un conxunto de preguntas de todo tipo: de xestión académica, procedementos administrativos, prácticas externas, TFG, avaliación, etc.

Outras canles de comunicación relevantes co estudantado e o profesorado son os ligados ao desenvolvemento do PAT e o fluxo de achegas que se produce no marco das enquisas de satisfacción e as queixas, suxestións e parabéns (QSP) reunións habituais con Delegación de Alumnado, canles e ferramentas que funcionan axeitadamente.

Puntos febles detectados:

Non se identifican puntos febles novos

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Páxina web da Universidade/Centro/Título (como mínimo, a información referida no Anexo II)
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

III.3 Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegure, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración

Cabe sinalar que a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, ten implantado o Sistema de Garantía Interno de Calidade, sistema que dispón de certificado FIDES-AUDIT, selo de calidade que pon de relevo a súa correcta implantación e a súa incidencia na mellora continua do centro e as súas titulacións. Cabe indicar que o centro obtivo informe favorable no proceso de re-certificación da implantación do SGI con data 9 de xuño de 2021.

Considérase oportuno destacar a implicación no desenvolvemento da titulación da Comisión de Calidade do centro, participando activamente na toma de decisións máis relevantes da titulación (como evidencia pódense consultar as actas da devandita Comisión).

Todas as evidencias de implantación do SGIC están dispoñibles nas correspondentes plataformas de recompilación de documentos. Algunhas evidencias tamén son de acceso público e pódense consultar na Web.

<https://minaseenerxia.uvigo.es/a-escola/calidade/sistema-de-garantia-de-calidade/rexistros-e-evidencias/>

En relación á valoración por parte do estudiantado do epígrafe do SGIC “A implicación da Facultade/Escola na resolución de problemas e na mellora da titulación” a valoración é de 4 puntos. Non obstante cabe indicar que non é representativo o resultado, dado que só houbo unha resposta.

Para o colectivo do profesorado a valoración do bloque “Sistema de Garantía de Calidade” é 4.43 e nas persoas tituladas o epígrafe recibe a valoración de 3.63, o que se valora moi positivamente.

En relación aos resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro, estes valóranse nos respectivos criterios.

Cabe indicar, non obstante, a dificultade e mesmo imposibilidade de realizar análise e reflexións realistas en determinados epígrafes que teñen que ver co profesorado da titulación. O feito de que, nos datos dispoñibles no Portal de Transparencia da Uvigo, só se identifique como profesorado da titulación ao profesorado que non imparte materias comúns ao Grao en enxeñaría da enerxía non permite dispor de datos reais dos resultados das EAD e do cadro do profesorado. Aínda que xa se tiñan feito solicitudes formais para resolver este problema, considérase necesario insistir na súa resolución agora que se está a implantar unha nova plataforma de xestión académica na Universidade.

Puntos febles detectados:

Imposibilidade de dispor de datos reais dos cadros do profesorado e resultados das EAD da titulación.

Accións de mellora a implantar:

Reiterar a solicitude formal á Unidade de Análises e Programas da Universidade da corrección da xestión da información relativa ao cadro de profesorado da titulación. O contido da acción de mellora pode vinculase á acción de mellora declarada para o centro (SGIC), polo que non se declara unha acción de mellora específica para a titulación.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

- E5: Actas das reunións celebradas, polo menos dos 2 últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado cos acordos adoptados en cada reunión)
- E10: Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)
- E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e Información Pública)
- E12: Plans de mellora
- E13: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% de participación, resultados e a súa evolución...)
- E14: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

- I4: Resultados dos indicadores do SGC

III.4 Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

En relación aos datos a disposición do centro en relación ao PDI da titulación non son correctos, dado que só se contempla o profesorado das materias específicas da titulación no Portal de Transparencia, a valoración e análise refírese practicamente ao profesorado de 3º e 4º cursos (avaliación no programa DOCENTIA, mobilidade, plans de formación).

En canto ao cadro de profesorado en relación a súa formación mellora curso a curso: no 2020/2021 hai 76,67% de doutores/as e no curso 2022/2023 hai 80% de doutores/as. No relativo aos resultados de investigación académico cabe sinalar que a media de sexenios por profesorado é 2.9 e a porcentaxe de sexenios sobre potenciais é do 87,5%, o que se valora moi positivamente e xustifica a adecuación do profesorado á titulación. Cabe recordar que a valoración se corresponde coa valoración do profesorado das materias non comúns (basicamente 3º e 4º cursos).

No relativo aos resultados das *enquisas de avaliación docente ("I43 Resultados EAD")* cabe indicar que no curso 2022/2023 impartíuse 1º, 2º e 3º do plan novo e 4º do plan en extinción. A valoración global é de 4.17 puntos, valor que supera a meta obxectivo (4.0 puntos) e a valoración global para as titulacións de grao da Universidade de Vigo (.,07). Cabe indicar ademais que nos últimos tres cursos académicos acádase o valor obxectivo, polo que se pode concluir que non se trata dun caso illado. Tamén cabe sinalar que o dato correspondente á porcentaxe de participación do estudantado nas EAD non se axusta á súa definición. Identificouse que a porcentaxe correspóndese só á porcentaxe do estudantado que realizou as EAD do profesorado que imparte docencia só nas materias específicas do Grao ERME. Non inclúe as enquisas realizadas polo estudantado do profesorado que comparte docencia co Grao EE (un total de 114 ECTS de carácter obrigatorio e 38 ECTS de carácter optativo). Polo tanto, non é posible realizar unha análise precisa en base a estes datos. Neste sentido declarouse no IRPD do 2017/2018 unha acción de mellora que permita ao centro dispoñer de datos actualizados e que reflitan correctamente esta porcentaxe de participación. A acción completouse, dado que se comunicou aos responsables da xestión da realización das EAD; con todo, o problema aínda non está solucionado polo que os datos dos que se dispón para o curso 2022/2023 obtivéronse nas mesmas circunstancias. Cabe sinalar que as porcentaxes de participación corresponden, por tanto, aproximadamente á metade das materias da titulación. Considerase necesario en calquera caso manter a acción de mellora relativa ao incremento da participación, aínda que é importante destacar que o procedemento de realización das EAD en modalidade online implica unha baixada da participación con carácter xeral.

"I8-1 Número profesorado que participa en programas de mobilidade" indica que houbo 1 participante entre o profesorado da titulación en programas de mobilidade. Non obstante, cabe sinalar que o dato non é correcto, dado que só se contabiliza o profesorado das materias non comúns ao Grao en Enxeñaría da Enerxía. Considerase que é necesario seguir traballando para aumentar o número de profesores que participan en programas de mobilidade na acción de mellora declarada con este obxectivo.

En canto ao resultado do indicador "I39 Grao de satisfacción cos Recursos Humanos" cabe sinalar que todos os colectivos de interese valoran este índice cunha valoración superior á meta: estudantado (4.0), profesorado (3.9); PAS (3.75) e persoas tituladas (3.63), valoración que ademais se mantén no tempo dende o curso 2020/2021.

Considerase oportuno sinalar que, vinculado ao apartado Sistema de Garantía de Calidade, declarouse unha acción de mellora relativa a solicitude aos servizos competentes na Universidade para que se calculen e publiquen correctamente os indicadores correspondentes ao profesorado da titulación, dado que afecta a todos os indicadores de profesorado da titulación.

Puntos febles detectados

Non se identificaron novos puntos febles

Accións de mellora a implantar

Evidencias nas que se baseou valoración:

- E15: Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área etc.)/ etc.). CV profesionais externos
- E16: Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado etc.)/ etc.)
- E17: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de avaliación da docencia (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

- I5: Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas
- I6: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas
- I7: Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos e número e porcentaxe de profesorado avaliado en total (suma de todas as convocatorias desenvolvidas na universidade)
- I8: Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)
- I13: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) ou PDA

III.5 Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

O indicador "I23 Índice de satisfacción cos recursos materiais e servizos" acadou o valor obxectivo para todos os colectivos de interese: estudantado (3.67), profesorado (4.44), PAS (4.25) e persoas tituladas (3.83) o que se valora moi positivamente. E cabe sinalar que esta valoración mantense desde o curso 2020/2021, polo que se considera unha valoración estable no tempo.

En canto ás actividades de orientación cabe sinalar que o centro fixo un esforzo importante en relación as actividades de orientación académica e profesional. Todas as actividades realizadas ao longo do curso están recollidas no rexistro "Informe final de avaliación do Plan de Acción Titorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (PAT-ANEAE)". En relación aos resultados das enquisas de satisfacción coa titulación cabe sinalar que o indicador "I24 Índice de satisfacción coa orientación recibida no centro" acadou por primeira vez a meta obxectivo por parte dos colectivos de estudantado e persoas egresadas. Considérase que a puntuación mellorou substancialmente respecto a recibida en cursos anteriores. Non obstante, é necesario realizar o seguimento deste indicador.

O que se constata é a baixa participación nas actividades de orientación académica e profesional do estudantado de novo ingreso, polo que se declara unha acción de mellora ao respecto.

Puntos febles detectados:

Baixa participación do estudantado de novo ingreso nas actividades de orientación.

Accións de mellora a implantar:

Realizar actividades de orientación especificamente dirixidas ao alumnado de novo ingreso na titulación.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

- E13: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (percentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)
- E18: Información sobre os recursos materiais directamente vinculados co título
- E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida ou plan de acción titorial
- E20: Listaxe dos centros /entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares
- E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
- E22: Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
- E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas (ligazón)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

- I9: Distribución de alumnado por centros de prácticas
- I13: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) ou PDA

III.6 Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

En relación á valoración por parte das persoas egresadas de resultados da titulación cabe sinalar os resultados correspondentes aos seguintes ítems: (i) “A formación adquirida” (3.5), (ii) “A utilidade da formación recibida para a carreira profesional” (3.25) e a valoración de 4.0 puntos nos ítems “Formación adquirida na práctica”, “Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación” e “Duración das prácticas”, valoracións que melloran desde o curso anterior. Non obstante, considérase que é necesario facer un seguimento do valor dos indicadores e recoller información adicional, para o cal a figura de responsable de seguimento das persoas egresadas valórase moi valiosa.

“I10-4 Taxa de rendemento”. O valor da taxa de rendemento no curso 2022/2023 (44%) mantense en valores similares aos de curso 2021/2022 (43%) e aleixado do valor obxectivo (60%). Considérase necesario realizar un seguimento deste indicador, para ver se se trata dunha baixada circunstancial. Na mesma liña se pode sinalar en relación ao indicador “I10-3 Taxa de eficiencia”, que non acadou o valor meta (80%) nos últimos tres cursos.

En relación ao “I10-2 Taxa de abandono CURSA” a taxa no curso 2021/2022 mantívose no 50%. No relativo a este indicador, en calquera caso, declarouse unha acción de mellora relativa ao análise detallado da información e circunstancias que motivan este valor elevado do abandono. O valor da taxa de abandono no curso 2022/2023 foi do 0%, pero é necesario facer un seguimento do indicador e declarouse unha acción de mellora co obxectivo de mellorar os datos e mantelos no tempo.

En relación á taxa de graduación, indicador “I10-1 Taxa de graduación” cabe sinalar que no curso 2021/2022 a taxa de graduación aumentou a 15%, por debaixo do valor obxectivo (>25%), pero mellorou bastante desde o curso anterior. No curso 2022/2023 mantense en valores similares aos do curso anterior (13%) e séguese sen acadar o valor obxectivo.

O valor do indicador “I10-5 Taxa de éxito” é do 71% no curso 2022/2023, superando o valor obxectivo 70%, resultado que se valora moi positivamente.

O valor do indicador “I10-6 Taxa de avaliación” é do 62% no curso 2022/2023, superando o valor obxectivo 50%, resultado que se valora moi positivamente.

En relación aos resultados por materias cabe indicar que o proceso de implantación do novo plan de estudos e a extinción do anterior ten como consecuencias que os indicadores académicos poidan apartarse dos seus valores habituais, polo que se fará especial seguimento de dous casos: (i) as materias que presentan, de forma sostida, desviacións importantes dalgún dos valores obxectivo e (ii) materias que presenten valores apartados en dous dos tres indicadores obxectivo. En particular identifícase que hai un 40% de materias que teñen unha taxa de rendemento superior ao 60% (o valor obxectivo é 50% de materias con taxa de rendemento superior ao 60%). Cabe sinalar, non obstante, o incremento da porcentaxe de materias con rendemento superior ao 60% desde o curso 2020/2021 (30%).

En relación á realización do TFG, obsérvase que o listado axústase aos contidos e temáticas dos ámbitos de traballo da titulación e as cualificacións obtidas son coherentes e axústanse a unha dispersión razoable. No en tanto, cabe sinalar que as cualificacións poden considerarse lixeiramente baixas, tendo en conta a singularidade da materia TFG e a titorización personalizada que recibe o estudantado no desenvolvemento da mesma.

Puntos febles detectados

Baixos valores das taxas de rendemento e eficiencia. Mellorable porcentaxe de materias que teñen taxas de rendemento inferiores ao 60%.

Accións de mellora a implantar

Implantar actividades formativas específicas e proxectos de innovación docente para materias da titulación.

Evidencias nas que se se baseou a valoración:

- E4: Guías docentes das materias/materias (resultados de aprendizaxe, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe, ...)
- E8: Resultados de medición da satisfacción de empregadores e titulados respecto ao perfil de egreso
- E13: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)
- E24: Listaxe de TFG/TFM de, polo menos, os 2 últimos cursos académicos (título, titor e cualificación)
- E25: Informes/listaxe de cualificacións de cada unha das materias/materias do título
- E26: Documentación para a revisión transversal das materias seleccionadas (material docente, exames ou outras probas de avaliación realizadas...)
- E27: TFG/TFM seleccionados
- E28: Informes de prácticas

Indicadores nos que se se baseou a valoración:

- I10: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

III.7 Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se Os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

"I20-1 Índice de satisfacción do estudiantado coas titulacións". Cabe sinalar que a evolución da valoración do ítem desde o curso 2016/2017 (3.21) ata o curso 2022/2023 (3.65) é positiva e constante. Cabe indicar que ademais que nos últimos catro cursos supérase a nova meta a alcanzar no centro (3.5 puntos -antes 3-) e que a valoración do ítem no 2022/2323 é de 3.21 para os graos do ámbito tecnolóxico e de 3.21 para todos os graos da Universidade, polo que a valoración do ítem para a titulación supera ambos valores. Non obstante, cabe indicar que a participación foi moi baixa.

"I20-2 Índice de satisfacción do profesorado coas titulacións" Cabe sinalar que a evolución da valoración do ítem desde o curso 2016/2017 (4.17) ata o curso 2022/2023 (4.31) é positiva e constante. Cabe indicar que ademais que en ambos casos supérase a meta a alcanzar no centro (4 puntos) e que a valoración do ítem no 2022/2023 é de 4.18 para o ámbito dos graos da enxeñaría na Universidade, polo que a valoración do ítem para a titulación supera este valor no curso 2022/2023. A porcentaxe de participación foi do 50%, superior á media da participación da Universidade para o ámbito e nivel (36%).

Posiblemente os resultados mais salientables corresponden á avaliación por parte das entidades empregadoras, que trasladan a seguinte valoración nos diferentes ítems, o que se valora moi positivamente:

- "O nivel de adecuación da formación ao perfil profesional dos/das titulados/as": 4.4
- "O nivel de satisfacción co desempeño profesional das persoas tituladas" 4.8
- "O valor que aportan as persoas tituladas á súa empresa": 4.8

Tamén se considera especialmente relevante a resposta das entidades empregadoras á pregunta "Se tivese que contratar de novo, faríao entre persoas con esta mesma titulación da UVigo?", á que o 100% das entidades empregadoras responde positivamente.

"I12 Resultados de inserción laboral". Os últimos datos oficiais sobre a inserción laboral (Informe de ACSUG), aínda que son bos (86% de ocupación) sostéñense sobre unha poboación moi pequena, polo que non se consideran representativos para poder extraer conclusións relevantes, por este motivo considérase necesario manter activa a acción de mellora relativa a recoller información sobre a empregabilidade das persoas egresadas da titulación.

Puntos febles detectados:

Non se identifican puntos febles novos

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

- E12: Plans de mellora (en concreto, accións de mellora realizadas a partir dos resultados obtidos en todos os indicadores)
- E13: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)
- E29: Informe/documento onde se recolla a análise dos resultados do título (incluídos indicadores de inserción laboral e SIU)

Indicadores:

- I1: Número de estudantes de novo ingreso por curso académico
- I10: Indicadores de resultados (todas as taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia/materia):
 - Taxa de gradación
 - Taxa de abandono
 - Taxa de eficiencia
 - Taxa de rendemento
 - Taxa de éxito
 - Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)
- I11: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso
- I12: Resultados de inserción laboral

IV. Modificacións non substanciais da titulación

Inclúiranse as modificacións non substanciais, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no "*Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Mestrado*" de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

Non se formulan modificacións non substanciais da titulación.

V. Estado de situación das accións de mellora propostas en informes anteriores

No IRPD do 2017/18 procedeu a recoller as accións de mellora abertas, reenumeralas e actualizar o estado en que se atopaban en relación ao desenvolvemento das mesmas. A información detallada de cada acción de mellora declarada a partir do 2017/18 (estado actual, resultados, xustificación, indicadores de execución e observacións) está recollida na plataforma de xestión documental do SGIC do centro. A seguinte táboa recolle o seguimento das accións de mellora que aínda no foron pechadas no IRPD do curso anterior.

Nº	Curso	Descrición da acción de mellora	Situación do desenvolvemento			
			Rematada	Proceso	Non iniciado ou non procede	Observacións
R20	IRPD 2015/2016	Valorar e analizar xunto co profesorado implicado os resultados das súas materias. Realizar unha análise máis profunda sobre os resultados por materias		X		A acción de mellora está a desenvolverse e considérase necesario mantela activa. Identifícanse as materias que teñen taxas que non se axustan aos valores obxectivo e, de forma coordinada co profesorado, trátase de identificar as causas.
R23	IRPD 2015/2016	Mellorar os resultados de acceso e admisión. Potenciar os labores de difusión do título		X		Os datos de matrícula de novo ingreso non acadan os valores obxectivo, polo que é necesario manter e traballar intensamente en todas as accións de mellora que teñen como obxectivo aumentar a taxa de ocupación.
R27	IRPD 2016/2017	Implicar a todo o profesorado nos labores de coordinación para mellorar o fluxo de información entre as/os diferentes coordinadoras/es no referente ás actividades programadas de cada materia.		X		Considérase necesario manter esta acción, que resulta especialmente importante na fase de implantación da titulación modificada. No curso 2021/2022 realizáronse as reunións de coordinación do profesorado e deseñouse unha estrutura máis áxil e clara en MOOVI para facilitar as accións de comunicación e coordinación entre o profesorado, tanto coordinación horizontal como vertical. A nova estrutura xa estivo operativa para o curso 2022/2023 e valórase moi útil
R36	IRPD 2017/2018	Realizar un estudo detallado relativo á procedencia do estudantado de novo ingreso		X		Na Xornada de Benvida ao estudantado de novo ingreso realizase unha enquisa co obxectivo de recoller a información relativa a procedencia do estudantado, a motivación para escoller a titulación e os canles de información a través dos cales tivo coñecemento da titulación. A acción de mellora mantense activa dado que se valora necesario realizar, polo menos, a análise de varios cursos académicos.
R37	IRPD 2017/2018	Intensificar as actividades de difusión e promoción das titulacións en centros de ciclos formativos de FP		X		Considérase oportuno manter a acción de mellora. Durante o curso 2021/2022 levouse a cabo unha revisión dos ciclos formativos de FP impartidos en Galicia que poderían continuar estudos na titulación e actualizouse a listaxe das materias que se recoñecen.
Polo tanto, tendo en conta as valoracións dos colectivos de interese do centro, considérase que a información pública que se ofrece na páxina web é accesible e está actualizada e que a información está ben estruturada, aínda que, tal como se recolle no apartado do centro, considerase conveniente reestruturar os contidos da web e incluír información sobre actividades que se están a realizar no centro e que non teñen a axeitada visibilidade na web.

En relación a actividade e comunicación coas persoas egresadas, o centro habilitou en 2022 a figura de Responsable de Seguimento das Persoas Egresadas, que ten entre as súas funcións manter unha comunicación fluída coas persoas egresadas e recoller información sobre a inserción laboral e a empregabilidade da titulación. Cabe indicar entre as actividades realizadas no 2022/2023 a publicación de tres números da revista “Materia Prima”, que recolle información sobre a actividade profesional e laboral das persoas egresadas da Escola, e de forma específica das persoas egresadas da titulación.

A web, con todo, non é a única canle de información relevante. A plataforma MOOVI configúrase como un espazo moi importante no que respecta ao desenvolvemento e organización do ensino. Tamén se emprega esta plataforma como espazo de comunicación xeral co estudantado. Neste sentido cabe indicar que se habilitaron en MOOVI espazos específicos de información e comunicación co estudantado matriculado en cada curso xestionados pola persoa coordinadora de cada curso, que asume tamén as funcións de persoa titora de PAT do curso. E tamén cabe indicar que se habilitaron, dentro destes espazos INFO en MOOVI un apartado específico de “Preguntas Frecuentes”, moi completo, que recolle resposta a un conxunto de preguntas de todo tipo: de xestión académica, procedementos administrativos, prácticas externas, TFG, avaliación, etc.

Outras canles de comunicación relevantes co estudantado e o profesorado son os ligados ao desenvolvemento do PAT e o fluxo de achegas que se produce no marco das enquisas de satisfacción e as queixas, suxestións e parabéns (QSP) reunións habituais con Delegación de Alumnado, canles e ferramentas que funcionan axeitadamente.

Puntos febles detectados:

Non se identifican puntos febles novos

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Páxina web da Universidade/Centro/Título (como mínimo, a información referida no Anexo II)
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

III.3 Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración

Cabe sinalar que a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, ten implantado o Sistema de Garantía Interno de Calidade, sistema que dispón de certificado FIDES-AUDIT, selo de calidade que pon de relevo a súa correcta implantación e a súa incidencia na mellora continua do centro e as súas titulacións.

Considérase oportuno destacar a implicación no desenvolvemento da titulación da Comisión de Calidade do centro, participando activamente na toma de decisións máis relevantes da titulación (como evidencia pódense consultar as actas da devandita Comisión).

Todas as evidencias de implantación do SGIC están dispoñibles nas correspondentes plataformas de recompilación de documentos. Algunhas evidencias tamén son de acceso público e pódense consultar na ligazón

<https://minaseenerxia.uvigo.es/a-escola/calidade/sistema-de-garantia-de-calidade/rexistros-e-evidencias/>

En relación á valoración por parte do estudiantado do epígrafe do SGIC “A implicación da Facultade/Escola na resolución de problemas e na mellora da titulación” a valoración é de 3.6 puntos. Para o colectivo do profesorado a valoración do bloque “Sistema de Garantía de Calidade” é 4.56 e nas persoas tituladas o epígrafe aumentou de 3.63 a 4.0, o que se valora moi positivamente.

En relación aos resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro, estes valóranse nos respectivos criterios.

Puntos febles detectados:

Non se identifican puntos febles novos

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, polo menos dos 2 últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado cos acordos adoptados en cada reunión)

E10: Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e Información Pública)

E12: Plans de mellora

E13: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% de participación, resultados e a súa evolución...)

E14: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados dos indicadores do SGC

III.4 Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

En relación ao profesorado con Docentia Quinquenal, para a solicitude do título para o Selo de Grao de Excelencia da Xunta de Galicia fíxose unha recompilación detallada da información. Os datos que recolleu o centro indican que a porcentaxe de profesorado da titulación que ten informe favorable no Programa Docentia Quinquenal incrementouse desde o 9% no curso 2018/2019 ao 22% no curso 2021/2022. En relación aos resultados do programa Docentia Quinquenal indícase no epígrafe correspondente ao centro os problemas atopados para poder facer unha análise por titulación, dado que non se dispón dos datos actualizados por curso e titulación. Non obstante, en base aos datos que recolleu o centro identifícase un incremento de participación do profesorado no programa e que se acadan moi bos resultados.

En canto ao cadro de profesorado en relación a súa formación mantense arredor do 60% de doutores (58% no 2022/2023 e 62% no 2021/2022. No relativo aos resultados de investigación académico cabe sinalar que a media de sexenios por profesorado é 2.4 e a porcentaxe de sexenios sobre potenciais é do 87,5%, o que se valora moi positivamente e xustifica a adecuación do profesorado á titulación.

No relativo aos resultados das *enquisas de avaliación docente ("143 Resultados EAD")* cabe indicar que no curso 2022/2023 impartíuse 1º, 2º e 3º do plan novo e 4º do plan en extinción. A valoración global é de 3.75 puntos para o plan novo e 4.66 para o plan en extinción. A valoración global é 3.89, valor próximo, pero que non supera a meta obxectivo (4.0 puntos) nin a valoración global para as titulacións de grao da Universidade de Vigo (4.07).

"18-1 Número profesorado que participa en programas de mobilidade" indica que houbo 5 participantes entre o profesorado da titulación en programas de mobilidade. Considérase que é necesario seguir traballando para aumentar o número de profesorado da titulación que participan en programas de mobilidade.

En canto ao resultado do indicador "139 Grao de satisfacción cos Recursos Humanos" cabe sinalar que todos os colectivos de interese valoran este índice cunha valoración superior á meta: estudantado (4.0), profesorado (4.36); PAS (3.75) e persoas tituladas (3.75), valoración que ademais mellorou en relación ao curso anterior.

Puntos febles detectados:

Non se identifican novos puntos febles

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou valoración:

- E15: Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área etc.) etc.). CV profesionais externos
- E16: Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado etc.)/ etc.)
- E17: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de avaliación da docencia (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

- I5: Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas
- I6: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas
- I7: Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos e número e porcentaxe de profesorado avaliado en total (suma de todas as convocatorias desenvolvidas na universidade)
- I8: Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)
- I13: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) ou PDA

III.5 Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

A Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía dispón dos recursos e espazos necesarios para o óptimo desenvolvemento da titulación. En canto á dispoñibilidade de recursos materiais non constan necesidades específicas de material ou recursos docentes que dificultasen a impartición da docencia en base ao establecido no proxecto formativo.

En canto á valoración do ítem “I23 Índice de satisfacción cos recursos materiais e servizos”, acádase totalmente a meta, dado que a valoración por parte de todos os colectivos de interese é superior ao valor obxectivo: estudiantado 4.2, profesorado: 4.48, persoas tituladas 4.15 e PAS 4.25. Valórase moi positivamente que todas as valoracións son superiores a 4 puntos.

En relación ás prácticas externas a titulación non contempla prácticas curriculares. Si se contempla a posibilidade de recoñecer ata 12 ECTS por realización de prácticas externas extracurriculares. Cabe sinalar que a xestión das prácticas externas curriculares non é competencia do centro. No 2019/2020 incluíuse unha pregunta para as persoas egresadas sobre as prácticas externas e recibiu unha valoración de 3.14. Na enquisa realizada no 2020/2021 habilitouse un bloque de preguntas ás persoas egresadas sobre prácticas externas, e o bloque no seu conxunto recibiu unha valoración de 3.67 puntos, o que mellorou lixeiramente a valoración anterior. No curso 2021/2022 soamente responderon 2 estudantes (de 5) ás 3 cuestións deste bloque, dando lugar a unha puntuación moi baixa (2.00). No curso 2022/2023 esta valoración aumentou ata 3.33 puntos, o que se valora moi positivamente.

En canto ás actividades de orientación cabe sinalar que o centro fixo un esforzo importante en relación as actividades de orientación académica e profesional. Todas as actividades realizadas ao longo do curso están recollidas no rexistro “Informe final de avaliación do Plan de Acción Titorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (PAT-ANEAE)”. En relación aos resultados das enquisas de satisfacción coa titulación cabe sinalar que o indicador “I24-1 Satisfacción do estudiantado coa orientación recibida no centro” aínda que non se acada a meta obxectivo (3 puntos), aumentou a valoración desde 1.67 no 2021/2022 a 2.94 no 2022/2023, o que se valora moi positivamente.

Puntos febles detectados:

Non se identifican novos puntos febles

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E13: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)
 E18: Información sobre os recursos materiais directamente vinculados co título
 E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida ou plan de acción titorial
 E20: Listaxe dos centros /entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares
 E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
 E22: Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
 E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas (ligazón)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I9: Distribución de alumnado por centros de prácticas
 I13: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) ou PDA

III.6 Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

En relación á valoración por parte das persoas egresadas de resultados da titulación cabe sinalar os resultados correspondentes aos seguintes ítems: (i) “A formación adquirida” (3.88) e (ii) e “A utilidade da formación recibida para a carreira profesional” (3.66). Non obstante, considérase que é necesario facer un seguimento do valor dos indicadores e recoller información adicional, para o cal a figura de responsable de seguimento das persoas egresadas valórase moi valiosa.

O indicador “110-3 Taxa de eficiencia”, aínda que non acada o valor meta (80%) aumentou nos últimos tres cursos desde 75% no 2020/2021 ao 79% no 2022/2023, o que se valora positivamente.

110-4 Taxa de rendemento”. O valor da taxa de rendemento no curso 2022/2023 (58%) mantense en valores similares aos de curso 2021/2022 (55%), pero non acada o valor meta (65%)

O valor do indicador “110-5 Taxa de éxito” é do 72% no curso 2022/2023, moi próximo ao valor obxectivo (75%), resultado que se valora moi positivamente, dado que ademais foi incrementándose o valor da taxa desde cursos anteriores.

O valor do indicador “110-6 Taxa de avaliación” é do 80% no curso 2022/2023, superando o valor obxectivo 50%, resultado que se valora moi positivamente

En relación ao “110-2 Taxa de abandono CURSA” a taxa no curso 2021/2022 mantívose no 19%. No relativo a este indicador, en calquera caso, declarouse unha acción de mellora relativa ao análise detallado da información e circunstancias que motivan este valor elevado do abandono. O valor da taxa de abandono no curso 2022/2023 foi do 25%, polo que considérase necesario facer un seguimento do indicador.

En relación á taxa de graduación, indicador “110-1 Taxa de graduación”, cabe sinalar que no curso 2022/2023 a taxa de graduación foi de 15%, moi por debaixo do valor obxectivo (>65%), pero mellorou lixeiramente desde o curso anterior.

Co obxectivo de acadar os valores meta nos indicadores 110-2 e 110-1, declárase unha acción de mellora.

En relación aos resultados por materias cabe indicar que o proceso de implantación do novo plan de estudos e a extinción do anterior ten como consecuencias que os indicadores académicos poidan apartarse dos seus valores habituais, polo que se fará especial seguimento de dous casos: (i) as materias que presentan, de forma sostida, desviacións importantes dalgún dos valores obxectivo e (ii) materias que presenten valores apartados en dous dos tres indicadores obxectivo. En particular identifícase que hai un 47% de materias que teñen unha taxa de rendemento superior ao 65% (o valor obxectivo é 50% de materias con taxa de rendemento superior ao 65%). Cabe sinalar, non obstante, o incremento da porcentaxe de materias con rendemento superior ao 65% desde o curso 2020/2021 (30%).

En relación á realización do TFG, obsérvase que o listado axústase aos contidos e temáticas dos ámbitos de traballo da titulación e as cualificacións obtidas son coherentes e axústanse a unha dispersión razoable. No entanto, cabe sinalar que as cualificacións poden considerarse lixeiramente baixas, tendo en conta a singularidade da materia TFG e a titorización personalizada que recibe o estudantado no desenvolvemento da mesma.

O indicador “150-12 Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do TFG” ten un resultado de 3.88 e acada o valor obxectivo (3.5). Ademais o indicador aumentou progresivamente a súa valoración desde o curso 2020/2021 (3.73)

Puntos febles detectados:

Os indicadores das taxas de abandono e graduación afástanse das metas

Accións de mellora a implantar:

Implantar un proxecto de innovación docente a nivel de titulación

Evidencias nas que se se baseou la valoración:

- E4: Guías docentes das materias/materias (resultados de aprendizaxe, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe, ...)
- E8: Resultados de medición da satisfacción de empregadores e titulados respecto ao perfil de egreso
- E13: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)
- E24: Listaxe de TFG/TFM de, polo menos, os 2 últimos cursos académicos (título, titor e cualificación)
- E25: Informes/listaxe de cualificacións de cada unha das materias/materias do título
- E26: Documentación para a revisión transversal das materias seleccionadas (material docente, exames ou outras probas de avaliación realizadas...)
- E27: TFG/TFM seleccionados
- E28: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I10: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

III.7 Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

"I20-1 Índice de satisfacción do estudiantado coas titulacións". O valor de este indicador (3.8) acada o valor obxectivo (3.5). A valoración do ítem no 2022/2323 é de 3.21 para os graos do ámbito tecnolóxico e de 3.21 para todos os graos da Universidade, polo que a valoración do ítem para a titulación supera ambos valores. A participación non obstante foi baixa (12%), lixeiramente inferior ao valor da media do ámbito e nivel na universidade (14%), pero en calquera caso valórase necesario manter a acción de mellora que ten como obxectivo incentivar a participación nas enquisas.

"I20-2 Índice de satisfacción do profesorado coas titulacións". Cabe sinalar que a evolución da valoración do ítem desde o curso 2018/2019 (4.19) ata o curso 2022/2023 (4.45) é positiva e constante. Cabe indicar que ademais que supérase a meta a alcanzar no centro (4 puntos) e que a valoración do ítem no 2022/2023 é de 4.18 para o ámbito dos graos da enxeñaría na Universidade, polo que a valoración do ítem para a titulación supera este valor no curso 2022/2023. A porcentaxe de participación foi do 45%, superior á media da participación da Universidade para o ámbito e nivel (36%).

"I20-3 Índice de satisfacción das persoas coas titulacións". O valor deste indicador (3.71) acada o valor meta (3.5) e aumenta tamén a súa valoración desde o curso 2020/221 (3.44). Ademais supérase a meta a valoración do ítem no 2022/2023 para os graos da universidade (3.35). A porcentaxe de participación foi do 43%, moi superior á media da participación da Universidade para o ámbito e nivel (20%), dato este que se valora moi positivamente.

"I20-4 Índice de satisfacción das persoas coas titulacións". O valor deste indicador (4.07) acada o valor meta (3.0) e aumenta tamén a súa valoración desde o curso 2020/221 (4.0). Ademais supérase a meta a valoración do ítem no 2022/2023 para os graos da universidade (3.76).

En base aos resultados de todos os indicadores relativos á satisfacción coas titulacións, valórase o *"I20 Índice de satisfacción coas titulacións"* como meta totalmente acadada.

Posiblemente os resultados mais salientables corresponden á avaliación por parte das entidades empregadoras (4.40), que trasladan a seguinte valoración nos diferentes ítems, o que se valora moi positivamente:

- "O nivel de adecuación da formación ao perfil profesional dos/das titulados/as": 4.0
- "O nivel de satisfacción co desempeño profesional das persoas tituladas" 4.2
- "O valor que aportan as persoas tituladas á súa empresa": 5.0

Tamén se considera especialmente relevante a resposta das entidades empregadoras á pregunta *"Se tivese que contratar de novo, faríao entre persoas con esta mesma titulación da UVigo?"*, á que o 100% das entidades empregadoras responde positivamente.

"I12 Resultados de inserción laboral". Os últimos datos oficiais sobre a inserción laboral (Informe de ACSUG) son moi bos (100% de ocupación) . Segundo este informe, os datos mais relevantes en canto a inserción laboral da titulación son:

- O 100% traballa actualmente (homes e mulleres)
- Tempo (en meses) que tardou en atopar emprego relacionado coa titulación desde que rematou os estudos: 7.5 (homes), 10.67 (mulleres)
- Salario neto mensual: 1550 € (mulleres) e 1500€ (homes)
- Desenvolve funcións de nivel universitario: 75% si
- Volvería a cursar a titulación na súa universidade: 100%

Puntos febles detectados:

Non se identifican novos puntos febles

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

- E12: Plans de mellora (en concreto, accións de mellora realizadas a partir dos resultados obtidos en todos os indicadores)
- E13: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)
- E29: Informe/documento onde se recolla a análise dos resultados do título (incluídos indicadores de inserción laboral e SIU)

Indicadores:

- I1: Número de estudantes de novo ingreso por curso académico
- I10: Indicadores de resultados (todas as taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia/materia):

- Taxa de gradación
 - Taxa de abandono
 - Taxa de eficiencia
 - Taxa de rendemento
 - Taxa de éxito
 - Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)
- I11: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso
I12: Resultados de inserción laboral

IV. Modificacións non substanciais da titulación

Inclúiranse as modificacións non substanciais, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no "*Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Mestrado*" de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

Non se formulan modificacións non substanciais da titulación

V. Estado de situación das accións de mellora propostas en informes anteriores

No IRPD do 2017/18 procedeuse a recoller as accións de mellora abertas, reenumeralas e actualizar o estado en que se atopaban en relación ao desenvolvemento das mesmas. A información detallada de cada acción de mellora declarada a partir do 2017/18 (estado actual, resultados, xustificación, indicadores de execución e observacións) está recollida na plataforma de xestión documental do SGIC do centro. A seguinte táboa recolle o seguimento das accións de mellora que aínda no foron pechadas no IRPD do curso anterior.

Nº	Curso	Descrición da acción de mellora	Situación do desenvolvemento			
			Rematada	Proceso	Non iniciado ou non procede	Observacións
E20	IRPD 2015/2016	Valorar e analizar xunto co profesorado implicado os resultados das súas materias. Realizar unha análise máis profunda sobre os resultados por materias.		X		A acción de mellora está a desenvolverse e considérase necesario mantela activa. Identifícanse as materias que teñen taxas que non se axustan aos valores obxectivo e, de forma coordinada co profesorado, trátase de identificar as causas.
E23	IRPD 2015/2016	Mellorar os resultados de acceso e admisión. Potenciar os labores de difusión do título.		X		Os datos de matrícula de novo ingreso non acadan os valores obxectivo, aínda que melloran respecto a curso anteriores, polo que é necesario manter e traballar intensamente en todas as accións de mellora que teñen como obxectivo aumentar a taxa de ocupación.
E25	IRPD 2016/2017	Continuar coas estratexias para aumentar a participación nas enquisas de satisfacción.		X		As porcentaxes de participación son mellorables, polo que se traballará de forma específica co estudiantado. No caso do profesorado os datos de participación son bós, pero en calquera caso mellorables.
E27	IRPD 2016/2017	Implicar a todo o profesorado nas labores de coordinación para mellorar o fluxo de información entre as/os diferentes coordinadoras/es no referente ás actividades programadas de cada materia.		X		Considérase necesario manter esta acción, que resulta especialmente importante na fase de implantación da titulación modificada. No curso 2021/2022 realizáronse as reunións de coordinación do profesorado e deseñouse unha estrutura máis áxil e clara en MOOVI para facilitar as accións de comunicación e coordinación entre o profesorado, tanto coordinación horizontal como vertical. A nova estrutura estivo operativa no curso 2022/2023 e a valoración é moi boa, pero considerase oportuno deixar a acción de mellora activa.
E37	IRPD 2017/2018	Intensificar as actividades de difusión e promoción das titulacións en centros de ciclos formativos de FP		X		Considérase oportuno manter a acción de mellora. Durante o curso 2022/2023 levouse a cabo unha revisión dos ciclos formativos de FP impartidos en Galicia que poderían continuar estudos na titulación e actualizouse a listaxe das materias que se recoñecen. Ademais incorporouse a listaxe de centros que imparten CS de FP de catro familias profesionais relacionadas co sector enerxético para participar na Olimpíada da Enerxía" e tratar de implicar aos centros na actividade.
E45	IRPD 2017/2018	Promover desde o centro a participación en programas de mobilidade	X			Ao longo do curso 2021/22 o centro promoveu a participación nun programa de mobilidade coas universidades (Universidad Católica del Norte en Antofagasta (Chile), Universidad Técnica Federico Santa María en Valparaíso (Chile) e Escuela Superior Politécnica de Chimborazo (Ecuador). Esta acción mantívose activa no curso 2022/23 e planificouse para continuala no 2023/2024, polo que se considera que se estableceu unha relación sólida e estable de colaboración en materia de mobilidade coas universidades participantes.
E46	IRPD 2017/2018	Revisar situación actual de espazos do centro e as posibilidades de habilitar espazos docentes		X		Esta acción está en fase de desenvolvemento e completárase ao longo do 2023/24.



E47	IRPD 2017/2018	Actualizar o informe de inserción laboral realizado polo centro		X		Esta acción está en fase de execución. O centro habilitou a figura de coordinación do seguimento das persoas egresadas, que ten, entre outras funcións, recoller e actualizar a información relativa á situación laboral das persoas egresadas.
E48	IRPD 2017/2018	Definir criterios para avaliar os resultados das taxas de éxito, rendemento e avaliación por materia e incorporar valores obxectivo para o centro para a titulación		X		Aínda que no panel de indicadores do cadro de mando empregado para a elaboración deste IRPD xa se incorporan algunhas metas queda pendente incorporar valores obxectivo para o mínimo da taxa e rendemento e éxito por materia.
E50	IRPD 2018/2019	Aumentar as actividades formativas de carácter práctico na titulación (laboratorio instrumental, laboratorio de informática, actividades de campo, visitas á instalacións, etc.)		X		Esta acción considerase necesario mantela activa, dado que aínda queda por implantar o último curso da titulación, para valorar o alcance do aumento de actividades de carácter práctico na modificación da titulación.
E51	IRPD 2021/2022	Organización da Olimpíada da Enerxía		X		Persiste a limitada identificación do centro co ámbito da Enxeñaría da Enerxía, o que repercute na captación de estudantado. No curso 2023/24 solicitouse unha axuda para a realización da actividade e foi concedida pola FECYT, no marco das axudas para financiación de actividades de divulgación científica, e está a realizarse no curso 2024/2025.

VI. Listaxe de novas accións de mellora propostas

As accións de mellora que se recollen deben ser coherentes cos resultados acadados e a análise realizada nos epígrafes anteriores. Debe incorporarse toda a información relativa ás mesmas nos formularios de fichas que se teñen habilitado na aplicación de xestión documental do SGC. Achéganse as fichas cumprimentadas no anexo a este informe.

Número	Punto feble detectado	Accións de mellora	Observacións
E52	Alta taxa de abandono e baixa taxa de graduación (non se acadan os valores obxectivo)	Implantar un proxecto de innovación docente a nivel de titulación	

Máster Universitario en Enxeñaría de Minas

II. Resultados acadados

II.1 Rexistro de resultados dos Indicadores de Titulación (cadro de mando)

Inclúense nesta sección os indicadores dos Programas de Calidade, os indicadores Institucionais da Universidade de Vigo e, se os houbera, os indicadores do Programa estratéxico do centro. Concretamente, os indicadores específicos do centro foron incluídos no panel de indicadores en outubro de 2020, aínda que segue pendente a súa inclusión formal como indicadores do programa estratéxico do centro.

En relación á táboa de indicadores do centro cabe indicar as seguintes cuestións para a correcta interpretación dos datos:

- Hai un tipo de indicadores nos que, para súa avaliación, tense en conta o resultado de sub-indicadores. Por exemplo, para avaliar o estado do indicador “18. *Indicadores de mobilidade do PDI*” realízase a partir do estado dos sub-indicadores:
 - “18-1. *Nº PDI propio que participa en programas de mobilidade*”
 - “18-2. *% de PDI que participa en programas de mobilidade*”.
- Para este tipo de indicadores figuran nas filas seguintes ao indicador os sub-indicadores correspondentes, con códigos cun número adicional (18-1, 18-2, ...). O criterio para avaliar se se acada ou non a meta dun indicador que depende de sub-indicadores é o seguinte:
 - Se se acada a meta en todos os sub-indicadores a meta do indicador avalíase como “*meta totalmente acadada*”
 - Se se acada a meta en algún dos sub-indicadores a meta do indicador avalíase como “*meta parcialmente acadada*”
 - Se non se acada a meta en ningún dos sub-indicadores a meta do indicador avalíase como “*meta non acadada*”
 - Cabe indicar que se ningún sub-indicador ten meta asociado a valoración do indicador tamén figura como “*Sen metas*”.
- Algúns indicadores non teñen un valor concreto. Trátase de indicadores formados por un conxunto de datos que se recollen nos anexos ao IRPD. Este é o caso do indicador “19. *Distribución de alumnado por centros de prácticas*”, por exemplo.
- Os datos que figuran na táboa en cor azul corresponden a metas de referencia establecidas como a metade do rango de valores.



Indicadores		Procedementos asociados	Curso 22/23			Curso 21/22			Curso 20/21		
Código	Denominación Indicador	Denominación	Meta	Resultado	Observacións	Meta	Resultado	Observacións	Meta	Resultado	Observacións
Indicadores dos Programas de Calidade											
I1-I2	Nº Estudiantes de novo ingreso (Grao e Máster)	AC-0201 Matrícula	16	8	Meta non acadada	16	5	Meta non acadada	20	6	Meta non acadada
I3	Indicadores de mobilidade do estudiantado	DO-0205: Xestión da mobilidade	0	0	Sen metas	0	0	Sen metas	0	0	Sen metas
I3-1	Nº Estudiantes propio e alleo que participa en programas de mobilidade	DO-0205: Xestión da mobilidade		1	Indicador sen meta		2	Indicador sen meta		2	Indicador sen meta
I3-2	% Estudiantes que participan en programas de mobilidade	DO-0205: Xestión da mobilidade		5%	Indicador sen meta		10%	Indicador sen meta		6%	Indicador sen meta
I4	Resultados dos indicadores do SGC	DE-02 Seguimento e Medición	37	25	68%	27	21	78%	36	32	88,89%
I5	% Participación do PDI do título en plans de formación	PE-02 Xestión de PDI		25%	Indicador sen meta		27%	Indicador sen meta		36%	Indicador sen meta
I5-1	Nº PDI en plans de formación do título	PE-02 Xestión de PDI		7	Indicador sen meta		7	Indicador sen meta		10	Indicador sen meta
I7	% PDI do título avaliado polo programa DOCENTIA e resultados obtidos	PE-02 Xestión de PDI	0	0	Sen metas	0	0	Sen metas	0	0	Sen metas
I7-1	Nº PDI avaliado en DOCENTIA	PE-02 Xestión de PDI			Indicador sen meta		6	Indicador sen meta		1	Indicador sen meta
I7-2	% PDI que participa en DOCENTIA	PE-02 Xestión de PDI		0%	Indicador sen meta		23%	Indicador sen meta		4%	Indicador sen meta
I7-3	Resultados do PDI avaliado	PE-02 Xestión de PDI	----	----	----	----	----	----	----	----	----
I8	Indicadores de mobilidade do PDI	PE-02 Xestión de PDI	0	0	Sen metas	0	0	Sen metas	0	0	Sen metas
I8-1	Nº PDI propio que participa en programas de mobilidade	PE-02 Xestión de PDI		1	Indicador sen meta		5	Indicador sen meta		0	Indicador sen meta
I8-2	% de PDI que participa en programas de mobilidade	PE-02 Xestión de PDI		4%	Indicador sen meta		19%	Indicador sen meta		0%	Indicador sen meta
I9	Distribución de alumnado por centros de prácticas	DO-0204 Xestión de prácticas	----	----	----	----	----	----	----	----	----
I10	Indicadores de resultados	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	8	2	Meta parcialmente acadada	8	6	Meta parcialmente acadada	8	6	Meta parcialmente acadada
I10-1	Taxa de graduación da titulación	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	80,0%	67%	Meta non acadada	80,0%	60%	Meta non acadada	50,0%	100%	Meta acadada
I10-2	Taxa de abandono da titulación (CURSA)	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	10,0%	17%	Meta non acadada	10,0%	5%	Meta acadada	50,0%	0%	Meta acadada
I10-3	Taxa de eficiencia	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	90,0%	84%	Meta non acadada	90,0%	91%	Meta acadada	90,0%	95%	Meta acadada
I10-4	Taxa de Rendemento	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	80,0%	64%	Meta non acadada	80,0%	70%	Meta non acadada	80,0%	79%	Meta non acadada

I10-5	Taxa de éxito	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	90,0%	82%	Meta non acadada	90,0%	98%	Meta acadada	90,0%	99%	Meta acadada
I10-6	Taxa de avaliación	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	50,0%	78%	Meta acadada	50,0%	72%	Meta acadada	50,0%	81%	Meta acadada
I10-7	Taxa de Rendemento por materia	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	----	----	----	----	----	----	----	----	----
I10-8	Mínimo das Taxas de Rendemento das materias da titulación	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección		33%	Indicador sen meta		43%	Indicador sen meta		56%	Indicador sen meta
I10-9	% de materias cunha taxa de rendemento superior á meta fixada	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	50,0%	36%	Meta non acadada	50,0%	62%	Meta acadada	50,0%	76%	Meta acadada
I10-10	Taxa de éxito por materia	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	----	----	----	----	----	----	----	----	----
I10-11	Mínimo das taxas de éxito das materias da titulación	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección		50%	Indicador sen meta		75%	Indicador sen meta		83%	Indicador sen meta
I10-12	% de materias cunha taxa de éxito superior á meta fixada	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	50,0%	50,00%	Meta acadada	50,0%	85,71%	Meta acadada	50,0%	92,00%	Meta acadada
I11	Relación de Oferta / Demanda de prazas	AC-0104: Acceso e admisión	1	0	Ningunha meta acadada	1	0	Ningunha meta acadada	1	0	Ningunha meta acadada
I11-1	Taxa de Ocupación	AC-0104: Acceso e admisión	80,0%	27%	Meta non acadada	80,0%	17%	Meta non acadada	80,0%	20%	Meta non acadada
I11-2	Taxa de Preferencia (só Graos)	AC-0104: Acceso e admisión	----	----	----	----	----	----	----	----	----
I11-3	Taxa de Adecuación (só Graos)	AC-0104: Acceso e admisión	----	----	----	----	----	----	----	----	----
I12	Resultados de inserción laboral	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección			Indicador sen meta			Indicador sen meta			Indicador sen meta
I13	Media alumnos por grupo de docencia ou PDA	DO-0201 Planificación e desenvolvemento da ensinanza	----	----	----	----	----	----	----	----	----
Indicadores institucionais da Universidade de Vigo											
I20	Índices das enquisas de satisfacción coas titulacións	MC-05 Medición satisfacción	4	3	Meta parcialmente acadada	2	2	Meta totalmente acadada	4	4	Meta totalmente acadada
I20-1	Índice de satisfacción do Estudiantado coas titulacións	MC-05 Medición satisfacción	4,0	3,32	Meta non acadada	4,0	4,11	Meta acadada	3,0	3,9	Meta acadada
I20-2	Índice de satisfacción do Profesorado coas titulacións	MC-05 Medición satisfacción	4,0	4,56	Meta acadada				3,0	4,31	Meta acadada
I20-3	Índice de satisfacción do Persoas tituladas coas titulacións	MC-05 Medición satisfacción	3,5	4,36	Meta acadada	3,5	3,97	Meta acadada	3,0	4,31	Meta acadada
I20-4	Índice de satisfacción do PAS coas titulacións	MC-05 Medición satisfacción	3,0	3,66	Meta acadada			Indicador sen meta	3,0	4,00	Meta acadada
I21	Taxa de abandono (Egreso) (só Graos)	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección	----	----	----	----	----	----	----	----	----
I22	Taxa de cambio de estudo	DE-02 Seguimento e Medición; DE-03 Revisión do sistema pola dirección		0%	Indicador sen meta		0%	Indicador sen meta		0%	Indicador sen meta

I23	Índice de satisfacción cos recursos materiais e servizos	IA-01: Xestión dos recursos materiais e dos servizos	4	3	Meta parcialmente acadada	2	2	Meta totalmente acadada	4	4	Meta totalmente acadada
I23-1	Satisfacción do Estudantado cos recursos materiais e servizos	IA-01: Xestión dos recursos materiais e dos servizos	3,0	2,88	Meta non acadada	3,0	4,08	Meta acadada	3,0	3,67	Meta acadada
I23-2	Satisfacción do Profesorado cos recursos materiais e servizos	IA-01: Xestión dos recursos materiais e dos servizos	3,0	4,67	Meta acadada			Indicador sen meta	3,0	4,46	Meta acadada
I23-3	Satisfacción das Persoas tituladas cos recursos materiais e servizos	IA-01: Xestión dos recursos materiais e dos servizos	3,0	4,44	Meta acadada	3,0	4,67	Meta acadada	3,0	4,83	Meta acadada
I23-4	Satisfacción do PAS cos recursos materiais e servizos	IA-01: Xestión dos recursos materiais e dos servizos	3,0	4,13	Meta acadada			Indicador sen meta	3,0	3,33	Meta acadada
I24	Índice de satisfacción coa orientación recibida no centro	DO-0203: Orientación do estudantado e atención ás NEAE	2	2	Meta totalmente acadada	2	2	Meta totalmente acadada	2	2	Meta totalmente acadada
I24-1	Satisfacción do Estudantado coa orientación recibida no centro	DO-0203: Orientación do estudantado e atención ás NEAE	3,0	4,50	Meta acadada	3,0	4	Meta acadada	3,0	3,6	Meta acadada
I24-2	Satisfacción das Persoas tituladas coa orientación recibida no centro	DO-0203: Orientación do estudantado e atención ás NEAE	3,0	4,17	Meta acadada	3,0	3	Meta acadada	3,0	4,8	Meta acadada
I25	% Alumnado en prácticas académicas	DO-0204: Xestión das prácticas académicas		19%	Indicador sen meta		43%	Indicador sen meta		52%	Indicador sen meta
I26	Índice de satisfacción coa promoción da titulación e a información pública na web	DO-0301 Información Pública	4	4	Meta totalmente acadada	2	2	Meta totalmente acadada	4	4	Meta totalmente acadada
I26-1	Satisfacción do Estudantado coa promoción da titulación e a información pública na web	DO-0301 Información Pública	3,0	3,67	Meta acadada	3,0	4,67	Meta acadada	3,0	4,19	Meta acadada
I26-2	Satisfacción do Profesorado coa promoción da titulación e a información pública na web	DO-0301 Información Pública	3,0	4,56	Meta acadada			Indicador sen meta	3,0	4,38	Meta acadada
I26-3	Satisfacción das Persoas tituladas coa promoción da titulación e a información pública na web	DO-0301 Información Pública	3,0	4,33	Meta acadada	3,0	5	Meta acadada	3,0	4,25	Meta acadada
I26-4	Satisfacción do PAS coa promoción da titulación e a información pública na web	DO-0301 Información Pública	3,0	3,67	Meta acadada			Indicador sen meta	3,0	3,78	Meta acadada
I31	Nº Accións de mellora asociadas á titulación	DO-0102: Seguimento e mellora das titulacións	----	0	Indicador sen meta	----	0	Indicador sen meta	----	0	Indicador sen meta
I35	Nota media do acceso	DO-0202 Promoción das titulacións		6,76	Indicador sen meta	7	6,683	Meta non acadada	7	7,848	Meta acadada
I36	% Estudantado titorizado	DO-0203: Orientación do estudantado e atención ás NEAE	50%	100%	Meta acadada	50%	100%	Meta acadada	50%	100%	Meta acadada

I37	Grao de Satisfacción do estudiantado co PAT	DO-0203: Orientación do estudiantado e atención ás NEAE	3,0	3,66	Indicador sen meta			Indicador sen meta			Indicador sen meta
I38	Grao de satisfacción das Persoas Tituladas coas Prácticas	DO-0204: Xestión das prácticas académicas	3,0	4,44	Meta acadada	3,00	2,7	Meta non acadada	3,00	2,5	Meta non acadada
I39	Grao de satisfacción cos RRHH	PE-01 Xestión do PAS	4	3	Meta parcialmente acadada	2	2	Meta totalmente acadada	4	4	Meta totalmente acadada
I39-1	Satisfacción do Estudiantado cos RRHH da titulación	PE-01 Xestión do PAS	3,0	1,0	Meta non acadada	3,0	4,67	Meta acadada	3,0	4,71	Meta acadada
I39-2	Satisfacción do Profesorado cos RRHH da titulación	PE-01 Xestión do PAS	3,0	4,16	Meta acadada			Indicador sen meta	3,0	4,24	Meta acadada
I39-3	Satisfacción das Persoas tituladas cos RRHH da titulación	PE-01 Xestión do PAS	3,0	4,67	Meta acadada	3,0	4,50	Meta acadada	3,0	4,25	Meta acadada
I39-4	Satisfacción do PAS cos RRHH da titulación	PE-01 Xestión do PAS	3,0	3,13	Meta acadada			Indicador sen meta	3,0	3,67	Meta acadada
I42	% Accións de Mellora finalizadas no curso	XD-01: Control dos documentos e dos rexistros		10%	Indicador sen meta		0%	Indicador sen meta		38%	Indicador sen meta
I43	Resultados EAD	PE-02 Xestión de PDI	4	4,18	Meta acadada	4	4,24	Meta acadada	3	4,18	Meta acadada
I44	Índice de satisfacción coa organización e o desenvolvemento	DO-0201 Planificación e desenvolvemento da ensinanza	4	4	Meta totalmente acadada	2	2	Meta totalmente acadada	4	4	Meta totalmente acadada
I44-1	Satisfacción do Estudiantado coa organización e o desenvolvemento	DO-0201 Planificación e desenvolvemento da ensinanza	3,0	3,55	Meta acadada	3,0	3,61	Meta acadada	3,0	3,79	Meta acadada
I44-2	Satisfacción do Profesorado coa organización e o desenvolvemento	DO-0201 Planificación e desenvolvemento da ensinanza	3,0	4,62	Meta acadada			Indicador sen meta	3,0	4,40	Meta acadada
I44-3	Satisfacción das Persoas tituladas coa organización e o desenvolvemento	DO-0201 Planificación e desenvolvemento da ensinanza	3,0	4,17	Meta acadada	3,0	3,50	Meta acadada	3,0	4,70	Meta acadada
I44-4	Satisfacción do PAS coa organización e o desenvolvemento	DO-0201 Planificación e desenvolvemento da ensinanza	3,0	3,75	Meta acadada			Indicador sen meta	3,0	4,00	Meta acadada
I45	Nº Estudiantado matriculado	AC-0201 Matrícula	----	21	Indicador sen meta	----	21	Indicador sen meta	----	33	Indicador sen meta
I46	Nº PDI que imparte docencia en titulación	PE-02 Xestión de PDI	----	28	Indicador sen meta	----	26	Indicador sen meta	----	28	Indicador sen meta
Indicadores do programa estratéxico de centro											
I50	Indicadores do programa estratéxico do centro asociado á Titulación 1	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	2	0	Ningunha meta acadada	1	1	Meta totalmente acadada	0	0	Ningunha meta acadada
I50-11	Porcentaxe de mulleres en matrícula (antigo I04(2)-AC)	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	20%	19%	Meta non acadada		20%	Indicador sen meta		17%	Indicador sen meta



150-12	Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento da materia TFM (antigo I07(2)-DO)	DE-01: Programación e desenvolvemento estratéxico	3,5		Introducir Resultado ²³	3,5	5	Meta acadada		4	Indicador sen meta
--------	--	---	-----	--	------------------------------------	-----	---	--------------	--	---	--------------------

²³ Non consta resultado dado que non houbo participación

II.2 Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais

As enquisas de satisfacción coa titulación dos diferentes colectivos se realizan nas seguintes condicións:

- As enquisas de satisfacción coa titulación do **estudantado** realízanse todos os anos (nos graos ao estudantado de terceiro curso e nas titulacións de máster só unha vez, ao estudantado do último curso da titulación).
- Realízanse dúas enquisas de satisfacción a **persoas tituladas**: enquisa de satisfacción coa titulación (no curso seguinte ao de finalización dos estudos) e de inserción laboral (realízase desde ACSUG nos dous cursos seguintes ao de finalización dos estudos).
- As enquisas de satisfacción coa titulación do **profesorado** son bienais.
- As enquisas de satisfacción a **empregadores/as** realízanse anualmente. No curso 2020/21 introdúcese un novo procedemento de selección de empresas ás que achegar a enquisa, co obxecto de aumentar a participación. No curso 2021/22 área de calidade decide non levar a cabo a enquisa para tratar de atopar un procedemento máis eficiente. No 2022/2023 a participación foi do 100%.
- A enquisa de satisfacción do **PAS** vai vinculada ao global do centro, desagregando soamente por tipo de ensinanzas (grao ou máster); polo tanto non se dispoñe de datos desagregados por titulacións. Ademais, estas enquisas son bienais.

	Resultados de Participación	Satisfacción xeral curso 22/23	Ítems/ epígrafes mellor valorados	Ítems epígrafes peor valorados
Estudantado	50% (anterior 43%)	3.32 (anterior 4.11)	Ítem 4 "O calendario das probas de avaliación" (4.50)	Ítem 12 "A axuda recibida do persoal de administración e servizos do centro" (1.00) [1 resposta]
			Ítem 6 "A orientación académica recibida no plan de acción titorial" (4.50)	Ítem 3 "Os horarios da titulación" (2.00)
			Ítem 7 "A facilidade para atopar contidos na páxina web" (4.50)	Ítem 15 "Os espazos para o traballo autónomo" (2.50)
Persoas tituladas	50% (anterior 14%)	4.36 (anterior 3.97)	2 ítems teñen valoración 5.00 (preguntas 10 e 19) e outros 6 valoración 4.67 (preguntas 6, 7, 11, 12, 13 e 14)	Ítem 1 "A distribución das materias do plan de estudos" (3.67) Ningún outro ítem ten valoración inferior a 4.00
			Ítem 7 "A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web" (4.82)	Ítem 13 "A oferta de formación permanente da Universidade de Vigo para o profesorado" (3.80)
Profesorado ²⁴	59% (anterior 61%)	4.56 (anterior 4.31)	Ítem 4 "O calendario das probas de avaliación" (4.78)	Ningún outro ítem ten valoración inferior a 4.00
			Outros 8 ítems teñen unha valoración de máis de 4.60 (preguntas 1, 2, 5, 8, 14, 15, 16 e 17)	
Empregadores ²⁵	100% 7 respostas ²⁶	4.48 (anterior 3.43)	"Valor que aportan as persoas tituladas á súa empresa" (4.86)	"Nivel de adecuación da formación ao perfil profesional dos/das titulados/as" (4.14)
PAS ²⁷	31% (anterior 15%)	3.66 (anterior 4.00)	8 ítems teñen unha valoración de 4.00 ou máis	Ítem 9 "A dotación do PAS adscrito" (2.75)

²⁴ Os datos da enquisa anterior, entre paréntese, corresponden ao curso 2020/2021, última enquisa realizada

²⁵ Os datos da enquisa anterior correspóndense ao curso 2020/2021, última enquisa realizada

²⁶ Hai preguntas nas que é complicado facer unha valoración. Un dato importante é que o 100% das persoas empregadoras responderon que se tivese que contratar de novo, faríao entre persoas con esta mesma titulación da Universidade de Vigo.

²⁷ Os datos non están desagregados por titulacións se non por tipo de ensinanzas (grao ou máster). Os datos da enquisa anterior, entre paréntese, corresponden ao curso 2020/2021.

			(preguntas 1, 3, 4, 5, 6, 7, 10 e 11)	
--	--	--	---------------------------------------	--

Preséntanse a continuación os datos por bloques relativos aos resultados da satisfacción coa titulación para os diferentes colectivos e a comparativa cos resultados do ano anterior; xa que algúns deles non están recollidos nas táboas de indicadores.

Enquisa	Organización e desenvolvemento I44	Información e transparencia I26	Sistema de garantía de calidade	Recursos humanos I39	Recursos materiais e servizos I23	Resultados de aprendizaxe	Prácticas externas I38
Estudantado	3.55 (3.61)	3.67 (4.67)	3.00 (4.67)	1.00 [1 resposta] (4.67)	2.88 (4.08)	4.00 (4.00)	-
Persoas tituladas	4.17 (3.50)	4.33 (5.00)	4.60 (4.50)	4.67 (4.50)	4.44 (4.67)	4.17 (3.75)	4.44 (2.67)
Profesorado	4.62 (4.24)	4.56 (4.38)	4.50 (4.29)	4.16 (4.24)	4.67 (4.46)	4.57 (4.17)	
Enquisa	Información xeral I26	Comunicación	Recursos humanos I39	Recursos materiais e servizos I23	Xestión da calidade	Xeral I44	
PAS	3.67 (3.78)	4.00 (3.92)	3.13 (3.67)	4.13 (3.33)	3.18 (3.44)	3.75 (4.00)	

II.3 Indicadores por materia

Panel de indicadores por materia

Materia	Nº ECTS matriculado	Nº ECTS presentado	Nº ECTS Super.	Taxa avaliación	Taxa de éxito	Taxa rendemento	Meta Taxa éxito	Meta Taxa Rendem.	
M148101	Concentración de Minerais	18,00	18,0	12,0	100,00%	66,67%	66,67%	90%	80%
M148102	Explotación Sostible de Recursos Mineiros	22,50	15,0	7,5	66,67%	50,00%	33,33%	90%	80%
M148103	Obtención e Transformación de Materiais Metálicos	42,00	30,0	30,0	71,43%	100,00%	71,43%	90%	80%
M148104	Explosivos e Voaduras	30,00	24,0	12,0	80,00%	50,00%	40,00%	90%	80%
M148105	Deseño e Execución de Obras Subterráneas	13,50	9,0	9,0	66,67%	100,00%	66,67%	90%	80%
M148106	Procesos de Carboquímica e Petroquímica	24,00	24,0	18,0	100,00%	75,00%	75,00%	90%	80%
M148107	Fundamentos de Xeración Eléctrica	9,00	9,0	6,0	100,00%	66,67%	66,67%	90%	80%
M148108	Enxeñaría de Taludes	12,00	12,0	12,0	100,00%	100,00%	100,00%	90%	80%
M148109	Recursos Renovables e non Renovables. Xeomática Avanzada	18,00	18,0	18,0	100,00%	100,00%	100,00%	90%	80%
M148110	Modelización e Avaliación de Recursos Mineiros	54,00	42,0	30,0	77,78%	71,43%	55,56%	90%	80%
M148201	Enxeñaría de Minerais e Materiais	60,00	48,0	42,0	80,00%	87,50%	70,00%	90%	80%
M148202	Enxeñaría da Auga	54,00	54,0	36,0	100,00%	66,67%	66,67%	90%	80%
M148203	Enxeñaría de Explosivos	54,00	54,0	36,0	100,00%	66,67%	66,67%	90%	80%
M148204	Enxeñaría Mineira	54,00	54,0	42,0	100,00%	77,78%	77,78%	90%	80%
M148205	Matemáticas Avanzadas	54,00	54,0	42,0	100,00%	77,78%	77,78%	90%	80%
M148301	Simulación Aplicada a Mecánica de Sólidos	15,00	12,0	12,0	80,00%	100,00%	80,00%	90%	80%
M148302	Simulación Aplicada a Xeotecnia	12,00	9,0	9,0	75,00%	100,00%	75,00%	90%	80%
M148303	Simulación Aplicada a Procesos Químicos	12,00	12,0	12,0	100,00%	100,00%	100,00%	90%	80%
M148304	Xestión Integral de Industrias Mineiras	24,00	24,0	18,0	100,00%	75,00%	75,00%	90%	80%
M148305	Simulación Aplicada a Mecánica de Fluidos	12,00	12,0	12,0	100,00%	100,00%	100,00%	90%	80%
M148306	Xestión de Recursos Enerxéticos	30,00	24,0	24,0	80,00%	100,00%	80,00%	90%	80%
M148307	Túneles e Infraestruturas Subterráneas	24,00	24,0	18,0	100,00%	75,00%	75,00%	90%	80%
M148401	Traballo Fin de Máster	162,00	54,0	54,0	33,33%	100,00%	33,33%	90%	80%
M148402	Automática	15,00	12,0	12,0	80,00%	100,00%	80,00%	90%	80%
M148403	Prácticas Externas	45,00	36,0	36,0	80,00%	100,00%	80,00%	90%	80%
M148111	Enerxía Térmica Convencional e Renovable	9,00	9,0	9,0	100,00%	100,00%	100,00%	90%	80%
M148112	Eficiencia Térmica e Coxeración	18,00	18,0	12,0	100,00%	66,67%	66,67%	90%	80%
M148CF G311315	Obras Subterráneas	6,00	6,0	6,0	100,00%	100,00%	100,00%	90%	80%
Nº total de materias		28	100%	Mínimos		50,00%	33,33%		
Nº materias que superan a meta de éxito		14	50%						
Nº materias que superan a meta de rendemento		10	36%						

TFMs defendidos no curso 2022/2023

	Título traballo	Cualificación	Nota	Idioma	Data
1	Avaliación enerxética da rede de aire comprimido dunha planta de fabricación de vehículos.	Sobresaliente	9.7	Galego	04/07/2023
2	Electrificación dos consumos de unha vivenda unifamiliar mediante substitución de caldeira de gasóleo por unha bomba de calor aerotérmica e implementación de unha instalación fotovoltaica de autoconsumo.	Sobresaliente	9.5	Español	04/07/2023
3	Avaliación de Impacto Ambiental Autovía A-57. Tramo Vilaboa-A Ermida. Clave do proxecto 12-PO-4200	Aprobado	6.5	Español	26/07/2023
	Total: 3	Media	8.6		

II.4 Datos relativos a QSP recibidas

A valoración dos resultados do sistema QSP inclúese na valoración de epígrafes correspondentes ao centro, dado que non se identifican QSP de forma específica para a titulación. De feito no curso 2021/2022 non hai ningunha QSP.

II.5 Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas

Rexistro	Procedemento	Estado do rexistro	Data límite de entrega	Observacións	Documentos Adxuntos
R1-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a modificación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	Completado	31/12/2022	Na Comisión de Calidade do 22/11/2022 aprobouse presentar a declaración de interese de modificación da titulación Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para a súa implantación no curso 2024/2025, como continuación de estudos para a primeira promoción dos novos plans das titulacións de grao que se imparten no centro.	<u>1</u>
R2-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a acreditación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	Completado	31/01/2023	NON PROCEDE	<u>0</u>
R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado	15/03/2023	NON PROCEDE: neste curso non corresponde avaliación externa da titulación, polo tanto o informe anual de seguimento da mesma inclúese no IRPD.	<u>0</u>
R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado	29/12/2023	NON PROCEDE; neste curso non se levou a cabo ningunha avaliación externa da titulación.	<u>0</u>
R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado	29/12/2023	A criterio da Área de Calidade da Universidade de Vigo este curso non lle corresponde o seguimento interno a esta titulación.	<u>0</u>
R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Completado	31/12/2022	NON PROCEDE.	<u>0</u>
R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Completado	31/12/2022	NON PROCEDE.	<u>0</u>
R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado	31/10/2023	Informe de accións de coordinación do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas correspondente ao curso 2022/2023 (aprobado na Comisión de Calidade do 20/11/2023)	<u>1</u>
R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	Completado	31/07/2023	No Máster Universitario en Enxeñaría de Minas mantéñense vixentes os criterios de asignación de prácticas externas curriculares que foron rexistrados na plataforma no curso 2018/19 (documento asinado pola Coordinadora do Máster e polo Coordinador de Prácticas Externas e presentado á Comisión de Calidade do centro na súa sesión do 19/11/2019).	<u>0</u>
R1- PE02 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	Completado	29/12/2023	Os resultados definitivos das Enquisas de Avaliación Docente do curso 2022/2023, agregados por titulacións, foron publicados en xaneiro de 2024. Cabe sinalar que no devandito curso as enquisas se realizaron online.	<u>1</u>

III. Análise de resultados. Seguimento da titulación

III.1 Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: O programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do estudiantado

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración

Como resultado da análise a nivel do centro planificouse o proceso de modificación das titulacións do centro, grao e máster, proceso que se levou a cabo ao longo do curso 2018/19 para as titulacións de grao e o no 2023/2024 para a titulación de máster. O proceso de modificación desenvolveuse con normalidade, recibindo informe favorable á proposta de modificación por parte de todos os organismos implicados no proceso. Todo a documentación e información relativa ao proceso está recollida nos correspondentes rexistros do SGIC e actas da Comisión Académica do Máster, Comisión de Calidade e Xunta de Escola. O En relación á implantación da titulación o calendario é o seguinte:

- Curso 2024/2025. Implantación de primeiro curso do título modificado. Impártese segundo curso do título en extinción
- Curso 2025/2026. Implantación de segundo curso do título modificado. Non se imparte ningún curso do título en extinción

En relación á organización da titulación e a preparación para a impartición de cada curso considérase que se realiza axeitadamente, dado que a sistemática de traballo é estable e está moi consolidada. En particular as tarefas principais en relación a organización e planificación do curso son:

1. Aprobación do límite de prazas ofertadas
2. Aprobación das persoas responsables da coordinación (titulación, curso, mobilidade, Plan Acción Titorial, Plan ANEAE, Prácticas Externas, Calidad, Seguimento Persoas Egresadas, Igualdade e Normalización Lingüística)
3. Elaboración e aprobación do encargo docente da titulación do curso 2022/2023.
4. Elaboración e aprobación do calendario escolar
5. Elaboración e aprobación do calendario do TFM
6. Elaboración e aprobación dos horarios da titulación
7. Aprobación do calendario de exames da titulación
8. Elaboración y aprobación do Plan de Ordenación Docente, responsabilidade da Comisión Académica do Máster
9. Aprobación de guías docentes da titulación
10. Asignación e aprobación da adquisición de equipamento para laboratorios docentes da titulación

Todas estas actividades teñen asignada unha persoa responsable da súa implementación e son valoradas pola Comisión Académica do Máster, Comisión de Calidade e/ou pola Xunta de Escola. Toda a información e evidencias relativas á realización destas tarefas está recollida nas actas dos órganos colexiados e nos rexistros do SIGC "R3 DO-0201 Informe Anual de Coordinación".

Planificación e organización académica

O proceso de planificación académica (PDA, POD e guías docentes) levouse a cabo sen incidencias destacables.

En canto á organización académica débese indicar que o calendario escolar da titulación de Máster é aprobado pola Comisión Académica do Máster, tendo como marco normativo os límites temporais establecidos pola Universidade (comezo e final de curso, períodos lectivos, festivos, peche de actas). No Máster Universitario en Enxeñaría de Minas hai dous calendarios académicos diferentes para primeiro e segundo curso, dado que o calendario de preinscrición e matrícula para o estudiantado de novo ingreso finaliza a mediados de setembro, polo que se axusta o comezo das clases de primeiro curso ao final do procedemento de matrícula. Para o estudiantado de 2º curso, a matrícula de continuación de estudos se formaliza antes, polo que é posible comezar as clases a principio de setembro. O feito de establecer diferentes calendarios para primeiro e segundo curso non supuxo ningún problema e si a vantaxe de dispoñer dun colchón temporal para o estudiantado de segundo curso. Conclúese que o calendario escolar, coa formulación de diferenciar calendarios para primeiro e segundo curso, está ben resolto e permite axustar a carga de traballo do alumno adecuadamente. Ademais, considérase que os horarios poderían mellorarse, con obxecto de facelos máis compactos, motivo polo que anualmente estanse revisando tendo en conta a valoración que fan os o estudiantado das diferentes propostas.

Mecanismos de coordinación da titulación

En relación ao establecemento e avaliación de mecanismos de coordinación docente, pódense consultar os resultados das actividades de coordinación no Informe de Coordinación. En base aos datos e análises que figuran en devandito informe considérase que os

mecanismos de coordinación están ben implementados en base á experiencia acumulada nos cinco cursos de impartición da titulación e ao establecemento de protocolos de actuación. En particular as accións de coordinación relacionadas coa planificación de Enquisas de Avaliación Docente, elaboración e aprobación de PDA, POD, guías docentes, horarios, calendarios, desenvolvemento da materia TFM, recollida de evidencias do SGIC e seguimento da titulación resólvense correctamente e son coñecidos por todos os axentes implicados. En canto á coordinación da materia PE cabe sinalar a dificultade inherente ao feito de non dispoñer dunha normativa de aplicación para a titulación, tratando de liquidar directamente todas as cuestións relativas ás PE directamente o Coordinador da materia, a Coordinadora da titulación ou o persoal de administración de apoio aos centros.

Cabe sinalar que tamén se aproba, antes do comezo do curso 2022/2023 o *Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía* a implantar no curso correspondente. Este documento recolle todas as actividades a realizar (persoas responsables e descrición das actividades) en relación á orientación e seguimento do estudantado.

Cabe sinalar tamén unha actividade que se organiza e oferta de forma extracurricular ao estudantado da titulación, que é unha viaxe de estudos, organizada polo centro e para a cal se fai reserva no calendario escolar, co obxectivo de que o estudantado poida visitar e coñecer procesos tecnolóxicos propios dos ámbitos de traballo da titulación dos que non hai exemplos en Galicia.

Acceso e admisión

O proxecto formativo axústase completamente no relativo ao cumprimento dos requisitos de acceso e admisión na titulación. Considérase que o procedemento estase levando a cabo correctamente e garante que o estudantado de novo ingreso cumpre os requisitos marcados pola normativa de aplicación. En relación ao establecemento de complementos de formación, a análise caso a caso garante a adquisición das competencias marcadas pola Orde CIN 310/2009 para a profesión de Enxeñeiro/a de Minas e a planificación curricular personalizada garante que o estudantado poida cursar con éxito a titulación.

O número matriculados/as de novo ingreso no curso 2022/2023 foi 8, cifra afastada do obxectivo da titulación (maior de 16 persoas). Non obstante, cabe realizar unha análise temporal da evolución de matrícula, dado que hai variacións importantes dun ano a outro. E cabe indicar que ten unha importante influencia que o número de persoas egresadas dos graos do centro foi excepcionalmente baixo no curso 2021/2022, o cal limita o número de persoas que acceden á titulación desde os graos do centro, que é o colectivo maioritario de curso.

"I35 Nota media de acceso" A nota media de acceso mantense ao redor de 7.0 (6.683 no 2021/2022 e 6.76 no 2022/2023).

En canto á taxa de ocupación da oferta de prazas de novo ingreso no curso 2022/2023 a ocupación foi excepcionalmente baixa, como se indicou previamente. Cabe sinalar que nas titulacións de máster actualmente non se dispón de datos relativos á demanda por preinscrición en 1ª opción (preferencia), nin á adecuación da titulación, que sería un indicador a valorar. Considérase oportuno indicar que no proceso de modificación da titulación unha das cuestións que se modificaron foi o número de prazas ofertadas (reduciuse a 20 prazas), dado que se considera razoable axustar as prazas ofertadas á demanda laboral da titulación.

En canto ao nivel académico do estudantado de novo ingreso considérase prioritario captar estudantado con expedientes académicos brillantes. No IRPD do curso 2017/18 declarouse unha acción de mellora unha acción de mellora relativa á posibilidade de que o Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do NO (COIMNE) financie axudas ao estudo para cursar o máster. Cabe sinalar que a acción de mellora completouse, concedendo o COIMNE dúas bolsas para os mellores expedientes de acceso ao Máster procedentes dos graos do centro. Ademais o COIMNE concede tamén un Premio ao Mellor expediente de egreso da titulación. E cabe sinalar que para o curso 2022/2023 o COIMNE ampliou o número de bolsas para os mellores expedientes de acceso á titulación a catro.

Mobilidade

Na seguinte táboa recóllese a información relativa á mobilidade do estudantado que se beneficiou de estancias de mobilidade nos últimos cursos. Inclúese tanto a mobilidade Erasmus (estudiantado propio e alleo) como outros convenios de intercambio do centro.

Curso	Erasmus propios	Erasmus alleos	Outros convenios de intercambio
2019/20	6	2	0
2020/21	1	1	1
2021/22	2	0	
2022/23	1	0	

En relación á mobilidade cabe indicar que se está recuperando, aínda que os resultados son moi mellorables e manterase activa a acción de mellora que ten como obxectivo incentivar as actividades de mobilidade do estudantado e profesorado. A configuración dos contratos do estudantado propio faise personalizada tendo en conta a oferta formativa en destino e garantindo que, en calquera caso, adúranse as competencias da titulación, con especial coidado naquelas vinculadas á profesión regulada. En relación ao indicador relativo á mobilidade de estudantado cabe indicar que está definido *"I3-1 N° estudantes propio e alleo que participa en programas de mobilidade"*, o que dificulta a análise tendo en conta que é un indicador confuso e que o mais interesante sería avaliar a participación desagregando por estudantado alleo e propio, que era como se tiñan os datos en cursos previos.

En canto aos resultados de avaliación docente e satisfacción coa titulación cabe sinalar:

"I20-1 Grao de satisfacción estudantado". A valoración global foi no curso 2022/2023 foi 3.0, no 2021/22 de 4.11 puntos, de 3.90 puntos no 2020/2021 e de 3.64 puntos no 2019/2020, polo que no curso obxecto de avaliación non se acadou a meta obxectivo (>4.00). Como referencias cabe sinalar a valoración para titulacións de máster do ámbito tecnolóxico (3.58) e da universidade (3.41). A participación foi do 50% (referencia UVIGO para o ámbito e nivel 19%). Non obstante cabe indicar que a poboación de partida foi moi pequena no curso 2022/2023.

"I20-2 Grao de satisfacción profesorado". A valoración global foi no curso 2022/2023 de 4.56 e no 2020/2021 4.31. Como referencias cabe indicar a valoración para titulacións de máster é 4.41 e para a Universidade. Polo tanto valórase positivamente a valoración da titulación. Cabe sinalar que a participación foi do 59% e a participación do ámbito e nivel da UVIGO 27%.

"I20-3 Grao de satisfacción das persoas tituladas". A valoración global foi no curso 2022/2023 de 4.36, aumentando lixeiramente (dende 3.97 no curso anterior. Acádase o valor obxectivo (>3.5) e supérase a referencia da valoración do ámbito e nivel para a UVIGO (3.66). A participación foi do 50% (referencia ámbito e nivel UVIGO 13%).

"I20-4 Grao de satisfacción PAS". A valoración global foi no curso 2022/2023 de 3.66, acadándose o valor obxectivo (>3)

Posiblemente os resultados máis salientables corresponden á avaliación por parte das entidades empregadoras (4.48), que trasladan a seguinte valoración nos diferentes ítems, o que se valora moi positivamente:

- "O nivel de adecuación da formación ao perfil profesional dos/das titulados/as": 4.14
- "O nivel de satisfacción co desempeño profesional das persoas tituladas": 4.43
- "O valor que aportan as persoas tituladas á súa empresa": 4.83

Tamén se considera especialmente relevante a resposta das entidades empregadoras á pregunta "Se tivese que contratar de novo, faríao entre persoas con esta mesma titulación da UVigo?", á que o 100% das entidades empregadoras responde positivamente.

"I43 Resultados EAD". O indicador é de 4.18, superior ao dato indicado como referencia na UVIGO (4.09) e ao novo valor obxectivo da titulación (>4.0).

En relación ao índice "I44 Índice de satisfacción coa organización e desenvolvemento" cabe destacar que se acadan os valores obxectivo en todos os sub-indicadores, correspondentes á valoración dos diferentes colectivos de interese, polo que se considera a meta totalmente alcanzada. En particular:

- "I44-1 Grao de satisfacción do estudiantado coa planificación e desenvolvemento do ensino": 3.55
- "I44-2 Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino": 4.62
- "I44-3 Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino": 4.17
- "I44-4 Grao de satisfacción do PAS coa planificación e desenvolvemento do ensino": 3.75

Puntos febles detectados:

Non se identifican novos puntos febles

Accións de mellora a implantar

Evidencias nas que basea a valoración:

- E1: Memoria vixente do título
 - E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora
 - E3: Informe/documento onde se recolla a análise do perfil real de ingreso/egreso
 - E4: Guías docentes das materias (resultados de aprendizaxe, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe, ...)
 - E5: Actas das reunións celebradas, polo menos dos 2 últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado cos acordos adoptados en cada reunión)
 - E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional etc.)/ etc.)
 - E7: Informes sobre o recoñecemento de créditos para valorar a súa adecuación
 - E8: Resultados de medición da satisfacción de empregadores e titulados/as respecto ao perfil de egreso
 - E13: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% de participación, resultados e a súa evolución...)
 - E20: Listaxe de centros/entidades para a realización das prácticas externas curriculares ou extracurriculares
- QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

- I1: Número de estudantes de novo ingreso por curso académico
- I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia
- I3: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados...)
- I13: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) ou PDA.

III.2 Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Toda a información pública da titulación e o seu desenvolvemento está dispoñible na páxina web do centro. En relación ao indicador “I26 Índice de satisfacción coa promoción da titulación e a información pública da web”, todos os sub-indicadores acadan o valor obxectivo, polo que se valora a meta totalmente acadada. En particular a valoración para os deferentes colectivos da satisfacción coa promoción da titulación e a información pública da web é: estudiantado:3.67 , profesorado: 4,56, PAS: 4,3.67e persoas tituladas 4.33. Ademais desde o curso 2020/2021 todos estes indicadores acadan o valor obxectivo, feito que se valora moi positivamente, por tanto reflexa que se trata dunha valoración consolidada no tempo.

Por outro lado, considérase oportuno sinalar, que, desde o punto de vista do funcionamento do centro, publícase na páxina web do centro o apartado de “Informe do/a Director/a” de todas sesións de Xunta de Escola, ao obxecto de que todas as persoas da comunidade universitaria do centro estean debidamente informadas, con independencia de que formen parte ou non dos órganos colexiados do centro.

Polo tanto, tendo en conta as valoracións dos colectivos de interese do centro, considérase que a información pública que se ofrece na páxina web é accesible e está actualizada e que a información está ben estruturada, aínda que, tal como se recolle no apartado do centro, considerase conveniente reestruturar os contidos da web e incluír información sobre actividades que se están a realizar no centro e que non teñen a axeitada visibilidade na web.

En relación a actividade e comunicación coas persoas egresadas, o centro habilitou en 2022 a figura de Responsable de Seguimento das Persoas Egresadas, que ten entre as súas funcións manter unha comunicación fluída coas persoas egresadas e recoller información sobre a inserción laboral e a empregabilidade da titulación. Cabe indicar entre as actividades realizadas no 2022/2023 a publicación de tres números da revista “Materia Prima”, que recolle información sobre a actividade profesional e laboral das persoas egresadas da Escola, e de forma específica das persoas egresadas da titulación.

A web, con todo, non é a única canle de información relevante. A plataforma MOOVI configúrase como un espazo moi importante no que respecta ao desenvolvemento e organización do ensino. Tamén se emprega esta plataforma como espazo de comunicación xeral co estudiantado. Neste sentido cabe indicar que se habilitaron en MOOVI espazos específicos de información e comunicación co estudiantado matriculado en cada curso xestionados pola persoa coordinadora de cada curso, que asume tamén as funcións de persoa titora de PAT do curso. E tamén cabe indicar que se habilitaron, dentro destes espazos INFO en MOOVI un apartado específico de *Preguntas Frecuentes*, moi completo, que recolle resposta a un conxunto de preguntas de todo tipo: de xestión académica, procedementos administrativos, prácticas externas, TFG, avaliación, etc.

Outras canles de comunicación relevantes co estudiantado e o profesorado son os ligados ao desenvolvemento do PAT e o fluxo de achegas que se produce no marco das enquisas de satisfacción e as queixas, suxestións e parabéns (QSP) reunións habituais con Delegación de Alumnado, canles e ferramentas que funcionan axitadamente.

Non obstante cabe indicar que, dado que a titulación modificada se implanta no curso 2023/2024, faise necesario revisar e actualizar contidos e recursos materiais de promoción da titulación, polo que se mantén activa a acción de mellora relativa á actualización de contidos na web.

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
----------------------------------	--

Evidencias nas que se baseou a valoración:
 E9: Páxina web da Universidade/Centro/Título (como mínimo, a información referida no Anexo II)
 QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:
 I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

III.3 Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Cabe sinalar que o centro de adscrición, a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, ten implantado o Sistema de Garantía Interno de Calidade, sistema que dispón de certificado FIDES-AUDIT, selo de calidade que pon de relevo a súa correcta implantación e a súa incidencia na continua mellora do centro e as súas titulacións.

Considérase oportuno destacar a implicación no desenvolvemento da titulación da Comisión de Calidade do centro, participando activamente na toma das decisións máis relevantes da titulación (como evidencia pódense consultar as actas da devandita Comisión).

Todas as evidencias de implantación do SGIC están dispoñibles nas correspondentes plataformas de recompilación de documentos. Algunhas evidencias tamén son de acceso público e se poden consultar na páxina web do centro.

Finalmente, en canto á valoración por parte do estudiantado do bloque relativo ao Sistema de Garantía de Calidade (SGC), baixou á 3 puntos, polo que se fai necesario un seguimento específico do indicador, dado que nos cursos anteriores a valoración foi boa..

Por parte do profesorado, o epígrafe “*Xestión da Calidade*” valórase con 4.5 puntos, feito que se valora positivamente.

Por parte das persoas tituladas a valoración do epígrafe relativo ao Sistema de Garantía de Calidade foi de 4.60 o que se valora positivamente.

Cabe sinalar que a titulación presentouse no curso 2022/2023 ao Selo EURACE; obtendo informe favorable (valoración B) con data 3 de maio de 2023 feito que se valora moi positivamente

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

- E5: Actas das reunións celebradas, polo menos dos 2 últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado cos acordos adoptados en cada reunión)
- E10: Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)
- E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e Información Pública)
- E12: Plans de mellora
- E13: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% de participación, resultados e a súa evolución...)
- E14: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

- I4: Resultados dos indicadores do SGC

III.4 Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En relación ao profesorado, cabe recordar que para configurar o cadro docente da titulación, procedeuse a habilitar o procedemento aprobado pola Comisión Académica da titulación (información dispoñible na acta da sesión da Comisión Académica celebrada o día 27 de febreiro de 2014). Cabo sinalar que desde o curso 2014/15 houbo lixeiras modificacións no cadro do profesorado debido a diferentes razóns: xubilación de profesorado ou non dispoñibilidade de profesorado para continuar como docentes da titulación. Nestes casos se habilita o mesmo procedemento antes descrito para cubrir esta docencia. En aplicación do procedemento de selección anteriormente descrito configúrase o persoal docente da titulación para cada curso e elabórase o correspondente Plan de Ordenación Docente (POD).

Considérase oportuno sinalar que a Comisión Académica valorou pertinente incorporar ao persoal da titulación profesorado con experiencia profesional e laboral acreditada, o que se traduciú na incorporación de docentes con este perfil no persoal docente do curso 2016/17 e seguintes.

En relación ao persoal docente, cabe indicar que se trata de persoal estable, que se mantén desde o comezo da impartición da titulación no 2014/15. En relación aos méritos do persoal (profesorado funcionario) cabe sinalar:

- Categorias profesionais: 5 CU +14 PTU: total de 19 profesores/as funcionarios/as. Ademais, o cadro conta con 1 PCD. O cadro permanente de profesorado está formado por 20 persoas.
- Quinquenios media de 4,6 quinquenios/profesor/a
- Sexenios de investigación e transferencia: media de 3,1 sexenios/profesor/a
- Programa DOCENTIA quinquenal: informe moi favorable ou excelente o 42% do profesorado.
- Mobilidade: no curso 2021/2022 participou o 44% do profesorado funcionario da titulación
- Sexenios reais fronte a potenciais: 89%

Os grupos de investigación aos que está adscrito o profesorado están vinculados ao CINTEX (Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais da UVIGO), centro formado por 10 grupos de investigación de diversas áreas. Na actualidade 7 dos seus grupos contan con recoñecemento da Xunta de Galicia como Grupos de Referencia Competitiva (GRC) e 3 como Grupos con Potencial de Crecemento (GPC). Cabe destacar os seguintes grupos nos que está integrado profesorado do máster.

- GESSMIN: Gestión Segura y Sostenible de recursos Minerales, <http://gessmin.webs.uvigo.es/gl/>. (GRC)
- GTE: Grupo de Tecnoloxías Enerxéticas, <http://gte.webs.uvigo.es/> (GRC)
- GEOTECH: Xeotecnoloxías Aplicadas, <http://geotech.webs.uvigo.es/en/> (GRC)
- BIOSUB. Grupo de Bioenxeñaría e procesos sostibles, <http://biosub.uvigo.es> (GRC)
- ENCOMAT: "ENxeñaría de CORrosión e MAteriais", <http://encomat.uvigo.es/>. (GPC)

A modo de conclusión, considérase que a titulación dispón de profesorado coa formación académica e investigadora adecuada ás necesidades formativas. Cabe sinalar a implicación do profesorado no desenvolvemento da titulación, participando activamente en todas as iniciativas que se propoñen.

Puntos febles detectados:

Non se identifican novos puntos febles

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou valoración:

- E15: Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área etc.)/ etc.). CV profesionais externos
- E16: Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado etc.)/ etc.)
- E17: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de avaliación da docencia (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

- I5: Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas
- I6: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas
- I7: Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos e número e porcentaxe de profesorado avaliado en total (suma de todas as convocatorias desenvolvidas na universidade)
- I8: Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)
- I13: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) ou PDA

III.5 Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

A escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía dispón dos recursos e espazos necesarios para o óptimo desenvolvemento da titulación. En canto á dispoñibilidade de recursos materiais non constan necesidades específicas de material ou recursos docentes que dificultaran a impartición da docencia en base ao establecido no proxecto formativo. Si se constatou certa limitación de dispoñibilidade de espazos docentes no centro que permita, ademais, garantir un horario máis compacto, motivo polo cal remitiuse á Dirección de centro un escrito solicitando espazos docentes para a titulación. No informe emitido desde a Xefatura de Estudos recompílase o estado actual dos espazos docentes para a titulación e como se suscita abordar unha solución adecuada.

Actividades de orientación

En relación ás actividades de orientación, tomando como referencia as actividades de orientación que figuran na memoria de verificación, pódense distinguir dous tipos de actividades de orientación:

- As que se ofertan desde os servizos centrais da Universidade para todo o estudantado matriculado, que permanecen activas e a disposición do estudantado tal como consta na memoria de verificación.
- As que se realizan directamente a nivel de centro ou de titulación. Realizáronse todas as actividades previstas, tal como recóllese na correspondente evidencia do SGIC.

Conclúese que as actividades de orientación estanse desenvolvendo de acordo ao indicado na memoria de verificación, habéndose reforzado con outras actividades complementarias. Diferénciase entre as actividades que teñen como obxectivo orientar ao estudante durante a realización dos estudos e as dirixidas á orientación da actividade profesional. En canto á implantación do PAT, considérase que está funcionando en base aos obxectivos fixados.

En canto á valoración do ítem "I23 Índice de satisfacción cos recursos materiais e servizos", acádanse os valores obxectivo para profesorado (4.76), persoas tituladas (4.44) e PAS (4.13). No caso do estudantado o valor é próximo a meta (3), pero inferior (2.88).

En canto ás actividades de orientación cabe sinalar que o centro fixo un esforzo importante en relación as actividades de orientación académica e profesional. Todas as actividades realizadas ao longo do curso están recollidas no rexistro "Informe final de avaliación do Plan de Acción Titorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (PAT-ANEAE)". En relación aos resultados das enquisas de satisfacción coa titulación cabe sinalar que o indicador "I24-1 Satisfacción do estudantado coa orientación recibida no centro" acádase totalmente a meta, e ademais desde os últimos tres cursos. A valoración por parte do estudantado é 4.5, e persoas tituladas 4.17, resultados que se valoran moi positivamente.

En canto ás prácticas externas a relación de empresas nas que se realizan as prácticas externas é ampla e abarca todos os ámbitos de traballo da enxeñaría de minas.

Considérase oportuno sinalar a forte implicación que teñen no desenvolvemento da titulación o tecido empresarial e industrial do ámbito xeográfico da Universidade de Vigo, que se traduce nas seguintes accións:

- Colaboración das empresas para realizar visitas co estudantado.
- Colaboración das empresas na realización de prácticas externas curriculares.
- Colaboración e implicación do Colexio de Enxeñeiros de Minas do Noroeste de España. A implicación do Colexio é determinante no desenvolvemento da titulación e abarca desde: (i) apoio económico (dotación do Premio ao Mellor Expediente da titulación, financiamento da viaxe de estudos, financiamento para realización de entrevistas de traballo a persoas egresadas), (ii) orientación aos estudantes (realización de conferencias e charlas sobre o exercicio da profesión), (iii) formación (realización de numerosos cursos e xornadas técnicas, dotación de becas para asistir a cursos de formación) e (iv) vida académica (os representantes do Colexio participan activamente nas actividades do centro (Actos de Graduación, actividades organizadas en Santa Bárbara, etc.).
- Participación nos órganos colegiados do centro. En particular cabe destacar a participación de persoas representantes das persoas empregadoras na Comisión de Calidade do centro.

Finalmente, e non menos importante, é de resaltar a intensa actividade que desenvolven os grupos de investigación aos que pertence o profesorado da titulación no ámbito da enxeñaría de minas, traducíndose en produción de investigación e transferencia no ámbito e tamén en por a disposición do proxecto formativo recursos materiais para o desenvolvemento de TFM.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

- E13: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)
- E18: Información sobre os recursos materiais directamente vinculados co título

E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida ou plan de acción tutorial
E20: Listaxe dos centros /entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares
E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
E22: Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas (ligazón)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I9: Distribución de alumnado por centros de prácticas

I13: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) ou PDA

III.6 Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

En canto á valoración por parte das persoas egresadas de resultados da titulación cabe sinalar os resultados correspondentes aos seguintes ítems: (i) “A formación adquirida” (4.33) e (ii) e “A utilidade da formación recibida para a carreira profesional” (4.0), o que se valora moi positivamente.

O indicador “I10-3 Taxa de eficiencia”, aínda que non acada o valor meta (90%) acada un valor próximo (84%).

“I10-4 Taxa de rendemento”. O valor da taxa de rendemento no curso 2022/2023 (64%) mantense en valores similares aos do curso 2021/2022 (70%), pero non acada o valor meta (80%).

O valor do indicador “I10-5 Taxa de éxito” é do 82% no curso 2022/2023, moi próximo ao valor obxectivo (90%).

O valor do indicador “I10-6 Taxa de avaliación” é do 78% no curso 2022/2023, superando o valor obxectivo 50%, resultado que se valora moi positivamente.

En relación ao “I10-2 Taxa de abandono CURSA” a taxa no curso 2022/2023 mantívose no 17%, polo que se acada o valor obxectivo (<10%).

En relación á taxa de graduación, indicador “I10-1 Taxa de graduación”, cabe sinalar que no curso 2022/2023 a taxa de graduación foi de 67%, por debaixo do valor obxectivo (>80%), pero mellorou lixeiramente desde o curso anterior (60%)

Co obxectivo de acadar os valores meta nos indicadores de todos os sub-indicadores de resultados, declárase unha acción de mellora, consistente en empregar e implantar metodoloxías docentes específicas e que, de ser posible, abarquen a varias materias da titulación.

En canto aos datos de inserción laboral dispónse dos datos máis actualizados (informe realizado polo proxecto “Ingreso, rendemento académico e egreso das mulleres nos graos de enxeñaría da Universidade de Vigo”) dos que cabe resaltar:

- O 85% das persoas enquisadas está traballando na actualidade, todas elas a tempo completo, e destas o 95% está traballando nun ámbito relacionado cos estudos do máster.
- O tempo transcorrido dende a finalización dos estudos ata a incorporación ao mercado laboral foi moi curto (1 a 6 meses) nun 87% dos casos.
- O grao de satisfacción é entre 5 e 8 para o 60% e entre 9 e 10 para o 20%.

A modo de conclusión, considérase que os valores que arrojan os rendementos académicos das materias son coherentes co establecido na memoria de verificación e o establecido na Política de Calidade do centro para a titulación. En canto á empregabilidade das persoas egresadas, considérase que, en base aos datos dispoñibles ata a data, aínda non é posible extraer conclusións definitivas respecto diso. A participación e implicación do tecido empresarial e industrial no desenvolvemento da titulación valórase como un factor determinante para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto formativo. Neste sentido considérase oportuno intensificar e potenciar a relación con este tecido empresarial e industrial, ben a través dos grupos de investigación, ben a través do Colexio profesional.

Prácticas Externas (curriculares)

En canto á materia “Prácticas Externas”, trátase dunha materia de carácter curricular, de carácter obrigatorio na titulación. No curso 2022/2023 todo o estudantado²⁸ realizou as prácticas sen incidencia.

